



BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT

O CASO DE CHARLES DEXTER

WARD



BIBLIOTECA HP. LOVECRAFT



O CASO DE CHARLES DEXTER

WARD

O caso de Charles Dexter Ward

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o [Pocketbook reader](#).

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámonos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas

útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

Como non podía ser doutro xeito, todo ten que chegar ao seu final e este é o derradeiro capítulo da Biblioteca Lovecraft. Porén, citando a Abdul Alhazred e eses versículos do aborrecido *Necronomicon*, «non está morto o que eternamente pode xacer», así que malia que con este volume fechamos unha grande e importante etapa da relación entre Urco Editora e H.P. Lovecraft, se cadra no futuro, das profundidades sen luz das nosas mentes enfermas xurdan máis cousas, igual que as vastas ruínas de R'lyeh saíron do medio do Pacífico.

Como xe se comentou nalgún outro limiar, a nosa intención con esta antoloxía era ofrecer unha narrativa completa adobiada con algo máis —esa «gornición» acabou sendo un libro de sonetos e mais un ensaio—. Non obstante, ao longo de todo o extenso e complexo proceso de edición, fómonos decatando da imposibilidade de utilizar o adxectivo «completa» no caso da produción lovecraftiana. Se o colocamos xunto co substantivo «obra», a mentira sería de dimensións cósmicas, pois hai moita máis poesía, ensaio e, especialmente, unha vastísima colección de cartas, que recollemos brevemente no anterior volume a modo de mostra. Se nos quedamos con «narrativa», malia que a mentira sería máis perdoábel, tamén estaríamos a tomar demasiadas licenzas. Por unha banda, como se acaba e comentar, está esa enorme colección de epístolas, moitas delas que conteñen relatos breves. En segundo lugar, hai todo un corpus de textos da primeira xuventude que o propio Lovecraft se encargou de eliminar pero dos que nos chegaron algunhas cousas. En terceiro lugar, existe certa produción marxinal de tipo

satírico ou paródico que á hora de crear esta biblioteca decidimos deixar a un lado. Por último, e non por iso menos importante, está a cuestión do límite: onde acaba Lovecraft e comezan os seus colaboradores? No volume VII, por exemplo, presentamos unha novela curta escrita a catro mans con E.H. Price porque así todo o conxunto do volume adquiriría moito máis sentido. Porén, hai moita máis produción compartida, tanto obras escritas a medias de maneira voluntaria como pastiches póstumos dos seus editores a partir de resumos e fragmentos. O tallo entre o que é Lovecraft e o que non xamais podería ser limpo e a decisión será sempre, por forza, errada.

Como se pode ver, a cuestión é complexa e por tanto, este volume non é unha lápida, senón un relanzo dentro dunha longa e sinuosa escaleira.



Explicadas as decisións editoriais, fosen estas atinadas ou non, lanzada tamén a ameaza dun retorno por parte de Urco ás fértiles terras de Nova Inglaterra, toca agora falar da obra que se presenta a continuación: *O caso de Charles Dexter Ward* ('*The Case of Charles Dexter Ward*').

Para comezar, hai que poñer sobre a mesa dúas cuestións fundamentais sobre ela. A primeira, que é unha novela longa, das que Lovecraft só escribiu tres na súa vida (*Nas montañas da loucura* e *Na procura soñada de Kadath a descoñecida* son as dúas que faltan). A segunda, e se cadra relacionada coa primeira, é que esta obra non se publicou durante a vida do autor, non por negativa dos editores, senón porque o propio Lovecraft a tiña en pouca consideración.

Voume permitir un breve apuntamento biografista. Quen leu xa outros limiares de quen asina, saberá ben da miña cruzada particular

contra as análises desta clase. Así e todo desta volta farei unha pequena excepción para contextualizar o momento creativo. A novela escribiuse en 1927, nun momento en que Lovecraft retornaba a Providence absolutamente derrotado por Nova York. Comparte con *A procura soñada de Kadath a descoñecida*, ademais de ano, esas longas descrições da súa vila natal ao solpor, dos seus tellados, bufardas e campanarios. Ambas as dúas obras zumegan unha nostalxia real e case sólida. Nesta novela en concreto hai unha descripción do que sente Ward ao volver a Providence logo dunha longa estadía en Europa. Non resulta difícil imaxinar a un Lovecraft afundido económica e moralmente chegar no tren á súa vella cidade e sentir dalgún xeito esa antiga calor da infancia. Desta maneira, *The Case of Charles Dexter Ward* sería case como unha especie de terapia, unha obra que xa desde o primeiro momento estaba condenada a non se publicar (lembremos que o formato tan longo era extremadamente difícil de sacar á luz na era dos pulps), pero que se escribe igualmente para conter e reter no papel todo un conxunto de pensamentos, ideas e sentimentos arredor do pasado o presente e o futuro.

Quen leu outros limiares de quen asina, saberá tamén da miña teima cos críticos que pretenden ver tres grandes ciclos ou bloques, coincidentes con épocas da súa vida: os contos macabros, o ciclo do soño e o ciclo de Cthulhu. Se cadra esta novela é un dos mellores exemplos dese erro histórico na crítica lovecraftiana. Quizais *The Case of Charles Dexter Ward* é o elo perdido que tira por terra esa clase de disección carniceira.

Falouse xa outras moitas veces de «vectores» que inciden na obra do Solitario de Providence, e que eses vectores son máis ou menos fortes nunha época, teñen cruzamentos, conflúen, diverxen etc. Isto non é

único de Lovecraft nin moito menos. De feito, se analizamos a obra completa de calquera artista podemos ver esta clase de movementos.

Pois ben, nesta obra o vector gótico é fortísimo, tanto que por momentos lembra enormemente a «Count Magnus» de Montague Rhodes James ou a algunhas das obras de Hawthorne, tamén paisano de Lovecraft. O xuízo de bruxaría de Salem é un tema fundamental, como tamén o é a alquimia e o saqueo de tumbas. A novela encaixa moi ben dentro da época dos Contos Macabros, como non.

En paralelo a todo isto, non é difícil encaixar a novela dentro dos «Mitos de Cthulhu». Existe un terror materialista e cósmico, unhas entidades convocadas a través de métodos científicos ou paracientíficos. As referencias a Yog-Sothoth son constantes, igual que ao *Necronomicon*. Se un seareiro do biografismo lle suma que «A chamada de Cthulhu» se escribiu un ano antes, daquela seríalle doado argumentar de maneira sólida que a obra que nos ocupa é unha peza dos citados Mitos.

Pero claro, resulta que un dos protagonistas tiña un amigo soñador chamado Randolph Carter que lle falara do Signo de Koth, ese relevo cicelado sobre algúns portais do país do soño. E non comentei antes que *The Dream-Quest of Unknown Kadath*, cuxo protagonista é ese tal Carter, se escribiu poucos meses antes que *The Case of Charles Dexter Ward*?

Amigas e amigos, eis un verdadeiro cisma, unha discusión que nin sequera a era dos smartphones con acceso á Wikipedia pode solucionar. Eis unha pelexa de bar que só se pode comparar a cando se discute sobre a que subxénero do Metal pertence un grupo ou outro, ou sobre se *Alien* de Ridley Scott é en realidade unha película de Ciencia Ficción ou de Terror.

É o que teñen todas as cousas boas e interesantes, que admiten lecturas e opinións, que flúen, que nos inspiran e que non se poden meter nun molde. Hai quen precisa etiquetalo todo para entender a realidade. Hai quen non pode durmir sen que lle dean a razón en que unha banda toca *glam-sleazy-viking-classic-metal*. Houbo quen dixo un día que Lovecraft ten tres etapas diferenciadas chamadas «Contos Macabros», «Ciclo do Soño» e «Ciclo de Cthulhu» e seguro que logo botou unha soneca tremenda despois de afirmar algo así coa boca tan grande. Eu, pola miña banda, prefiro durmir mal e deixar a cousa nun «ninguén ten razón, nin sequera eu». Trabucarse é humano, pero dubidar éo moito máis.

The Case of Charles Dexter Ward é, daquela, un perfecto resumo dun cosmos ideolóxico e literario complexo e cambiante. Se cadra o feito de concibirse como novela e de non adaptarse aos corsés clásicos do pulp axudase a que todo o conxunto de ideas e vectores confluísen nas súas páxinas dunha maneira máis libre e orgánica. Non existe unha adscrición clara a un «ciclo», en primeiro lugar porque os «ciclos» non existen, son constructos posteriores de determinados críticos, e en segundo lugar porque non hai necesidade de vender a un público determinado. Para quen asina este limiar esta non é mellor obra e Lovcraft, pero se cadra é coa que mellor se pode resumir o conxunto da súa produción literaria e onde podemos encontrar máis riqueza de elementos do plano espiritual como a loucura, a tristeza máis profunda ou o desamparo ante un cosmos hostil.



E xa para ir rematando este breve texto introdutorio, só un dato curioso sobre a historia da publicación desta novela que está a piques de

comezar e unha brevísima reflexión final para fechar o círculo desta colección. Como se comentou máis arriba, *The Case of Charles Dexter Ward* non se chegou a publicar en vida de Lovecraft, pois el non a tiña en grande estima. Tiveron que ser Derleth e Wandrei quen porfiasen en levala ás páxinas de *Weird Tales*, iso si, nunha versión abreviada, no ano 1941. Foron tamén Derleth e Wandrei quen publicaron a versión completa na súa editorial Arkham House, dentro da magna colección *Beyond the Wall of Sleep*.

Non deixa de ser curioso que o mesmo Derleth (falo de August Derleth, escritor membro do círculo de Lovecraft e depositario dos seus dereitos) fose o primeiro gran «clasificador» da súa obra, o primeiro diseccionador, que se dedicou a pór orde nun lugar onde non existía, pois a narrativa lovecraftiana bebe das fontes mesmas do caos, ese caos do que el dicía que habitaba no corazón do universo. Pode parecer unha enorme contradición ser o máis importante defensor da obra do Mestre e ao mesmo tempo o primeiro e maior terxiversador da mesma. Quizais sexa simplemente que a natureza é estraña e retorta e que hai que crer nese *quod me nutrit me destruit*. Grazas e por culpa de editores como Derleth existen persoas que debaten en librarías especializadas sobre os Deuses Primixenios e os Deuses Arquetípicos, seguramente sen ler xamais un relato de Lovecraft e, obviamente, sen saber que el nunca falou de categorías tales. Grazas e por culpa de xente así, existe toda unha lexión de neo-cultistas que en realidade son consumidores ávidos de xogos, banda deseñada e merchandising, cuxo dispendio económico dá tamén de comer a artistas da ilustración, da escultura, da escrita etc. Grazas e por culpa de editores desa clase, o sentido primario e filosófico da obra de Lovecraft dilúese máis e máis nun océano de novas etiquetas e produtos comerciais, que chegan a moitísima xente e axudan así a que

moitas persoas entren en contacto coa obra do Solitario e a que algunhas delas poidan chegar a lela e admirala.

En definitiva, grazas e por culpa de August Derleth e outros coma el existe esta Biblioteca Lovecraft en lingua galega. Agora que chega á súa fin, cando menos nós tomaremos a mesma senda que o Mestre e animaremos a toda aquela persoa que se achegue a estes textos a que os lea, que os comparta, que os faga seus. Entrementres, fechamos o pesado selo sobre as nosas cabezas e marchamos durmir á cidade de R'lyeh, onde o finado Cthulhu agarda soñando.

Ph'nglui mglw'nafh Cthulhu R'lyeh wgah'nagl fhtagn



CAPÍTULO I UN RESULTADO E UN PRÓLOGO

I

D unha clínica particular para enfermos mentais situada preto de Providence, Rhode Island, desapareceu recentemente unha persoa de características moi notábeis. Respondía ao nome de Charles Dexter Ward e fora recluída alí de mala gana polo seu entristecido pai, testemuña do desenvolvemento dunha aberración que, se nun principio non pasou de simple excentricidade, co tempo acabou por se tornar en teima perigosa, que implicaba a posíbel existencia de tendencias homicidas e un cambio peculiar nos contidos manifestos da mente. Os médicos confesan o desconcerto que lles produciu aquel caso, dado que presentaba ao mesmo tempo anomalías de carácter fisiolóxico e psicolóxico.

En primeiro lugar, o paciente, de vinte e seis anos, aparentaba moita máis idade da que tiña. É certo que os trastornos mentais provocan un avellentamento prematuro, pero o rostro daquel mozo adquirira a expresión que en circunstancias normais só posúen as persoas de idade moi avanzada. En segundo lugar, os seus procesos orgánicos mostraban un estraño desequilibrio, sen igual na historia da medicina. O sistema respiratorio e o corazón actuaban con desconcertante falta de simetría, a voz era un murmurio apenas audíbel, a dixestión era incrivelmente prolongada e as reaccións nerviosas aos estímulos normais non gardaban a menor relación con nada do

rexistrado até entón, nin normal nin patolóxico. A pel tiña unha frialdade morbosa e a estrutura celular dos tecidos era esaxeradamente basta e pouco coherente. Mesmo un gran lunar de cor olivácea que tiña na cadeira desde o nacemento desaparecera mentres se formaba no seu peito unha estraña verruga ou mancha denegrada. En xeral, todos os médicos coinciden en afirmar que os procesos do metabolismo sufriran en Ward un cambio sen precedentes.

Do punto de vista psicolóxico Charles Ward tamén era un caso único. A súa tolemia non gardaba a menor semellanza con ningunha das manifestacións da alienación rexistradas nos tratados máis recentes e exhaustivos sobre o tema e acabou creando nel unha enerxía mental que o convertería nun xenio ou un líder de non asumir aquela forma estraña e grotesca. O doutor Willett, médico da familia, afirma que a capacidade mental do paciente, a xulgar polas súas respostas a temas alleos á esfera da súa demencia, aumentara desde a súa reclusión. Ward, é certo, foi sempre un erudito entregado ao estudo de tempos pasados, pero nin o máis brillante dos traballos que levara a cabo até entón revelaba a prodixiosa intelixencia que despregou durante o curso dos interrogatorios aos que o someteron os alienistas. De feito, a mente do mozo parecía tan lúcida que foi en extremo difícil conseguir un mandamento legal para a súa reclusión, e unicamente o testemuño de varias persoas relacionadas co caso e a existencia de lagoas anormais no acervo dos seus coñecementos permitiron o seu internamento. Até o momento da súa desaparición foi un voraz lector e un gran conversador na medida en que llo permitía a debilidade da súa voz, e perspicaces observadores, sen prever a posibilidade da súa fuxida, predicían que non tardaría en saír da clínica, curado.

Unicamente o doutor Willett, que assistira a nai de Ward cando este veu ao mundo e viuno crecer física e espiritualmente desde entón, parecía asustado ante a idea da súa futura liberdade. Pasara por unha experiencia terríbel e fixera un descubrimento arrepiante que non se atrevía a revelar aos seus escépticos colegas. En realidade, Willett representa por si propio un misterio de menor entidade no que afecta á súa relación co caso. Foi o último en ver o paciente antes da súa fuxida e saíu daquela conversa final cunha expresión, mestura de horror e de alivio, que máis dun lembrou tres horas despois, cando se coñeceu a noticia da fuxida. É este un dos enigmas sen resolver da clínica do doutor Waite. Unha xanela aberta a unha altura de case vinte metros do chan non parece obstáculo doado de salvar, pero o certo é que despois daquela conversa con Willett, o mozo desaparecera. O propio médico non sabe que explicación ofrecer, aínda que, por raro que pareza, está agora moito máis tranquilo que antes da fuxida. Algúns, ben é certo, teñen a impresión de que a Willett lle gustaría falar, pero que non o fai por temor a non ser crido. O viu a Ward no seu cuarto pero pouco despois da súa partida os enfermeiros chamaron á porta en balde. Cando a abriron, o paciente desaparecera e o único que atoparon foi a xanela aberta e unha fría brisa primaveral que arrastraba unha nube de po gris azulado que case os asfixiou. Si, os cans ouvearan pouco antes, pero iso ocorreu mentres Willett se achaba aínda presente. Máis tarde non mostraran a menor inquietude. O pai de Ward foi informado decontado por teléfono do sucedido, pero demostrou máis tristeza que asombro. Cando o doutor Waite o chamou persoalmente, Willett falara xa con el e ambos os dous negaron ser cómplices da fuxida nin ter coñecemento dela. Os únicos datos que se puideron recoller sobre o acontecido proceden de amigos moi íntimos de Willett e do pai de

Ward, pero son demasiado desatinados e fantásticos para que ninguén poida darlles creto. O único dato positivo é que até o momento presente non se atopou rastro do tolo desaparecido.

Charles Ward afeccionouse ao pasado xa na súa infancia. Sen dúbida o gusto víñalle da venerábel cidade que o rodeaba e das reliquias de tempos pretéritos que enchían todos os recunchos da mansión dos seus pais situada en Prospect Street, na crista do outeiro. Cos anos aumentou a súa devoción polas cousas antigas até o punto de que a historia, a xenealoxía e o estudo da arquitectura colonial acabaron excluindo todo o demais da esfera dos seus intereses. Cómpre ter en conta esas afeccións ao considerar a súa tolemia, xa que aínda que non forman o núcleo absoluto desta, representan un importante papel na súa forma superficial. As lagoas mentais que os alienistas observaron en Ward estaban relacionadas todas con materias modernas e quedaban contrapesadas por un coñecemento do pasado que parecía excesivo, posto que nalgúns momentos díxose que o paciente se trasladaba literalmente a unha época anterior a través dunha especie de autohipnose.

O máis raro era que Ward ultimamente non parecía interesado nas antigüidades que tan ben coñecía, como se a súa prolongada familiaridade con elas as desposuíse de todo o seu atractivo, e que os seus esforzos finais tenderon sen dúbida a coñecer aqueles feitos do mundo moderno que dun modo tan absoluto e indiscutíbel desterrara do seu cerebro. Procuraba ocultalo, pero todos os que o observaron puideron decatarse de que o seu programa de lecturas e conversas estaba presidido polo frenético desexo de enchouparse do coñecemento do seu propio tempo e das perspectivas culturais do século vinte, perspectivas que debían ser as súas, posto que nacera en 1902 e se

educara en escolas da nosa época. Os alienistas pregúntanse agora como fará o paciente para moverse no complicado mundo actual tendo en conta o seu desfase de información. A opinión que prevalece é que permanecerá nunha situación humilde e escura até que consiga pór ao día a súa reserva de coñecementos.

Os comezos da tolemia de Ward son obxecto de discusión entre os alienistas. O doutor Lyman, eminente autoridade de Boston, sitúaos entre 1919 e 1920, anos que corresponden ao último curso que seguiu o mozo Ward na Moses Brown School. Foi entón cando abandonou de súpeto o estudo do pasado para se dedicar ás ciencias ocultas e cando se negou a prepararse para o ingreso na universidade poñendo como pretexto que tiña que levar a cabo investigacións privadas moito máis importantes. Os seus costumes sufriron na altura un cambio radical, pois pasou a dedicar todo o seu tempo a revisar os arquivos da cidade e a visitar antigos cemiterios en busca dunha tumba aberta en 1771, a do seu antepasado Joseph Curwen, algúns de cuxos documentos dicía que se encontraban tras o revestimento de madeira das paredes dunha casa moi antiga situada en Olney Court, casa na que Curwen vivira. Non se pode negar que durante o inverno de 1919-20 operouse unha gran transformación nel. A partir de entón interrompeu bruscamente os seus estudos e lanzouse de cheo a un desesperado interese por temas de ocultismo, locais e xerais, sen renunciar á persistente procura da tumba do seu antepasado. Así e todo, o doutor Willett discrepa substancialmente desa opinión baseando o seu veredicto no íntimo e continuo contacto que mantivo co paciente e en certas investigacións e descubrimentos que levou a cabo nos últimos días da súa relación con el. Aquelas investigacións e aqueles descubrimentos deixaron no médico unha pegada tan profunda que a súa voz treme cando fala deles

e a súa man vacila cando trata de poñelos por escrito. Willett admite que, en circunstancias normais, o cambio de 1919-1920 sinalaría o principio da decadencia progresiva que había culminar na triste tolemia de 1928, pero, baseándose en observacións persoais, cre que neste caso debe facerse unha distinción máis sutil. Recoñece que o raparigo era por temperamento desequilibrado, en extremo susceptíbel e anormalmente entusiasta nas súas respostas aos fenómenos que tiña arredor, pero négase a admitir que aquela primeira alteración sinalase o verdadeiro paso da cordura á demencia. Pola contra, dá crédito á afirmación do propio Ward de que descubrira ou redescubrira algo cuxo efecto sobre o pensamento humano sería, probabelmente, marabilloso e profundo. Willett estaba convencido de que a verdadeira tolemia chegou cunha mudanza posterior, despois de que descubriese o retrato de Curwen e os documentos antigos, despois de que fixese aquela longa viaxe a exóticos lugares do estranxeiro e de que recitase unhas invocacións terribes en circunstancias nada comúns e secretas, despois de que recibise certas respostas a aquelas invocacións e de que escribise unha carta desesperada en circunstancias angustiosas e inexplicábeis, despois da vaga de vampirismo e dos ominosos murmuros de Pawtuxet, e despois de que o paciente comezase a desterrar da súa memoria as imaxes contemporáneas á vez que a súa voz decaía e o seu aspecto físico experimentaba as sutís modificacións que tantos observaron posteriormente.

Só naquela última época, afirma Willett con grande agudeza, o estado mental de Ward adquiriu caracteres de pesadelo. Di tamén o doutor estar totalmente seguro de que existen probas suficientes que validan a pretensión do mozo no que afecta ao seu crucial descubrimento. En primeiro lugar, dous obreiros de grande intelixencia

foron testemuñas do achado dos antigos documentos de Curwen. En segundo lugar, o mozo ensináralle nunha ocasión aqueles documentos, ademais dunha páxina do diario do seu antepasado, e todo iso parecía auténtico. O oco onde Ward dixerá atopalos é unha realidade visíbel e Willett tivera ocasión de botarlles unha rápida ollada final en paraxes cuxa existencia resulta difícil de crer e talvez nunca poida demostrarse. Logo estaban os misterios e coincidencias das cartas de Orne e Hutchison, o problema da caligrafía de Curwen e o que os detectives descubriron arredor do doutor Allen, todo isto mais a mensaxe arrepiante en caracteres medievais que Willett atopou no peto cando recobrou o coñecemento despois da súa experiencia. E aínda había algo máis, a proba máis concluínte de todas. Existían dous espantosos resultados que o Doutor obtivera de certo par de fórmulas durante as súas investigacións finais, resultados que probaban virtualmente a autenticidade dos documentos e as súas monstruosas implicacións, ao mesmo tempo que os negaba para sempre ao coñecemento humano.

A infancia e mocidade de Charles Ward pertencen ao pasado tanto como as antigüidades que tan profundamente amou. E o outono de 1918 e demostrando un considerábel gusto polo adestramento militar dese período, Ward matriculouse na Moses Brown School, que estaba moi preto da súa casa. O antigo edificio central da academia, erixido en 1819, atraéao sempre, e o espazoso parque en que se erguía satisfacía por completo a súa afección ás paisaxes. As súas actividades sociais eran escasas. Pasaba a maior parte das horas na casa, paseando, asistindo a clases e exercicios de adestramento, e buscando datos arqueolóxicos e

xenealóxicos no Concello, a Biblioteca pública, o Ateneo, os locais da Sociedade Histórica, as bibliotecas John Carter Brown e John Hay da Universidade de Brown, e na Biblioteca Shepley, recentemente inaugurada en Benefit Street. Podemos imaxinalo tal como era nesa época: alto, delgado e louro, lixeiramente corcovado e de mirada pensativa. Vestía con algo de desleixo e producía unha impresión máis de inofensiva torpeza que de falta de atractivo.

Os seus paseos eran sempre aventuras no campo da antigüidade e no curso delas conseguía extraer dos milleiros de reliquias da espléndida cidade antiga un cadro vívido e coherente dos séculos anteriores. O seu fogar era unha gran mansión de estilo xeorxiano edificada no cumio do outeiro que se alza ao leste do río e desde cuxas xanelas traseiras se albiscan os capiteis, as cúpulas, os tellados e os rañaceos da parte baixa da cidade, do mesmo xeito que os outeiros púrpura que se erguen lonxe no campo. Nesa casa naceu e a través do belo pórtico clásico da súa fachada de tixolo vermello sacábao a aia de paseo no seu carriño. Pasaban xunto ao pequeno casal branco construído douscentos anos antes e integrado había tempo na cidade. Pasaban, sempre ao longo daquela rúa suntuosa, xunto a mansións de tixolo e casas de madeira adornadas con soportais de pesadas columnas dóricas que durmían, seguras e luxosas, entre xenerosos patios e xardíns, e continuaban en dirección aos imponentes edificios da universidade. Paseaban tamén ao longo da somnolenta Congdon Street, situada algo máis abaixo na aba do outeiro e flanqueada por edificios orientados a levante e asentados sobre altas terrazas. As casas de madeira eran alí máis antigas, xa que a cidade había ir estendéndose aos poucos desde a chaira até as alturas, e naqueles paseos Ward fórase enchoupando do colorido dunha fantástica cidade colonial. A aia adoitaba deterse e sentar nos bancos de

Prospect Terrace a parolar cos gardas e un dos primeiros recordos do neno era a visión dun gran mar que se estendía cara a occidente, un mar de tellados e cúpulas e outeiros afastados que unha tarde de inverno contemplara desde aquela terraza e que se destacaba, violento e místico, contra unha posta de sol febril e apocalíptica chea de vermellos, de dourados, de púrpuras e de estrañas tonalidades de verde. Unha silueta masiva resaltaba entre aquel océano, a vasta cúpula de mármore do edificio da Cámara Lexislativa, coa estatua que a coroaba rodeada dun halo fantástico formado por un pequeno claro aberto entre as nubes multicolor que sucaban o ceo ardente do crepúsculo.

Cando medrou empezaron os seus famosos paseos, primeiro coa súa aia, impacientemente arrastrada, e logo só, afundido en soñadora meditación. Cada vez aventurábase un pouco máis aló por aquel outeiro case perpendicular e cada vez alcanzaba niveis máis antigos e fantásticos da vella cidade. Baixaba por Jenckes Street, bordeada de paredes negras e frontispicios coloniais, até a esquina da sombriza Benefit Street onde se detiña fronte a un centenario edificio de madeira, coas súas dúas portas flanqueadas por pilastras xónicas. A carón alzábase unha casiña de campo de enorme antigüidade, tellado estilo holandés e xardín que non eran máis que os restos dunha primitiva horta, e ao outro a mansión do xuíz Durfee, cos seus derrubados vestixios de grandeza xeorxiana. Aqueles barrios ían converténdose lentamente en suburbios, pero os umeiros xigantescos proxectaban sobre eles unha sombra anovadora e así o raparigo gustaba de pasear polas rúas, en dirección ao sur, entre as longas ringleiras de mansións anteriores á Independencia, coas súas grandes chemineas centrais e os seus soportais clásicos. Charles podía imaxinar aqueles edificios tal como eran cando a rúa era nova, coloreados os frontóns cuxa ruína era agora evidente. Contra o

oeste o descenso era tan abrupto como cara ao sur. Por alí baixaba Ward á antiga Town Street, que os fundadores da cidade abriran ao longo da beira do río en 1636. Había naquela zona innumerábeis quellas onde se amoreaban as casas de inmensa antigüidade, pero, malia a fascinación que sobre el exercían, tivo que pasar moito tempo antes de que se atrevese a percorrer a súa arcaica verticalidade por medo a que resultasen ser un soño ou a porta de entrada a terrores descoñecidos. Parecíalle moito menos arriscado continuar ao longo de Benefit Street e pasar xunto ao enreixado de ferro da oculta igrexa de San Xoán, a parte traseira do Concello edificado en 1761, e a ruínosa pousada da Bóla de Ouro, onde un día se aloxara Washington. En Meeting Street —a famosa Gaol Lane e King Street de épocas posteriores—, detíñase e volvía a mirada ao leste para ver o arqueado voo de chanzos de pedra a que tivera que recorrer o camiño para rubir pola aba, e logo cara ao oeste, para contemplar a antiga escola colonial de tixolo que sorrí a través da calzada ao busto de Shakespeare, que adorna a fachada do edificio onde se imprimiu, en días anteriores á Independencia, a *Providence Gazette and Country Journal*. Logo chegaba á exquisita Primeira Igrexa Baptista, construída en 1775, co seu inigualábel campanario, obra de Gibbs, rodeado de tellados xeorxianos e cúpulas que parecían flotar no ar. Desde aquel lugar, en dirección ao sur as rúas ían mellorando de aspecto até florecer, á fin, nun marabilloso grupo de mansións antigas, pero cara ao oeste, as vellas canellas seguían precipitándose costa abaixo, espectrais no seu arcaísmo, até afundirse nun caos de ruínas multicolores alí onde o barrio do antigo porto lembraba o seu orgulloso pasado de intermediario coas Indias Orientais, entre miseria e vicios políglotas, entre barracóns decrepitos e almacéns noxentos, entre numerosos canellóns que sobreviviron aos embates do

tempo e que aínda levan os nomes de Correo, Lingote, Ouro, Prata, Moeda, Dobrón, Soberano, Libra, Dólar e Centavo.

Mais tarde, unha vez que medrou e se tornou máis aventureiro, o mozo Ward comezou a penetrar naquel labirinto de casas medio derrubadas, linteis rotos, banzos roídos, balaustradas retortas, rostros oliváceos e cheiros sen nome. Percorría as canellas cobregueantes que conducían de South Main a South Water, esculcando os peiraos onde aínda tocaban os vapores que cruzaban a baía, e volvía cara ao norte deixando atrás os almacéns construídos en 1816 cos seus tellados aguzados e chegando á ampla praza da Ponte Grande onde continúa firme sobre os seus vellos arcos o mercado edificado en 1773. Naquela praza detíñase extasiado ante a abraiante beleza da parte oriental da cidade antiga que coroa a vasta cúpula da nova igrexa da Christian Science igual que coroa Londres a cúpula de San Pablo. Gustáballe chegar alí á tardiña cando os raios do sol poñente tocan os muros do mercado e os tellados centenarios, envolvendo en ouro e maxia os peiraos soñadores onde outrora fondeaban as naves dos indios de Providence. Tras unha prolongada contemplación embebedábase con amor de poeta ante o espectáculo, e naquel estado emprendía o camiño de regreso á luz incerta do solpor subindo lentamente o outeiro, pasando xunto á vella igrexa branca e percorrendo rúas empinadas onde os últimos reflexos do sol enxergaban desde os cristais das xanelas e as primeiras luces dos farois guindaban o seu resplandor sobre dobres tramos de banzos e estrañas balaustradas de ferro forxado.

Outras veces, sobre todo en anos posteriores, prefería buscar contrastes máis vivos. Dedicaba a metade do seu paseo aos barrios coloniais medio destruídos, situados ao noroeste da súa casa, alí onde o outeiro descende até a pequena meseta de Stampers Hill, co seu ghetto e

o seu barrio negro apegados arredor da praza de onde partía a dilixencia de Boston antes da independencia, e a outra metade ao belo reino meridional das rúas George, Benevolent, Power e Williams, onde permanecen inmutábeis as antigas propiedades rodeadas de pequenos xardíns cercados e pradarias empinadas en que repousan tantos e tantos recordos. Aqueles paseos e os dilixentes estudos que os acompañaban, contribuíron a fomentar unha paixón polo antigo que terminou expulsando o mundo moderno da mente de Ward. Só eles nos dan unha idea das características do terreo mental en que foi caer aquel fatídico inverno de 1919-1920, a semente que produciu tantos e tan estraños froitos.

O doutor Willett está convencido de que, até o primeiro cambio que se produciu na súa mente aquel inverno, a afección de Charles Ward polas cousas antigas estivo desprovista de toda inclinación morbosa. Os cemiterios só o atraían polo seu posíbel interese histórico e o seu temperamento era pacífico e tranquilo. Logo, aos poucos, pareceu desenvolverse nel a estraña secuela dun dos seus triunfos xenealóxicos do ano anterior: o descubrimento, entre os seus antepasados por liña materna, dun home chamado Joseph Curwen que chegara de Salem en 1692 e sobre o que murmuraban inquietantes historias.

O tataravó de Ward, Welcome Potter, casou en 1785 cunha tal «Ann Tillinghast, filla de Mrs. Eliza, filla á súa vez do capitán James Tillinghast». A familia non tiña a menor idea de quen fora o pai daquela moza. En 1918, mentres examinaba un volume manuscrito dos arquivos da cidade, o noso xenealoxista atopou un asento segundo o cal, en 1772, unha tal Eliza Curwen, viúva de Joseph Curwen, volvíaa adoptar, xuntamente coa súa filla Ann, de sete anos de idade, o seu apelido de solteira, Tillinghast, alegando que «o nome do seu marido quedou

desprestixiado publicamente en virtude do que se soubera despois do seu falecemento, o cal viña confirmar un antigo rumor ao que unha esposa fiel non podía dar crédito até que se comprobase por encima de toda dúbida». Aquel asento descubriuse grazas á separación accidental de dúas páxinas que foran coidadosamente pegadas e que se tiveron por unha soa desde o momento en que levara a cabo unha lenta revisión da paxinación do libro. Charles Ward comprendeu decontado que acababa de descubrir un tataravó seu descoñecido até entón. O feito excitouno tanto máis porque ouvira xa vagas alusións a aquela persoa da cal non existían apenas datos concretos, como se alguén tivese interese especial en borrar o seu recordo. O pouco que del se sabía era dunha natureza tan singular que non se podía menos que sentir curiosidade por pescudar o que os arquiteiros da época colonial se mostraran tan ansiosos de ocultar e de esquecer e por descubrir cales foran os motivos que espertaran neles tan estraño desexo. Até aquel momento, Ward limitárase a deixar que a súa imaxinación divagase arredor do vello Curwen, mais ao descubrir o parentesco que o unía a aquel personaxe aparentemente «silenciado», dedicouse á procura sistemática de todo o que puidese ter algunha relación con el. As súas pescudas resultaron máis frutíferas do que esperaba, pois en cartas antigas, diarios e memorias sen publicar achados en bufardas de Providence, entre po e arañeiras, atopou parágrafos reveladores que os seus autores non se tomaran a molestia de borrar. Un documento moi importante a este respecto apareceu nun lugar tan afastado como Nova York, onde se conservaban, concretamente no museo da Taberna de Fraunces, cartas da época colonial procedentes de Rhode Island. Con todo, o feito realmente crucial e que a xuízo do doutor Willett constituíu a orixe do desequilibrio mental do mozo, foi o achado efectuado en agosto de 1919

na vetusta casa de Olney Court. Aquilo foi, sen dúvida, o que abriu unha fenda insuperábel na mente de Charles Ward.



CAPÍTULO II

UN ANTECEDENTE E UN HORROR

I

Joseph Curwen, tal como o retrataban as lendas que Ward ouvira e os documentos que desenterrara, era un tipo sorprendente, enigmático, escuramente horríbel. Fuxira de Salem para se mudar a Providence, aquel paraíso universal para xente estraña, librepensadora ou disidente, ao comezo do gran pánico que se levantara coa caza de bruxas, pois temía verse acusado por mor da vida solitaria que levaba e dos seus estraños experimentos químicos ou de alquimia. Era un home branco duns trinta anos de idade. O seu primeiro acto en canto cidadán libre de Providence consistiu en adquirir uns terreos ao pé de Olney Street. Nese lugar, que máis tarde se chamaría Olney Court, edificou unha casa que substituíu despois por outra maior, que se alzou no mesmo emprazamento e que aínda hoxe día continúa en pé.

O primeiro detalle curioso arredor de Joseph Curwen é que non parecía avellentar co paso do tempo. Montou un negocio de transportes marítimos e fluviais, construíu un embarcadoiro preto de Mile-End Cove, axudou a reconstruír a Ponte Grande en 1713 e a igrexa congregacionista en 1723, e sempre conservou o aspecto dun home de trinta ou trinta e cinco anos. A medida que transcorría o tempo, aquel feito empezou a chamar a atención da xente, pero Curwen explicábo dicindo que manterse mozo era unha característica da súa familia e que el contribuía a conservala levando unha vida sumamente sinxela.

Abofé, ninguén sabía como conciliar aquela pretendida sinxeleza coas inexplicábeis viaxes do reservado comerciante nin co feito de que as xanelas da súa casa estivesen iluminadas a todas as horas da noite. Daquela empezouse a atribuír a outros motivos a súa prolongada mocidade e a súa lonxevidade. A maioría opinaba que as constantes coceduras e mesturas de produtos químicos que efectuaba Curwen tiñan moito que ver coa súa conservación. Falábase de estrañas sustancias que os seus barcos traían de Londres ou da India, ou que el mesmo compraba en Newport, Boston e Nova York, e cando o ancián doutor Jabez Bowen chegou de Rehoboth e abriu a súa farmacia na praza da Ponte Grande, falouse das drogas, ácidos e metais que o silandeiro solitario adquiría constantemente naquela botica. Dando por certo que Curwen posuía unha marabillosa e secreta habilidade médica, moitos enfermos acudiron a el en busca de axuda, pero, malia que procurou alentarse sen comprometerse aquela crenza, e sempre deu algunha apócema de estraño colorido en resposta ás peticións, observouse que o que receitaba aos demais de cando en cando producía efectos beneficiosos. Cando transcorreran máis de cincuenta anos desde a súa chegada a Providence sen que no seu rostro nin no seu porte se producise mudanza visíbel, os dixomedixomes fixéronse máis receosos e a xente comezou a non querer relacionarse con el.

Cartas particulares e diarios íntimos daquela época revelan tamén que existían moitos outros motivos polos cales Joseph Curwen foi obxecto primeiro de admiración, logo de temor e, finalmente, de aversión por parte dos seus concidadáns. A súa paixón polos cemiterios, nos cales se lle vía acotío e baixo calquera circunstancia, era ben coñecida, aínda que ninguén presenciara ningún feito que puidese relacionalo con vampiros. En Pawtuxet Road tiña unha granxa na que

adoitaba pasar o verán, e con frecuencia víano cabalgando cara a ela a diversas horas do día e da noite. Os seus únicos criados eran alí unha adusta parella de indios Narragansett, o marido mudo e co rostro cheo de estrañas cicatrices, e a esposa cun aspecto achatado e repulsivo, probabelmente debido a unha cuestión e consanguinidade. Na parte traseira daquela casa atopábase o laboratorio onde levaban a cabo a maioría dos experimentos químicos. Os que tiveran acceso a el para entregar botellas, sacos ou caixas, falaban dos fantásticos alambiques, crisois e fornos que entreviran na estancia e profetizaban en voz baixa que o misántropo «químico», termo que en boca deles significaba alquimista, non tardaría en descubrir a Pedra Filosofal. Os veciños máis próximos daquela granxa, os Fenner, que vivían a un cuarto de milla de distancia, tiñan cousas máis raras que contar sobre certos ruídos que, segundo eles, xurdían da casa de Curwen durante a noite. Ouvíanse berros, dicían, e ouveos prolongados, e non lles gustaba o gran número de cabezas de gando que pacían arredor da granxa, excesivas para prover de carne, leite e la un home solitario e a un par de serventes. Cada semana Curwen compraba novas reses aos granxeiros de Kingstown para substituír as que desaparecían. Preocupáballes tamén un edificio de pedra que había xunto á casa e que tiña unha especie de angostas troneiras no canto de xanelas.

Os ociosos da Ponte Grande tiñan moito que dicir, pola súa banda, da casa de Curwen en Olney Court, aínda que non tanto da que levantou en 1761, cando debía de contar xa máis dun século de existencia. A primeira era unha construción cunha bufarda sen xanelas e paredes de madeira que tivo bo coidado de queimar despois da súa demolición. Había naquela casa menos misterios que na do campo, é certo, pero as horas en que se vían iluminadas as xanelas, o sixilo dos

dous criados estranxeiros, o terríbel e confuso rosmar dunha ama de chaves francesa incríblemente vella, a enorme cantidade de provisións que se vían entrar por aquela porta destinadas a alimentar soamente catro persoas, e as características de certas voces que se ouvían conversar afogadamente ás horas máis intempestivas, todo iso unido ao que se sabía da granxa, contribuíu a dar mala sona á morada.

En círculos máis selectos falábase igualmente do fogar de Joseph Curwen, xa que a medida que o forasteiro se fora introducindo na vida relixiosa e comercial da cidade, fora establecendo relación cos seus veciños, de cuxa compañía e conversa podía, con todo dereito, gozar. Sabíase que era de bo berce, xa que os Curwen ou Carwen de Salem non necesitaban carta de presentación en Nova Inglaterra. Se sabíase tamén que viaxara moito desde mozo, que vivira unha tempada en Inglaterra e efectuado dúas viaxes a Oriente, e o seu léxico, nas raras ocasións en que se decidía a falar, era o dun inglés instruído e culto. Pero, por algún motivo ignorado, tíñalle sen coidado a sociedade. Aínda que nunca rexeitaba de plano a un visitante, sempre se parapetaba tras o muro de reserva que a poucos se lles ocorría nada neses casos que ao dicilo non soase totalmente vacuo.

No seu comportamento había unha especie de arrogancia sardónica e críptica, como se despois de alternar con seres estraños e máis poderosos xulgase estúpidos a todos os seres humanos. Cando o doutor Checkley, famoso polo seu talento, chegou de Boston en 1783 para facerse cargo do reitorado de King's Church, non esqueceu visitar un home do que tanto ouvira falar, pero a súa visita foi moi breve debido a unha sinistra corrente oculta que creu adiviñar baixo as palabras do seu anfitrión. Charles Ward díxolle ao seu pai unha noite de inverno en que falaban de Curwen, que daría calquera cousa por descubrir o que o

misterioso ancián dixerá ao crego, pero que todos os diarios íntimos que puidera consultar coincidían en sinalar a aversión do doutor Checkley a repetir o que ouvira. O bo home quedara moi impresionado e nunca volveu mencionar o nome de Joseph Curwen sen perder visibelmente a calma alegre e cultivada que o caracterizaba.

Máis concreto era o motivo que induciu outro home de bo berce e grande intelixencia a evitar o trato do misterioso ermitán. En 1746, John Merritt, cabaleiro inglés moi versado en literatura e ciencias, chegou a Providence procedente de Newport e construíu unha fermosa casa no istmo, no que é hoxe o centro do mellor barrio residencial. Foi o primeiro cidadán de Providence que vestiu os criados de librea e mostrábase moi orgulloso do seu telescopio, o seu microscopio e a súa escollida biblioteca de obras inglesas e latinas. Ao decatarse de que Curwen era o maior bibliófilo de Providence, Merritt non tardou en ir visitalo sendo acollido cunha cordialidade maior da habitual naquela casa. A admiración que demostrou polos andeis ateigados do seu anfitrión, nos que se aliñaban, ademais dos clásicos gregos, latinos e ingleses, unha serie de obras filosóficas, matemáticas e científicas, entre elas as de autores tales como Paracelso, Agrícola, Van Helmont, Silvyus, Glauber, Boyle, Boerhaave, Becher e Stahl, impulsaron a Curwen a convidalo a inspeccionar o laboratorio que até entón non abrira para ninguén, e os dous partiron decontado cara á granxa na carruaxe do visitante.

O señor Merritt dixo sempre que non vira nada realmente horríbe na granxa, pero que os títulos dos libros relativos a temas taumátúrxicos, alquimísticos e teolóxicos que Curwen gardaba no andel dunha das salas abundaran para inspirarlle un temor imperecedoiro. Talvez a expresión do seu propietario mentres llos ensinaba contribuíra

a espertar en Merritt aquela sensación. Na estraña colección, ademais dun puñado de obras coñecidas, figuraban case todos os cabalistas, demonólogos e magos do mundo enteiro. Era un verdadeiro tesouro no dubidoso campo da alquimia e a astroloxía. A *Turba Philosopharum*, de Hermes Trismegistus na edición de Mesnard, o *Liber Investigationis*, de Geber, *A Clave da sabedoría*, de Artephous, o cabalístico *Zohar*, o *Ars Magna et Ultima* de Raimundo Lulio na edición de Zetsner, o *Thesaurus Chemicus* de Roger Bacon, a *Clavis Alchimiae* de Fludd e o *De Lapide Philosophico*, de Trithemius, achábanse alí aliñados, un xunto a outro. Xudeus e árabes da Idade Media estaban representados con profusión e o señor Merritt palideceu cando ao coller un volume en cuxa portada se lía o título de *Qanoon-e-Islam*, descubriu que se trataba en realidade dun libro prohibido, o *Necronomicon* do árabe tolo Abdul Alhazred, do cal ouvira dicir cousas ben monstruosas a raíz do descubrimento de certos ritos indescribíbeis na estraña aldea de pescadores de Kingsport, na provincia da Baía de Massachusetts. Pero, por estraño que pareza, o que máis inquietou ao cabaleiro foi un detalle sen importancia aparente. Sobre a enorme mesa de caoba había un volume moi estragado de Borellus, con numerosas anotacións marxinais escritas por Curwen. O libro estaba aberto pola metade aproximadamente e un parágrafo aparecía subliñado cuns trazos tan grosos e trémulos que o visitante non puido resistir a tentación de botarlle unha ollada. Aquelas liñas afectáronlle profundamente e quedaron gravadas na súa memoria até a fin dos seus días. Reproduciunas no seu diario e tratou en certa ocasión de recitalas ao seu íntimo amigo, o doutor Checkley, até que notou o moito que aquelas palabras trastornaban o reitor. Dician: «Os sales dos animais poden ser preparados e conservados de modo que un home hábil poida ter toda a Arca de Noé no seu propio estudio e reproducir a

forma dun animal a vontade partindo das súas cinzas, e polo mesmo método, partindo dos sales esenciais do po humano, un filósofo pode, sen que sexa nigromancia delituosa, evocar a forma de calquera antepasado morto cuxo corpo fose incinerado.»

Con todo, as peores cousas sobre Joseph Curwen murmurábanse arredor dos peiraos da parte sur de Town Street. Os mariñeiros son xente supersticiosa e aqueles curtidos lobos de mar que transportaban ron, escravos e especias, persignábanse ás agachadas cando vían a figura esvelta e enganosamente xuvenil do seu patrón, co seu cabelo amarelado e os seus ombreiros lixeiramente corcovados, entrando no almacén de Doublon Street, ou falando con capitáns e contramestres no peirao onde atracaban os seus barcos. Os seus empregados odiábano e temíanlo, e os seus mariñeiros eran a escoura da Martinica, a Habana ou Port Royal. Até certo punto, a parte máis intensa e tanxíbel do temor que inspiraba o ancián debíase á frecuencia coa que tiña que substituír os seus mariñeiros. Unha tripulación calquera baixaba a terra con permiso, varios dos seus membros recibían a orde de facer algún que outro encargo, e cando se reunían para volver a bordo, case sempre faltaban un ou máis homes. Como a maioría das encargas estaban relacionadas coa granxa de Pawtuxet Road e moi poucos eran os que regresaban daquel lugar, co tempo Curwen atopouse con moitas dificultades para recrutar as súas tripulacións. Moitos dos mariñeiros desertaban despois de ouvir os dixomedíxomes dos peiraos de Providence, e substituílos nas Indias Occidentais chegou a converterse nun serio problema para o comerciante. En 1760, Joseph Curwen era virtualmente un proscrito sospeitoso de vagos horrores e demoníacas alianzas, moito máis ameazadoras polo feito de que ninguén podía precisalas, nin entendelas, nin moito menos demostrar a súa existencia.

A pinga que veu facer rebordar o vaso puido ser moi ben o caso dos soldados desaparecidos en 1758. En marzo e abril daquel ano, dous rexementos reais de paso para Nova Francia foron acuartelados en Providence producíndose no seu seo unha serie de inexplicábeis desaparicións que superaban con moito o número habitual de desercións. Comentábase en voz baixa a frecuencia con que se vía a Curwen falando cos forasteiros de guerreira vermella, e cando varios deles desapareceron, a xente lembrou o que sucedía habitualmente cos mariñeiros das súas tripulacións. Ninguén pode dicir que sucedería se os rexementos non recibisen ao pouco tempo a orde de marcha.

Namentres, os negocios do comerciante prosperaban. Tiña un virtual monopolio do comercio da cidade respecto ao sal, a pementa negra e a canela, e superaba a todos os demais mercadores, excepto aos Brown, na importación de anil, algodón, la, ferro, papel, obxectos de latón e produtos manufacturados ingleses de todas as clases. Almacenistas tales como James Green, dono do establecemento O Elefante de Cheapside, os Russell da Aguia Dourada, comercio situado alén da ponte, ou Clark e Nightingale, propietarios do Peixe e a Tixola, dependían case por completo del para aprovisionarse, mentres que os seus acordos coas destilerías locais, queixeiros e criadores de cabalos Narragansett e fabricantes de velas de Newport, convertíanos nun dos primeiros exportadores da Colonia.

Decidido a loitar contra o ostracismo ao que o condenaran, comezou a demostrar, cando menos en aparencia, un grande espírito cívico. Cando o Concello se incendiou, contribuíu xenerosamente ás rifas que se organizaron coa fin de recadar fondos para a construción do novo edificio que aínda hoxe se alza na antiga rúa maior. Aquel mesmo ano 1761 axudou a reconstruír a Ponte Grande despois da riada de

outubro. Repuxo moitos dos libros devorados polas chamas no incendio do Concello e participou xenerosamente nas lotarías grazas ás cales puido dotarse aos arredores do mercado e a Town Street dunha calzada empedrada coa súa plataforma para peóns no centro. Por aquelas datas edificou a casa nova, sinxela pero de excelente construción, cuxa portada constitúe un triunfo dos ciceis. Ao separarse en 1743, os seguidores de Whitefield da congregación do Dr. Cotton e fundar a igrexa do Diácono Snow alén da ponte, Curwen seguíaos, pero o seu celo fórase apagando ao mesmo tempo que ía minguando a súa asistencia ás cerimoniais. Agora, así e todo, volvía dar mostras de piedade como se con iso quixese disipar a sombra que o guindara ao ostracismo e que, se non andaba con sumo coidado, acabaría tamén coa boa estrela que até entón presidira a súa vida de comerciante.

O espectáculo que ofrecía aquel home estraño e pálido, aparentemente de mediana idade pero en realidade con máis dun século de vida, tratando de emerxer á fin dunha nube de medo e aversión demasiado vaga para ser analizada, era á vez patético, dramático e ridículo. Así e todo, tal é o poder da riqueza e dos xestos superficiais, que se produciu certa relaxación na antipatía que os seus veciños lle gardaban, especialmente unha vez que cesaron bruscamente as desaparicións dos mariñeiros. Posibelmente rodeou tamén de maior coidado e sixilo as súas expedicións aos cemiterios, xa que non volveu ser sorprendido nunca en tales andainas, e o certo é que os rumores sobre sons e movementos misteriosos en relación coa granxa de Pawtuxet diminuíron tamén notabelmente. O seu nivel de consumo de alimentos

e de substitución de reses seguiu sendo anormalmente elevado, pero até data máis moderna, cando Charles Ward examinou os seus libros de contas na Biblioteca Shepley, non se lle ocorreu a ninguén comparar o gran número de negros que Curwen importou de Guinea até 1766 coa cifra asombrosamente reducida dos que pasaron das súas mans ás dos tratantes de escravos da Ponte Grande ou dos propietarios de plantacións do condado de Narragansett. Certamente aquel aborrecido personaxe demostrara unha astucia e un enxeño inconcibíbeis en canto se decatou de que lle era necesario exercitar tanto a unha como o outro.

Pero, como é natural, o efecto daquela mudanza de actitude foi necesariamente reducido. Curwen seguiu sendo detestado e evitado, probabelmente por mor da mocidade que aparentaba a pesar dos seus moitos anos, e ao final decatouse de que a súa fortuna chegaría a resentirse da xenerosidade coa que trataba de gañarse o afecto dos seus concidadáns. Con todo, os seus complicados estudos e experimentos, fosen cales fosen, esixían ao parecer grandes sumas de diñeiro e, dado que un cambio de ambiente o privaría das vantaxes comerciais que alcanzara naquela cidade, non podía trasladarse a outra para empezar de novo. O bo xuízo sinalaba a conveniencia de mellorar as súas relacións cos habitantes de Providence, de maneira que a súa presenza non dese lugar a que se interrompesen as conversas e se crease unha atmosfera de tensión e intranquilidade. Os seus empregados, recrutados agora entre os parados e indixentes a quen ninguén quería dar emprego, causábanlle moitas preocupacións, e se lograba manter ao seu servizo capitáns e mariñeiros era só porque tivera a astucia de adquirir ascendente sobre eles por medio dunha hipoteca, unha nota comprometedoras ou algunha información de tipo moi íntimo. En moitas ocasións, e como observaban espantados os autores dalgúns

diarios privados, Curwen demostrou posuír facultades de bruxo ao descubrir segredos familiares para utilizalos en beneficio seu. Durante os últimos cinco anos da súa vida, chegouse a pensar que eses datos que manexaba dun modo tan cruel só podía reuni-los grazas a conversas directas cos mortos.

Así foi como por aquela época levou a cabo un último e desesperado esforzo por gañarse as simpatías da comunidade. Misóxino até entón, decidiu contraer un vantaxoso matrimonio tomando por esposa algunha dama cuxa posición fixese imposíbel a continuación do seu ostracismo, aínda que é probábel que tivese motivos máis profundos para desexar devandita alianza, motivos tan alleos á esfera cósmica coñecida que só os documentos achados cento cincuenta anos despois da súa morte fixeron sospeitar da súa existencia. Naturalmente Curwen decatábase de que calquera tentativa de facer as beiras pola súa banda sería recibida con horror e indignación e, en consecuencia, buscou unha candidata sobre cuxos pais puidese el exercer a necesaria presión. Mulleres acaídas non eran doadas de atopar, posto que Curwen esixía para a que habería ser a súa esposa unhas condicións especiais de beleza, características persoais e posición social. Ao final as súas miradas pousáronse no fogar dun dos seus mellores e máis antigos capitáns, un viúvo de moi boa familia chamado Dutie Tillinghast, cuxa única filla, Eliza, parecía reunir todas as calidades desexadas. O capitán Tillinghast estaba completamente dominado por Curwen e, despois dunha terríbel entrevista na súa casa do outeiro de Power Lane, consentiu en aprobar a monstruosa alianza.

Eliza Tillinghast tiña naqueles días dezaioito anos e fora educada todo o ben que a reducida fortuna do seu pai permitira. Asistira á escola de Stephen Jackson e fora tamén dilixentemente instruída pola súa nai

nas artes e refinamentos da vida doméstica. Un exemplo da súa habilidade para os labores pode admirarse aínda nunha das salas da Sociedade Histórica de Rhode Island. Desde o falecemento da señora Tillinghast, ocorrido en 1757 por mor das vexigas, Eliza fíxose cargo do goberno da casa axudada unicamente por unha anciá negra. As súas discusións co seu pai a propósito da petición de Curwen deberon ser moi penosas, aínda que non queda constancia delas nos documentos da época. O certo é que rompeu o seu compromiso co mozo Ezra Weeden, segundo oficial do cargueiro *Enterprise* de Crawford, e que a súa unión con Joseph Curwen tivo lugar o 7 de marzo de 1763 na igrexa baptista e en presenza da mellor sociedade da cidade. A cerimonia foi oficiada polo vigairo Samuel Winson e a *Gazette* fíxose eco do acontecemento cunha breve referencia que, na maioría dos exemplares do xornal correspondentes a aquela data, e arquivados en distintos lugares, parecera ser cortada ou arrincada. Ward atopou un exemplar intacto despois de moito buscar nos arquivos dun coleccionista particular e observou entón con xúbilo a vaguidade dos termos con que estaba redactada a nota:

«O pasado luns pola tarde o señor Joseph Curwen, veciño desta vila, comerciante, contraeu matrimonio coa señorita Eliza Tillinghast, filla do capitán Dutie Tillinghast, moza de moitas virtudes dotada ademais de gran beleza. Facemos votos pola súa perpetua felicidade.»

A correspondencia Durfee-Arnold, descuberta por Charles Ward pouco antes de que presentase os primeiros síntomas de tolemia, no museo particular de Melville L. Peters en Georgia Street, e que cobre aquel período e outro lixeiramente anterior, bota luz sobre a ofensa ao

sentimento público que causou aquela disparatada unión. Porén, a influencia social dos Tillinghast era innegábel e así unha vez máis Joseph Curwen viu frecuentado o seu fogar por persoas ás cales nunca puidera inducir, doutro xeito, a que cruzasen o limiar da casa. Non o aceptaron totalmente, nin moito menos, pero si levantaron a condena do ostracismo á que o someteran. No trato do que fixo obxecto á súa esposa, o estraño noivo deixou a comunidade abraida e a ela mesma portándose co maior miramento e obsequiándoa con toda clase de consideracións. A nova mansión de Olney Court estaba agora completamente libre de manifestacións inquietantes e aínda que Curwen acudía con moita frecuencia á granxa de Pawtuxet, que dito sexa de paso a súa esposa non visitou xamais, parecía un cidadán moito máis normal que en calquera outra época da súa residencia en Providence.

Só unha persoa seguía abrigando cara a el aberta hostilidade: o mozo que vira roto tan bruscamente o seu compromiso con Eliza Tillinghast. Ezra Weeden xurara vingarse e, a pesar do seu temperamento normalmente apracíbel, alimentaba un odio no seu corazón que non presaxiaba nada bo para o home que lle roubara a noiva.

O sete de maio de 1765 naceu a que había de ser única filla de Curwen, Ann, que foi bautizada polo reverendo John Graves, de King's Church, igrexa que frecuentaban os dous esposos desde o seu matrimonio como fórmula de compromiso entre as súas respectivas afiliacións congregacionista e baptista. O certificado daquel nacemento, así como o da voda celebrada dous anos antes, desaparecera dos arquivos eclesiásticos e municipais. Ward conseguiu localizalos, tras grandes dificultades, unha vez que descubriu o cambio de apelido da

viúva e unha vez que espertou nel aquel febril interese que culminou na súa tolemia. O de nacemento apareceu por unha feliz coincidencia como resultado da correspondencia que mantivo cos herdeiros do Dr. Graves, quen se levou un duplicado dos arquivos da súa igrexa ao abandonar a cidade a comezos da guerra de Independencia, Ward recorrera a eles porque sabía que a súa tataravoa, Ann Tillinghast, fora episcopaliana.

Pouco despois do nacemento da súa filla, acontecemento que pareceu recibir cun entusiasmo que contrastaba coa súa habitual frialdade, Curwen decidiu pousar para un retrato. Pintouno un escocés de gran talento chamado Cosmo Alexander, residente en Newport naquela época e que adquiriu fama despois por ser o primeiro mestre de Gilbert Stuart. Díciase que o retrato fora pintado sobre un dos paneis da biblioteca da casa de Olney Court, pero ningún dos dous diarios en que se mencionaba proporcionaba ningunha pista sobre o seu posterior destino. Naquel período, Curwen deu mostras dunha estraña abstracción e pasaba todo o tempo que podía na súa granxa de Pawtuxet Road. Achábase continuamente, polo visto, nun estado de excitación ou ansiedade reprimidas, como se esperase que fose ocorrer en calquera momento algún acontecemento de fenomenal importancia ou como se estivese a punto de facer algún estraño descubrimento. A química ou a alquimia debían de ter que ver moito con iso, xa que levou á granxa numerosos volumes da biblioteca da súa casa que versaban sobre eses temas.

Non diminuíu o seu pretendido interese polo ben da cidade e en consecuencia non desperdiciou a oportunidade de axudar homes como Stephen Hopkins, Joseph Brown e Benjamin West nos seus esforzos por elevar o nivel cultural de Providence que naquela altura se achaba moi

por baixo de Newport no referente ao padroado das artes liberais. Axudara a Daniel Jenkins en 1763 a abrir unha librería da cal foi desde entón o mellor cliente, e proporcionou tamén axuda á combativa *Gazette*, que se imprimía cada mércores no edificio decorado co busto de Shakespeare. En política apoiou ardentemente o gobernador Hopkins contra o partido de Ward, cuxo núcleo máis forte estaba en Newport, e o elocuente discurso que pronunciou en 1765 no Hacher's Hall en contra da proclamación de North Providence como cidade independente, contribuíu máis que ningunha outra cousa a diluír os prexuízos existentes contra el.

Pero Ezra Weeden, que o vixiaba moi de preto, sorría cinicamente ante aquela actitude, que el xulgaba falsa, e afirmaba que non era máis que unha máscara destinada a encubrir un horrendo comercio coas máis negras forzas do inferno. O vingativo mozo iniciou un estudo sistemático do estraño personaxe e das súas andanzas, pasando noites enteiras nos peiraos cando vía luz nos seus almacéns e seguindo os seus barcos, que ás veces partían en silencio en dirección á baía. Someteu tamén a estreita vixilancia a granxa de Pawtuxet e en certa ocasión foi mordido salvaxemente polos cans que na súa persecución soltaron os criados indios.

En 1766 produciuse o cambio final en Joseph Curwen. Foi moi súbito e puido ser observado por toda a poboación porque o ar de ansiedade e expectación que o envolvía caeu como unha capa vella para dar paso decontado a unha mal disimulada expresión de completo triunfo. Daba a impresión de que a Curwen lle resultaba moi difícil conter o desexo de

proclamar publicamente o que fixera ou pescudara, mais polo visto a necesidade de gardar o segredo era maior que o afán de compartir o seu xúbilo, xa que non deu a ninguén ningunha explicación. Despois daquela transformación, que tivo lugar a primeiros de xullo, o sinistro erudito empezou a deixar a todo o mundo abraiado demostrando posuír certo tipo de información que só podían facilitarlle antepasados seus falecidos moitos anos atrás. Pero as actividades secretas de Curwen non cesaron, nin moito menos, con aquela mudanza. Pola contra, tenderon a aumentar, polo cal foi deixando máis e máis os seus negocios en mans de capitáns unidos a el por lazos de temor tan poderosos como foran anteriormente os da miseria.

Abandonou o comercio de escravos alegando que os beneficios que lle reportaba eran cada vez menores. Pasaba case todo o tempo na súa granxa de Pawtuxet, aínda que de cando en vez alguén dicía velo en lugares moi próximos a cemiterios, co que as xentes se preguntaron até que punto cambiarían realmente os antigos costumes do comerciante. Ezra Weeden, malia que os seus períodos de espionaxe eran necesariamente breves e intermitentes debido ás viaxes que lle impuña a súa profesión, posuía unha vingativa persistencia da que carecían cidadáns e campesiños, e sometía as idas e vindas de Curwen a unha vixilancia maior da que nunca coñeceran.

Moitas das estrañas manobras dos barcos do comerciante foran atribuídas á inestabilidade daquela época en que os colonos parecían decididos a eludir como fose as estipulacións da Acta do Azucre. O contrabando era cousa habitual na Baía de Narragansett e os desembarcos nocturnos de importacións ilícitas estaban á orde do día. Pero Weeden, que seguía noite tras noite as embarcacións que partían dos peiraos de Curwen, non tardou en convencerse de que non eran

unicamente os barcos da armada da súa Maxestade o que o sinistro traficante desexaba evitar. Con anterioridade ao cambio de 1766, aquelas embarcacións transportaran principalmente negros encadeados, que eran desembarcados nun punto da costa situado ao norte de Pawtuxet, e conducidos posteriormente campo a través até a granxa de Curwen, onde os encerraban naquel enorme edificio de pedra que tiña estreitas troneiras no canto de xanelas. Pero a partir de 1766 todo cambiou. A importación de escravos cesou de socato e durante unha tempada Curwen interrompeu as navegacións nocturnas. Logo, na primavera de 1767, as embarcacións volveron partir dos peiraos escuros e silenciosos para cruzar a baía e chegar a Nanquit Point, onde se atopaban con barcos de tamaño considerábel e aspecto moi diverso dos que recibían cargamento. Os mariñeiros de Curwen desembarcaban logo a mercadoría nun punto determinado da costa e desde alí transportábana á granxa, deixándoa no mesmo edificio de pedra que dera aloxamento aos negros. O cargamento consistía case por completo en caixóns, dos cales gran número tiña unha forma alongada, forma que lembraba ominosamente á dos cadaleitos.

Weeden vixiaba a granxa sen descanso, visitándoa noite tras noite durante longas tempadas. Raramente deixaba pasar unha semana sen achegarse a ela agás cando o terreo estaba cuberto de neve, na que deixaría impresas as súas pegadas, e aínda neses días aproximábase o máis posíbel coidando de non saírse do carreiro ou de camiñar sobre o xeo do río veciño á granxa, coa fin de poder ver se había rastros de pisadas arredor da casa. Para non interromper a vixilancia durante as ausencias que lle impuña o seu traballo, púxose de acordo cun amigo que adoitaba beber con el na taberna, un tal Eleazar Smith, que desde entón o substituíu na súa tarefa. Entre os dous puideron facer circular

rumores extraordinarios, e se non o fixeron, foi soamente porque sabían que publicar certas cousas tería o efecto de alertar a Curwen facéndolles imposíbel toda investigación posterior, cando o que eles querían era decatarse de algo concreto antes de pasar á acción. De calquera xeito, o que pescudaron debeu de ser realmente sorprendente. En máis dunha ocasión dixo Charles Ward aos seus pais canto lamentaba que Weeden queimase o seu caderno de notas. O único que se sabe dos seus descubrimentos é o que Eleazar Smith anotou nun diario, non moi coherente por certo, e o que outros autores de diarios íntimos e cartas repetiron despois timidamente, é dicir, que a propiedade campestre era soamente tapadeira dunha perigosa ameaza cuxa profundidade escapaba a toda comprensión.

Crese que Weeden e Smith quedaron convencidos ao pouco tempo de comezar as súas investigacións, de que por baixo da granxa se estendía unha rede de catacumbas e túneles habitados por numerosas persoas, ademais do vello indio e a súa muller. A casa era unha antiga reliquia do século XVII, cunha enorme cheminea central e xanelas romboides e enreixadas, e o laboratorio achábase na parte norte, onde o tellado chegaba case até o chan. O edificio estaba completamente illado, mais a xulgar polas distintas voces que se ouvían no seu interior ás horas máis inesperadas, debía chegarse a el a través de pasadizos subterráneos secretos. Aquelas voces, até 1766, consistían en murmurios e rumores de negros mesturados con berros espantosos e estraños cánticos ou invocacións. A partir daquela data convertéronse en explosións de furor frenético, ávidos arquexos e berros de protesta proferidos en diversos idiomas, todos eles coñecidos por Curwen, que provocaban réplicas tinguidas en moitos casos dun acento de reproche ou de ameaza.

Ás veces parecía que había varias persoas na casa: Curwen, varios prisioneiros e os gardiáns destes. Había acentos que nin Weeden nin Smith ouviran xamais, a pesar do seu extenso coñecemento de portos estranxeiros, e outros que identificaban como pertencentes a unha ou outra nacionalidade. Soaba aquilo como unha especie de catequese ou como se Curwen estivese a arrincar certa información a uns prisioneiros aterrorizados ou rebeldes.

Había recoller Weeden no seu caderno ao pé da letra fragmentos de conversas en inglés, francés e español, as linguas que el coñecía e que con máis frecuencia utilizaba Curwen, pero ningunha daquelas notas se conservaron. Afirmaba o mesmo Weeden que á parte dalgúns diálogos relativos ao pasado de varias familias de Providence, a maioría das preguntas e respostas que puido entender referíanse a cuestións históricas ou científicas ás veces pertencentes a épocas e lugares moi remotos. En certa ocasión, por exemplo, un personaxe que se mostraba por momentos enfurecido e noutros silandeiro, foi interrogado sobre a matanza que levou a cabo o Príncipe Negro en Limoges en 1370 como se a masacre obedecese a un motivo secreto que el debese coñecer. Curwen preguntoulle ao prisioneiro, se é que iso era, se o motivo fora o achado do Signo da Cabra no altar da vella cripta romana sita baixo a catedral, ou o feito de que o Home Escuro do Alto Aquelarre de Viena pronunciase as Tres Palabras. Ao non obter resposta ás súas preguntas, o inquisidor recorreu, ao parecer, a medidas extremas, xa que se ouviu un alarido terríbel seguido dun estraño silencio e o ruído dun corpo que caía.

Ningún daqueles coloquios tivo testemuñas oculares, xa que as xanelas estaban sempre pechadas e veladas por cortinas. Porén, en certa ocasión, durante un diálogo mantido nun idioma descoñecido, Weeden

viu unha sombra a través dunha cortina que o deixou abraiado e que lle lembrou a un dos bonecos dun espectáculo que presenciara no Hatcher's Hall no outono de 1764, cando un home de Germantown, Pensilvania, dera unha representación anunciada como «Vista da Famosa Cidade de Xerusalén, na cal están representadas Xerusalén, o Templo de Salomón, o seu Trono Real, as Famosas Torres e Outeiros, así como os sufrimentos do noso Salvador desde a Horta de Xetsemaní até a Cruz do Gólgota, unha valiosa obra de imaxinaría digna de verse». Foi naquela ocasión cando o ouvinte, que se achegou máis da conta á xanela da sala onde tiña lugar a conversa, deu un chouto que alertou a parella de indios, quen lle soltaron os cans. Desde aquela noite non volveron ouvirse máis conversas na casa, e Weeden e Smith chegaron á conclusión de que Curwen trasladara o seu campo de acción ás zonas inferiores.

Que tales zonas existían, parecía un feito certo. Febles berros e laios xurdían da terra de cando en vez en lugares moi apartados da vivenda, e preto da beira do río, ás costas da granxa e alí onde o terreo descendía suavemente até o val do Pawtuxet, atopouse, oculta entre arbustos, unha porta de carballo en forma de arco e encaixada nun marco de pesada cachotaría que constituía evidentemente a entrada a unhas cavernas abertas baixo o outeiro. Weeden non podía dicir cando nin como foran construídas aquelas catacumbas, pero si se refería con frecuencia á facilidade con que polo río podían chegar até aquel lugar grupos de traballadores. Era evidente que Joseph Curwen encomendaba aos seus mariñeiros as máis variadas tarefas. Durante as intensas chuvias da primavera de 1769, os dous mozos vixiaron atentamente as empinadas marxes do río para comprobar se as augas puñan ao descuberto algún segredo soterrado, e a súa paciencia viuse

recompensada co espectáculo dunha profusión de ósos humanos e de animais naqueles lugares onde a auga escavara unhas profundas depresións. Naturalmente, o achado podía ter diversas explicacións dado que na granxa próxima criábase gando e que por aquelas paraxes abundaban os cemiterios indios, pero Weeden e Smith preferiron sacar do descubrimento as súas propias conclusións.

En xaneiro de 1770, mentres Weeden e Smith cismaban inutilmente tratando de atopar unha explicación a aqueles desconcertantes acontecementos, ocorreu o incidente da Fortaleza. Exasperado pola queima do buque aduaneiro Liberty ocorrida en Newport o verán anterior, o almirante Wallace, que mandaba a frota encargada da vixilancia daquelas costas, ordenou que se extremase o control dos barcos estranxeiros, por mor do cal o canoneiro da súa Maxestade Cygnet capturou tras curta persecución o buque *Fortaleza*, de Barcelona, España, ao mando do capitán Manuel Arruda. Este partira, segundo o diario de navegación, do Cairo, Exipto, con destino a Providence. Coidadosamente rexistrada en busca de material de contrabando, a nao revelou o feito abraiante de que o seu cargamento consistía exclusivamente en momias exipcias consignadas a nome do «Mariñeiro A. B. C.», quen debía acudir a recoller a mercadoría á altura de Nanquit Point e cuxa identidade o capitán Arruda se negou a revelar. O vicealmirante Court, de Newport, non sabendo que facer ante a natureza daquel cargamento, que, aínda que non podía ser cualificado de contrabando, tampouco se atíña, polo segredo con que era transportado, ás normas legais, deixou o barco en liberdade prohibíndolle atracar nas augas de Rhode Island. Máis tarde circulou o rumor de que fora visto á altura de Boston, aínda que nunca chegou a entrar naquel porto.

O estraño incidente foi moi comentado en Providence e poucos foron os que dubidaron que existise algunha relación entre o estraño cargamento de momias e o sinistro Joseph Curwen. Ninguén que soubese dos seus exóticos estudos e estrañas importacións de produtos químicos, amais da afección que sentía polos cemiterios, necesitou moita imaxinación para conectar o seu nome cun cargamento que non podía ir destinado a ningún outro habitante de Providence.

Probabelmente consciente daquela lóxica sospeita, Curwen procurou deixar caer en varias ocasións certas observacións arredor do valor químico dos bálsamos contidos nas momias pensando, talvez, revestir así o asunto de certa normalidade, pero sen admitir xamais que tivese participación ningunha nel. Weeden e Smith non tiveron pola súa banda ningunha dúbida arredor do significado do incidente e continuaron elaborando as máis desatinadas teorías respecto de Curwen e os seus monstruosos traballos.

Durante a primavera seguinte, do mesmo xeito que acontecera o ano anterior, choveu moito, e con tal motivo os dous mozos someteron a estreita vixilancia a beira do río situada ás costas da granxa de Curwen. As augas arrastraron gran cantidade de terra e deixaron ao descuberto certo número de ósos, pero non quedou á vista ningún camiño subterráneo. Así e todo, algo se dixo por aquel tempo na aldea de Pawtuxet, situada a dous quilómetros de distancia e xunto á cal o río se precipita sobre unha serie de socalcos de rocha formando pequenas fervenzas. Alí onde dispersos pazos antigos ruben polo outeiro desde a rústica ponte e as lanchas pesqueiras se bambean ancoradas aos somnolentos peiraos, falouse de cousas misteriosas que arrastraban as augas e que permanecían flotando uns segundos antes de precipitarse, corrente abaixo, entre a espuma das fervenzas. Certo que o Pawtuxet é

un río moi longo que pasa a través de rexións habitadas nas que abundan os cemiterios, e certo que as chuvias primaverais foran moi intensas, pero aos pescadores da contorna da ponte non lles gustou a mirada arrepiante que lles dirixiu un daqueles obxectos nin o xeito en que gritaron outros que perderan toda semellanza coas cousas que habitualmente berran. Weeden estaba ausente naquel tempo, pero os rumores chegaron a ouvidos de Smith, que se apresurou a dirixirse á beira do río, onde achou evidentes vestixios de amplas escavacións. Non quedara ao descuberto, así e todo, a entrada a ningún túnel, senón moi ao contrario, unha parede sólida mestura de terra e pólas arrastradas de máis arriba. Smith empezou a cavar nalgúns lugares, pero deuse por vencido ao ver que os seus intentos eran vans, ou, talvez, ao temer que puidesen deixar de selo. Sería interesante ver o que faría o porfiado e vingativo Weeden de atoparse alí neses momentos.

No outono de 1770, Weeden decidiu que chegara o momento de falar a outros sobre os seus descubrimentos, xa que posuía un gran número de datos e dispuña dunha testemuña ocular para desvirtuar a posíbel acusación de que os celos e o afán de vinganza lle fixeran imaxinar cousas que non existían. Como primeiro confidente escolleu o capitán James Mathewson, do *Enterprise*, que por unha banda o coñecía dabondo para non dubidar da súa veracidade e, por outra, tiña a suficiente influencia na cidade para facerse escoitar á súa vez con respecto. A conversa tivo lugar preto do porto, nunha estancia da parte alta da Taberna de Sabin, e en presenza de Smith, que podía corroborar cada unha das afirmacións de Weeden. O capitán Mathewson quedou

sumamente impresionado. Como case todo o mundo na cidade, albergaba as súas sospeitas arredor do sinistro Joseph Curwen, de modo que aquela confirmación e ampliación de datos abondoulle para convencerse por completo. Ao final da conferencia estaba moi serio e requiriu os dous mozos para que gardasen absoluto silencio. Dixo que el se encargaría de transmitir separadamente a información aos cidadáns máis cultos e influentes de Providence, de solicitar a súa opinión e de seguir o consello que puidesen ofrecerlle. En calquera caso, era esencial a maior discreción, xa que o asunto non podía ser confiado ás autoridades da cidade e conviña que non chegase a ouvidos da multitude para evitar que se repetise aquel espantoso pánico de Salem, ocorrido había menos dun século e que provocara a fuxida de Curwen daquela cidade.

As persoas máis indicadas para coñecer o caso eran, na súa opinión, o doutor Benjamin West, cuxo estudo sobre o último tránsito de Venus demostraba que era un auténtico erudito así como un agudo pensador; o reverendo James Manning, reitor da universidade, que chegara había pouco de Warren e se hospedaba provisionalmente na nova escola de King Street en espera de que terminasen a súa propia vivenda no outeiro que se elevaba sobre a Presbyterian Lane; o ex-gobernador Stephen Hopkins, que fora membro da Sociedade Filosófica de Newport e era home de amplas miras; John Carter, editor da *Gazette*; os catro irmáns Brown, John, Joseph, Nicholas e Moses, magnates da localidade; o ancián doutor Jabez Bowen, cuxa erudición era considerábel e tiña información de primeira man arredor das estrañas adquisicións de Curwen; e o capitán Abraham Whipple, un home de fenomenal enerxía co cal podía contarse se había que tomar algunha medida «activa». Aqueles homes, se todo ía ben, podían reunirse

finalmente para levar a cabo unha deliberación colectiva e neles recaería a responsabilidade de decidir se había que informar ou non o gobernador da colonia, Joseph Wanton, residente en Newport, antes de adoptar ningunha medida.

A misión do capitán Mathewson tivo máis éxito do que esperaban, xa que, aínda que un par daqueles confidentes se mostrou algo escéptico no relativo ao posíbel aspecto fantástico do relato de Weeden, todos coincidiron na necesidade de adoptar medidas secretas e coordinadas. Era evidente que Curwen constituía unha ameaza en potencia para o benestar da cidade e da colonia, ameaza que había que eliminar a calquera prezo. A finais de decembro de 1770, un grupo de eminentes cidadáns reuníronse en casa de Stephen Hopkins e discutiron as medidas que podían adoptarse. Léronse con todo coidado as notas que Weeden entregara ao Capitán Mathewson e tanto Weeden como Smith foron chamados á presenza da asemblea para que as confirmasen e engadisen algúns detalles. Algo parecido ao medo apoderouse de todos os alí presentes antes de que terminase a conferencia, pero a isto sobrepúxose unha implacábel decisión que o Capitán Whipple se encargou de expresar co seu pintoresco léxico. Non informarían o gobernador, porque era evidente a necesidade dunha acción extraoficial. Se Curwen posuía efectivamente poderes ocultos, non podían convidalo polas boas a que abandonase a cidade, pois tal invitación podía carrexar represalias terribes. Por outra banda e no mellor dos casos, a expulsión do sinistro individuo só significaría o traslado a outro lugar da ameaza que representaba. A lei era letra morta, e aqueles homes que durante tantos anos burlaran as forzas reais non eran dos que se amedrentaban facilmente cando o deber requiría a súa intervención en cuestións máis difíciles e delicadas.

Decidiron que o mellor sería que unha cuadrilla de soldados ben adestrados sorprendese a Curwen na súa granxa de Pawtuxet e lle desen ocasión de se explicar. Se quedaba demostrado que era un tolo que se divertía imitando voces distintas, encerraríano nun manicomio. Se se descubría algo máis grave e os segredos soterrados resultaban ser realidade, mataríano a el e a todos os que o rodeaban. O asunto debía levarse coa maior discreción e no caso de que Curwen morrese non se informaría do sucedido nin á viúva nin ao pai desta.

Mentres se discutían aquelas graves medidas, ocorreu na cidade un incidente tan terríbel e inexplicábel que durante algún tempo non se falou doutra cousa en varios quilómetros á redonda. Unha noite do mes de xaneiro resoaron polos arredores nevados do río, outeiro arriba, unha serie de berros que atraeron multitude de cabezas somnolentas a todas as xanelas. Os que vivían nas inmediacións de Weybosset Point viron entón unha forma branca que se lanzaba freneticamente á auga no claro que se abre diante da Cabeza do Turco. Uns cans ouvearon de lonxe, pero os seus ouveos apagáronse en canto se tornou audíbel o clamor da cidade esperta. Grupos de homes con lanternas e mosquetóns saíron para ver que ocorrera, pero a súa procura resultou infrutuosa. Así e todo, á mañá seguinte, un corpo xigantesco e musculoso foi achado, completamente espido, nas inmediacións dos peiraos meridionais da Ponte Grande, entre os xeos acumulados xunto á destilería de Abbott. A identidade do cadáver converteuse en tema de especulacións e murmuracións sen fin. Os máis vellos intercambiaban furtivos murmurios de asombro e de temor, xa que aquel rostro ríxido, cos ollos desorbitados polo terror, espertaba neles un recordo: o dun home morto había xa máis de cincuenta anos.

Ezra Weeden presenciou o achado e, lembrando os ladridos da noite anterior, meteuse por Weybosset Street e pola ponte de Muddy Dock, en dirección ao lugar de onde viñera o son. Cando chegou ao límite do barrio habitado, ao lugar onde se iniciaba a estrada de Pawtuxet, non lle sorprendeu achar pegadas moi estrañas na neve. O xigante espido fora perseguido por cans e por moitos homes que calzaban pesadas botas, e o rastro dos cans e os seus donos podía seguirse facilmente. Interromperan a persecución temendo achegarse demasiado á cidade. Weeden sorriu e decidiu seguir as pegadas até as súas orixes. Partían, como supuxera, da granxa de Joseph Curwen, e seguiría a súa investigación de non ver tantos rastros de pisadas na neve. Dadas as circunstancias, non se atreveu a mostrarse demasiado interesado a plena luz do día. O doutor Bowen, a quen Weeden informou decontado do seu descubrimento, levou a cabo a autopsia do estraño cadáver e descubriu unhas peculiaridades que o desconcertaron profundamente. O tubo dixestivo non parecera utilizarse nunca, en tanto que a pel mostraba unha dureza que o doutor non soubo a que atribuír. Impresionado polo que os anciáns murmuraban sobre o parecido daquel cadáver co ferreiro Daniel Green, falecido había xa dez lustros, e cuxo neto, Aaron Moppin, era sobrecargo ao servizo de Curwen, Weeden procurou pescudar onde enterraran a Green.

Aquela noite, un grupo de dez homes visitou o antigo Cemiterio do Norte e abriu a tumba. Tal como Weeden supuxera, atopárona baleira. Mentres tanto, deuse aviso aos portadores do correo para que interceptasen a correspondencia do misterioso personaxe e pouco despois do achado daquel corpo espido, foi parar a mans da xunta de cidadáns interesados no caso unha carta escrita por un tal Jedediah Orne, veciño de Salem, que lles deu moito que pensar. Charles Ward

atopou un fragmento da devandita misiva reproducida no arquivo privado de certa familia. Decía o seguinte:

«Satisfaimo en extremo que continúe a súa mercé o estudo das Vellas Materias ao seu modo e maneira, e moito dubido de que o señor Hutchinson de Salem obtivese mellores resultados. Certamente foi moi grande o espanto que provocou nel a Forma que invocou, a partir daquilo do que puido conseguir só unha parte. Non tivo os efectos desexados o que a súa mercé nos enviou, xa fose porque faltaba algo, ou porque as palabras non eran as xustas e adecuadas, ben porque me equivocase eu ao dicilas, ben porque se confundise a súa mercé ao copialas. Tal cal estou, só, non acho que facer. Carezo dos coñecementos de química necesarios para seguir a Borellus e non acerto a descifrar o Libro VII do Necronomicon que me recomendou. Quero encomendarlle que observe en todo momento o que a súa mercé nos pediu, a saber, que garde gran cautela respecto de quen invoca e teña sempre presente o que o señor Mather escribiu nas súas anotacións ao... en que representa con veracidade tan terríbel cousa. Prégolle non chame á súa presenza a ninguén que non poida dominar, é dicir, a ninguén que poida conxurar á súa vez algún poder contra o cal resulten ineficaces os seus máis poderosos recursos. É mester que chame ás Potencias Menores non sexa que as Maiores non queiran responderlle ou lle excedan en poder. Espántame saber que coñece a súa mercé cal é o contido da Caixa de Ébano de Ben Zarisnatnik, porque da noticia deduzo quen lle revelou o segredo. Rógolle outra vez que se dirixa a min utilizando o nome de Jedediah e non o de Simon. Perigosa é esta cidade para o home que quere sobrevivir e xa ten

coñecemento a súa mercé do meu plan por medio do cal volvín ao mundo baixo a forma do meu fillo.

Ardo en desexos de que me comunique o que Sylvanus Codicus revelou ao Home Negro na súa cripta, baixo o muro romano, e agradecereille envieme o manuscrito de que me fala.»

Outra misiva, esta procedente de Filadelfia e carente de sinatura, provocou igual preocupación, especialmente a seguinte pasaxe:

«Tal como me solicita a súa mercé, enviareille as contas só por medio das súas naves, aínda que nunca sei con certeza cando esperar a súa chegada. Do asunto de que falamos necesito unicamente unha cousa máis, pero quero estar seguro de entender exactamente todas as súas recomendacións. Dime que para conseguir o efecto desexado non debe faltar parte ningunha, pero ben sabe a súa mercé como de difícil é proverse de todo o necesario. Xulgo tan traballosa como perigosa subtraer a Caixa enteira, e nas igrexas da vila (xa sexa a de San Pedro, a de San Paulo, a de Santa María ou a do Santo Cristo), é de completamente imposíbel levalo a cabo, pero sei ben que o que logrei invocar o outubro pasado tiña moitas imperfeccións e que houbo que utilizar innumerábeis espécimes até dar en 1766 coa Forma adecuada. Por todo iso reitero que me deixarei guiar en todo momento polas instrucións que teña a ben darme a súa mercé. Espero impaciente a chegada do seu bergantín e pregunto todos os días no peirao do señor Biddle.»

Unha terceira carta, igualmente sospeitosa, estaba escrita en idioma estranxeiro e con alfabeto descoñecido. No diario que logo encontrou

Charles Ward, Smith reproducira torpemente unha determinada combinación de caracteres que viu repetida nela varias veces. Os especialistas da Universidade de Brown determinaron que tales caracteres correspondían ao alfabeto amhárico ou abisinio, pero non lograron identificar a palabra en cuestión. Ningunha das tres cartas chegou xamais a mans de Curwen, aínda que o feito de que Jedediah Orne desaparecese ao pouco tempo de Salem, demostra que os conxurados de Providence tomaran certas medidas con toda discreción. A Sociedade Histórica de Pensilvania posúe tamén unha curiosa carta escrita por un tal doutor Shippen en que se menciona a chegada a Filadelfia por aquel tempo dun estraño personaxe. Pero, mentres, algo máis importante se tramaba. Os principais froitos dos descubrimentos de Weeden resultaron das reunións secretas de mariñeiros e mercenarios xuramentados que tiñan lugar durante a noite nos almacéns de Brown. Lenta, pero seguramente, íase elaborando un plan de campaña destinado a eliminar, sen deixar rastro, os sinistros misterios de Joseph Curwen.

A pesar de todas as precaucións adoptadas para que non reparase na vixilancia de que era obxecto, o sinistro personaxe debeu observar que algo anormal ocorría, xa que a partir de entón pareceu sempre moi preocupado. A súa carruaxe era vista acotío na cidade e na estrada de Pawtuxet, e aos poucos foi abandonando o aire de forzada amabilidade con que ultimamente tratara de combater os prexuízos da cidade.

Os veciños máis próximos á súa granxa, os Fenner, viron unha noite un gran chorro de luz que brotaba dalgunha abertura do teito daquel edificio de pedra que tiña troneiras no canto de xanelas, acontecemento que comunicaron rapidamente a John Brown. Converteuse este en xefe do grupo decidido a terminar con Curwen, e

con tal fin informara aos Fenner dos seus propósitos, o cal considerou necesario debido a que os granxeiros habían de ser testemuñas forzosamente do ataque final. Xustificou o asalto dicindo que Curwen era unha espía dos oficiais de aduanas de Newport, en contra dos cales se alzaba naqueles días todo fretador, comerciante ou granxeiro de Providence, aberta ou clandestinamente. Se os veciños de Curwen creron ou non o engano, é cousa que non se sabe con certeza, pero o certo é que se mostraron máis que dispostos a relacionar calquera manifestación do mal cun home que tan estraños costumes demostraba. O señor Brown encargáralles que vixiasen a granxa de Curwen e, en consecuencia, informábane puntualmente de todo incidente que tivese lugar na propiedade en cuestión.

A probabilidade de que Curwen estivese en garda e proxectase algo anormal, como suxería aquel feixe de luz, precipitou finalmente a acción tan coidadosamente planeada polo grupo de cidadáns. Segundo o diario de Smith, case un centenar de homes reuníronse ás dez da noite do 12 de abril de 1771 na gran sala da Taberna Thurston, alén da ponte de Weybosset Point. Entre os xefes, ademais de John Brown, figuraban o doutor Bowen, co seu maletín de instrumental cirúrxico; o presidente Manning sen a súa perruca (que se tiña pola maior nas colonias); o gobernador Hopkins, envolvido na súa capa negra e acompañado do seu irmán Eseh, ao cal iniciara no último momento co consentimento dos seus compañeiros; John Carter; o capitán Mathewson e o capitán Whipple, encargado de dirixir a expedición. Os xefes conferenciaron aparte nun cuarto traseiro, despois do cal o capitán Whipple

presentouse na sala e deu aos homes alí reunidos as últimas instrucións. Eleazar Smith atopábase cos xefes da expedición esperando a chegada de Ezra Weeden, que fora encargado de non perder de vista a Curwen e de informar da marcha da súa carruaxe cara á granxa. Arredor das dez e media ouviuse o ruído dunhas rodas que pasaban sobre a Ponte Grande e non houbo necesidade de esperar a Weeden para saber que Curwen saíra en dirección á sinistra granxa. Pouco despois, mentres a carruaxe se afastaba en dirección á ponte de Muddy Dock, apareceu Weeden. Os homes aliñáronse silenciosamente na rúa empuñando os fusís, as escopetas e os arpóns baleeiros que levaban consigo.

Weeden e Smith formaban parte do grupo e, dos cidadáns deliberantes, atopábanse alí dispostos ao servizo activo o capitán Whipple, en calidade de xefe da expedición, o capitán Eseh Hopkins, John Carter, o presidente Manning, o capitán Mathewson e o doutor Bowen, xunto con Moses Brown, que chegara ás once e estivera ausente, por tanto, da sesión preliminar na taberna. O grupo emprendeu a marcha sen demora, encamiñándose cara á estrada de Pawtuxet. Pouco máis aló da igrexa de Elder

Snow, algúns dos homes deran a volta para ollar a cidade durmida baixo as estrelas primaverais. Torres e campanarios elevaban as súas formas escuras mentres que do norte chegaba unha suave brisa con resaibo a sal. As estrelas elevábanse alén da auga, sobre o alto outeiro coroadado dun arboredo interrompidas só polos tellados do edificio da universidade, aínda en construción. Ao pé do outeiro e arredor das canellas que descendían aba abaixo, durmía a cidade, a vella Providence, por cuxo ben e seguridade estaban a piques de esmagar blasfemia tan colosal.

Unha hora e cuarto despois os expedicionarios chegaban, tal como estaba previsto, á granxa dos Fenner, onde ouviron o informe final arredor das actividades de Curwen. Chegara á granxa media hora antes e inmediatamente despois xurdira unha estraña luz a través do teito do edificio de pedra, aínda que as troneiras que facían de xanelas seguían tan escuras como adoitaban estalo ultimamente. Mentres os acabados de chegar escoitaban esta noticia viuse outro resplandor elevarse en dirección ao sur, co cal os expedicionarios souberon sen a menor dúbida que chegaran a un escenario onde ían presenciar marabillas abraiantes e sobrenaturais. O capitán Whipple ordenou que as súas forzas se dividisen en tres grupos: un de vinte homes ao mando de Eleazar Smith, que até que a súa presenza fose necesaria na granxa habería de apostarse no embarcadoiro e impedir a intervención de posíbeis reforzos enviados por Curwen; un segundo grupo doutros tantos homes dirixidos polo capitán Eseh Hopkins que se encargaría de penetrar polo val do río situado ás costas da granxa e de derrubar con machadas ou pólvora en caso necesario, a porta de carballo descuberta por Weeden; e un terceiro grupo que atacaría de fronte a granxa e o edificio contiguo. Deste último grupo, unha terceira parte, ao mando do capitán Mathewson, iría directamente ao edificio de pedra, outra terceira parte seguiría ao capitán Whipple até o edificio principal da granxa, e o resto formaría un círculo arredor dos dous edificios para acudir ao ouvir un sinal de emerxencia onde a súa presenza se fixese máis necesaria.

O grupo que había de penetrar polo val derrubaría a porta ao ouvir un único sinal de chifre e capturaría todo aquilo que xurdise das zonas inferiores. Ao ouvir dúas veces seguidas o son do chifre, avanzaría polo pasadizo para enfrontarse ao inimigo ou unirse ao resto do continxente.

O grupo encargado de atacar o edificio de pedra interpretaría os sons do chifre de maneira análoga: ao ouvir o primeiro derrubarían a porta e ao ouvir os segundos examinarían calquera pasadizo ou subterráneo que puidesen atopar e axudarían os seus compañeiros no combate que supuñan habería de ter lugar nesas cavernas. Un terceiro sinal constituiría a chamada de emerxencia ao grupo de reserva. Os seus vinte homes dividiríanse en dous equipos que se internarían respectivamente pola porta de carballo e no edificio de pedra. A certeza do capitán Whipple sobre a existencia de catacumbas na propiedade era tan absoluta que non dubidou nin por un momento en tela en conta ao elaborar os seus plans. Levaba con el un chifre de son moi agudo para que ninguén confundise os sinais. O grupo apostado xunto ao embarcadoiro naturalmente non podería ouvílo. De requirirse a súa axuda, faríase necesario o envío dun mensaxeiro. Moses Brown e John Carter foron co capitán Hopkins á beira do río mentres que o presidente Manning acompañaba o capitán Mathewson e o grupo destinado a asaltar o edificio de pedra. O doutor Bowen e Ezra Weeden uníronse ao destacamento de Whipple, que tiña ao seu cargo o ataque ao edificio central da granxa. A operación comezaría axiña que un mensaxeiro do capitán Hopkins notificase ao capitán Whipple que o grupo do río estaba no seu posto. Whipple faría soar entón o chifre e os grupos atacarían simultaneamente o tres puntos convidados. Pouco antes da unha da madrugada, os tres destacamentos saíron da granxa de Fenner, un en dirección ao embarcadoiro, outro en dirección á porta do outeiro e o terceiro, tras subdividirse, en dirección aos edificios da granxa de Curwen.

Eleazar Smith, que acompañaba o grupo que se dirixía ao embarcadoiro, rexistra no seu diario unha marcha silenciosa e unha

longa espera no arrecife que se ergue sobre a baía. Logo ouviuse o sinal de ataque, seguido dunha explosión de ouveos e de berros. Un home creu ouvir algúns disparos e o propio Smith captou sons dunha voz atronadora que resoaba no ar. Pouco antes do amencer, un aterrorizado mensaxeiro cos ollos desorbitados e as roupas enchoupadas dun fedor espantoso e descoñecido presentouse ante o grupo e dixo aos homes que regresasen silenciosamente aos seus fogares e non volvesen pensar xamais no que sucedera aquela noite nin na persoa de Joseph Curwen. O aspecto do mensaxeiro produciu naqueles seres unha impresión que as súas palabras non poderían causar por si soas. A pesar de ser un mariñeiro coñecido pola maioría deles, algo escuro perdera ou gañara a súa alma, algo que o situaba nun mundo aparte. E o mesmo ocorreu máis tarde cando atoparon outros antigos compañeiros que se penetraron nas rexións do horror. A maioría deles adquiriran ou perderan algo misterioso ou indescritíbel. Viran, ouviran ou captaran algo que non estaba destinado ao entendemento humano e non podían esquecelo. Xamais falaron entre eles do sucedido, porque até para o máis común dos instintos mortais existen fronteiras insalvábeis. En canto ao grupo do embarcadoiro, o espanto indicíbel que lles transmitiu aquel único mensaxeiro selou tamén os seus beizos. Poucos son os rumores que deles proceden e o diario de Eleazar Smith é o único testemuño escrito que deixou todo aquel corpo de expedicionarios.

Charles Ward, no entanto, descubriu outra vaga fonte de información nalgunhas cartas dos Fenner que atopou en New London, onde sabía que vivira outra rama da familia. Parece ser que os veciños de Curwen, desde cuxa casa se podía ver a granxa condenada, presenciaron a partida das columnas expedicionarias e ouviran claramente os furiosos ladridos dos cans sucedidos pola explosión que precipitou o ataque. A

aquela primeira explosión seguiran a elevación dun gran chorro de luz procedente do edificio de pedra, e, pouco despois, o resoar de disparos de mosquetón e de escopeta acompañados duns horribles berros que o autor da carta, Luke Fenner, reproducira por escrito do seguinte modo:

«Whaaaaarr... Rwhaaarr».

Eran aqueles berros, con todo, dunha calidade que a simple escrita non podía reproducir, e o correspondente mencionaba o feito de que a súa nai se desmaiara ao ouvilos. Máis tarde repetíronse con menos forza, mesturados esta vez con outros disparos e unha xorda explosión que tivo lugar alén do río. Por volta dunha hora despois todos os cans empezaron a ladrar espantosamente e a terra pareceu estremecerse até o punto de que os candelabros oscilaron sobre a repisa da cheminea. Percibiuse un intenso cheiro a xofre e, segundo o pai de Luke Fenner, foi entón cando se ouviu o terceiro sinal, é dicir, o de emerxencia, aínda que o resto da familia non chegou a percibilo. Volveron soar disparos sucedidos agora por un berro menos agudo pero moito máis horríbel que os precedentes, unha especie de tose gutural, de gorgolexo indescritíbel que se se xulgou berro, foi máis pola súa continuidade e polo impacto psicolóxico que causou, que polo seu valor acústico real. Logo viuse unha forma envolta en chamas nos arredores da granxa de Curwen e ouvíronse berros de homes aterrorizados. Os mosquetóns volveron disparar e a forma flamíxera caeu ao chan. Apareceu despois unha segunda forma envolta en lume, e ouviuse claramente un feble berro humano. Fenner, segundo di na súa carta, puido murmurar, entre o horror que sentía, unhas poucas palabras:

«Señor Todopoderoso, protexe o teu año».

Seguiron máis disparos e a segunda forma esborrallouse. Fíxose entón un silencio que durou case tres cuartos de hora. Logo deste tempo o pequeno Arthur Fenner, irmán de Luke, dixo ver «unha néboa vermella» que ascendía cara ás estrelas desde a granxa maldita. Ninguén máis que o raparigo foi testemuña do feito, pero Luke admitía que naquel mesmo instante se arquearon os lombos e se ourizaron os cabelos dos tres gatos que se atopaban na estancia.

Cinco minutos despois soprou un vento xeado e o ar encheuse dun fedor tan insoportábel que só a forte brisa do mar puido impedir que fose captado polo grupo apostado xunto ao embarcadoiro ou por calquera ser humano esperto na aldea de Pawtuxet. O fedor non se parecía a ningún dos que Fenner coñecera até entón e producía unha especie de medo amorfo, penetrante, moito máis intenso que o que pode causar unha tumba ou un osario. Case inmediatamente resoou aquela espantosa voz que ningún dos que a ouviron puideron esquecer xamais. Atronou o ar e fixo renxer os cristais das xanelas mentres os seus ecos se apagaban. Era profunda e musical, poderosa como un órgano, pero maldita como os libros prohibidos dos árabes. Ningún home puido interpretar o que dixo porque falou nun idioma descoñecido, pero Luke Fenner tratou de reproducilo así:

*«DESMES... JESHET... BONEDOSEFEDUVEMA...
ENTTEMOSS».*

Até o ano 1919 ninguén relacionou aquela basta transcripción con ningunha fórmula coñecida, pero Ward palideceu ao recoñecer nela o que Mirandola denunciara, cun arreguizo, como a máis terrorífica das invocacións da maxia negra.

Un coro de berros inconfundibelmente humanos pareceu responder a aquela maligna invocación desde a granxa de Curwen, despois do cal o misterioso fedor mesturouse con outro igualmente insoportábel. Un ouveo distinto do balbordo anterior deixouse ouvir entón, subindo e baixando de ton en indescritíbeis paroxismos. Ás veces facíase case articulado, aínda que ningún dos que o ouvían puideron captar nin unha soa palabra coñecida, e nun momento determinado pareceu achegarse aos límites dunha risa histórica e diabólica. Logo, un alarido aterrorizado e demente xurdiu de numerosas gorxas humanas, un alarido que se ouviu forte e claro a pesar de que evidentemente xurdía de enormes profundidades.

A continuación, a escuridade e o silencio envolvérono todo. Unhas espirais de fume acre ascenderon até as estrelas aínda que non se viu rastro de lume, nin se observou ao día seguinte que ningún edificio desaparecera ou resultara danado na súa estrutura.

Contra o amencer, dous asustados mensaxeiros coas roupas enchoupadas nun fedor monstruoso e inclasificábel, chamaron á porta dos Fenner e pediron un bocoi de ron que pagaron a moi bo prezo, por certo. Un deles díxolle á familia que o caso de Joseph Curwen estaba resolto e que os acontecementos daquela noite non volverían mencionarse nunca. En definitiva, o único testemuño que queda do que se viu e ouviu naquela noite son as furtivas cartas de Luke Fenner, quen por certo, daba nelas instrucións ao seu parente para que as destruíse logo de as ler. O feito de que este non obedecese a súa orde impediu que o asunto caese nun total e misericordioso esquecemento.

Tras interrogar os habitantes de Pawtuxet, guiado do desexo de descubrir tradicións ancestrais, Charles Ward engadiu un detalle máis ao que pescudara por medio destas cartas. Un ancián chamado Charles

Slocum confioulle que o seu avó lle falara dun rumor que correu na aldea por aquela altura e segundo o cal, unha semana despois de que se anunciase a morte de Joseph Curwen, foi achado no medio do campo un cadáver desfigurado polas chamas. O sorprendente deste rumor era que ese corpo, na medida que podía deducirse do estado en que se achaba, non era nin enteiramente humano nin semellante a ningún animal de que veciño ningún de Pawtuxet tivese a menor noticia.

Ningún dos homes que participaron naquela expedición arrepiante volveu dicir xamais unha soa palabra sobre ela e os vagos datos que se coñecen hoxe proceden de persoas alleas ao grupo de conxurados. Hai algo estarrecedor no coidado con que os expedicionarios destruíron todo o que aludía, de preto ou de lonxe, ao asunto.

Oito mariñeiros resultaron mortos, pero aínda que os corpos non foron entregados nunca aos seus familiares, estes quedaron satisfeitos coa explicación de que tivera lugar un enfrontamento cos aduaneiros. A mesma explicación xustificou os numerosos casos de feridas, todas elas atendidas e vendadas polo doutor Jabez Bowen, que acompañara a expedición. Máis difícil de explicar resultou aquel fedor indicíbel apegado ao corpo de todos os expedicionarios, cousa que se comentou durante semanas enteiras. Dos xefes daquela partida, o capitán Whipple e Moses Brown resultaron gravemente feridos. Varias cartas escritas polas súas esposas testemuñan o desconcerto que produciu nelas a reticencia dos seus maridos respecto das súas vendaxes. O certo é que todos os participantes recibiron unha forte impresión. Por sorte eran homes de acción e de conviccións relixiosas simples e ortodoxas, pois de

ser máis introspectivos e dados ás complicacións mentais, sen dúbida caerían enfermos. O máis afectado foi o presidente Manning, pero mesmo el chegou, segundo parece, a superar aqueles negros recordos a base de pregarias. Todos os xefes daquela expedición interviñeron máis tarde en feitos decisivos e é probabelmente moi afortunado que así fose. Pouco máis dun ano despois daquel asalto, o capitán Whipple encabezou o grupo que incendiou a nave aduaneira *Gaspee*, fazaña que sen dúbida contribuíu a borrar o recordo das terríbeis imaxes que puideran sobrevivir na súa memoria.

Á viúva de Joseph Curwen foille entregado un cadaleito selado, de chumbo e de raro deseño, que fora achado na granxa e que contiña, segundo dixeron, o cadáver do seu marido. Explicáronlle que morrera en loita cos aduaneiros e que non conviña dar máis detalles sobre o acontecemento. Ninguén se atreveu a falar da fin de Joseph Curwen, e Charles Ward contou cun só indicio para elaborar a súa teoría. Ese indicio era vago en extremo e consistía nunha pasaxe subliñada daquela carta que Jedediah Orne enviara a Curwen, carta que fora confiscada e que Ezra Weeden copiara en parte. Devandita copia achábase agora en posesión dos descendentes de Smith e a nós tócanos decidir se Weeden lla entregou ao seu compañeiro despois do ataque á granxa, como testemuño da anormalidade do que ocorrera, ou se, como é máis probábel, Smith xa a tiña no seu poder anteriormente e subliñouna despois de tirarlle da lingua ao seu amigo interrogándoo sabiamente. A pasaxe subliñada dicía:

«Prégolle que non chame á súa presenza ninguén que non poida dominar, é dicir, ninguén que poida conxurar á súa vez algún poder contra o cal resulten ineficaces os seus máis poderosos recursos.»

Á luz desta pasaxe e pensando nos inimigos sen nome que un home acosado podía invocar na súa axuda, Charles Ward puido moi ben preguntarse se foi en verdade algún cidadán de Providence quen matou a Joseph Curwen.

A eliminación deliberada de todo o que nos anais de Providence puidese lembrar ao morto, quedou grandemente facilitado pola influencia dos xefes da expedición, aínda que estes non se propuxeron nun primeiro momento ser tan exhaustivos. Ocultaron á viúva, ao pai e á filla desta, a verdade do ocorrido, pero o capitán Tillinghast era home astuto e non tardaron en chegar aos seus ouvidos rumores que o encheron de horror e o impulsaron a solicitar o cambio de nome para a súa filla e para a súa neta. Queimou ademais a biblioteca do seu xenro e todos os documentos e borrou a inscrición que figuraba na lápida da súa tumba. Coñecía perfectamente o capitán Whipple e probabelmente logrou extraer daquel rudo mariño máis información que ningunha outra persoa arredor da misteriosa fin do sinistro bruxo.

A partir de entón, tratouse por todos os medios de borrar a memoria de Curwen, tarefa que chegou a alcanzar, por común acordo, aos arquivos oficiais da cidade e aos da Gazette. Só pode compararse aquel afán, en espírito, ao baldón que recaeu sobre o nome de Oscar Wilde durante a década seguinte á súa desgraza e, en extensión, á sorte daquel pecador Rei de Runagur do conto de Lord Dunsany, ao cal os deuses condenaron non soamente a deixar de estar senón tamén a deixar de ser.

A señora Tillinghast, nome con que se coñeceu a viúva a partir de 1772, vendeu a casa de Olney Court e viviu co seu pai en Powers Lane até o seu falecemento, ocorrido en 1817. A granxa de Pawtuxet, rexeitada por todos, permaneceu solitaria ao longo dos anos e empezou

a esborrallarse con incríbel rapidez. En 1780 só quedaban en pé as paredes de pedra e de cachotaría, e en 1800 o lugar era unha morea de ruínas. Ninguén ousaba traspasar a barreira de arbustos que se alzaba na aba onde se descubriu a porta de carballo, nin ninguén tratou en moito tempo de facerse unha idea definitiva do escenario que viu a Joseph Curwen partir dos horrores que el mesmo provocara. Só se ouviu en certa ocasión ao capitán Whipple murmurar para o seu capote:

«Maldito sexa ese...! Non tiña dereito a rir mentres gritaba. Era como se o moi... tivese algún segredo. Non queimei a súa... casa por un pelo.»



CAPÍTULO III

UNHA PROCURA E UNHA INVOCACIÓN

I

Charles Ward, como vimos, pescudou en 1918 que descendía de Joseph Curwen. Non é de estrañar que decontado xurdise nel un profundo interese por todo o relacionado con ese misterio, xa que os vagos rumores que ouvira arredor daquel personaxe adquiriran para el unha importancia vital desde o momento en que soubo que polas veas de ambos os dous corría o mesmo sangue. Ningún xenealoxista que se prezase podía menos que iniciar unha procura ávida e sistemática de todo o relativo a Curwen.

Nas súas primeiras investigacións non manifestou o menor intento de gardar o segredo, de xeito que mesmo o doutor Lyman dubida en datar os comezos da tolemia do mozo nun período anterior a 1919. Falaba libremente coa súa familia, aínda que á súa nai non lle compracía demasiado ter un antepasado como Curwen, e cos funcionarios dos diversos museos e bibliotecas que frecuentaba. Ao acudir aos particulares en busca de datos ou documentos, non ocultaba o obxecto das súas pescudas e compartía o divertido escepticismo con que eran considerados os relatos dos autores de diarios e cartas. Pero si adoitaba expresar unha seria curiosidade polo que realmente ocorrera había século e medio na granxa de Pawtuxet, cuxo emprazamento tratou inutilmente de localizar, e por pescudar que clase de individuo fora Joseph Curwen.

Cando deu co diario e os arquivos de Smith e atopou a carta de Jedediah Orne, decidiu visitar Salem e investigar cales foran as actividades desenvolvidas alí por Curwen, cousa que levou a cabo durante as vacacións de Pascua de 1919. No Instituto Essex, que coñecía de anteriores estancias na antiga cidade puritana de campanarios ruinosos e tellados amoreados, foi recibido con grande amabilidade. Alí tivo ocasión de descubrir unha gran cantidade de datos sobre o seu antepasado. Descubriu que nacera o 18 de febreiro de 1662 en Salem-Village, vila que actualmente leva o nome de Danvers e que está situada a uns dez quilómetros da cidade, e que se embarcou á idade de quince anos para regresar coa fala, o vestir e os modais dun inglés en 1686, data en que se estableceu en Salem. Naquela época apenas se relacionaba coa súa familia e pasaba a maior parte do tempo mergullado na lectura de libros que trouxera de Europa e experimentando con estraños produtos químicos que lle chegaban en barcos procedentes de Inglaterra, Francia e Holanda. Certas viaxes súas pola rexión foron obxecto de moitos comentarios e asociábanse con vagos rumores que falaban de cacharelas que ardían pola noite nos outeiros.

Os únicos amigos íntimos de Curwen foran un tal Edward Hutchinson, de Salem-Village, e un tal Simon Orne, de Salem. Víanse a miúdo conversando polos arredores do parque e as visitas entre eles non eran menos frecuentes. Hutchinson posuía unha casa nas proximidades do bosque e dicíase que pola noite se ouvían nela ruídos moi estraños. Comentábase tamén que recibía moitos visitantes de aparencia rara e que as luces das súas xanelas non eran sempre da mesma cor. Os coñecementos que revelaba sobre persoas que morreran había moito tempo e de acontecementos pretéritos, considerábanse claramente

sospeitosos. Hutchinson desapareceu na época do gran pánico de Salem e nunca volveu saberse del.

Tamén Joseph Curwen marchou nesa mesma época, pero ao pouco sóubose que se establecera en Providence. Simon Orne viviu en Salem até 1720, cando empezou a chamar a atención o feito de que non avellentase. Naquela data desapareceu, pero trinta anos despois presentouse un fillo seu a reclamar as súas propiedades. A reclamación prosperou debido a que os documentos, de puño e letra de Simon Orne, non deixaban lugar a dúbidas respecto da súa autenticidade. Jedediah Orne viviu en Salem até 1771, cando certas cartas dun grupo de cidadáns de Providence destinadas ao Reverendo Thomas Barnard e a outros homes de influencia provocaron a súa saída da cidade con rumbo descoñecido. No Instituto Essex, o Concello e a Oficina do Rexistro da Propiedade había certos documentos relativos a estes estraños sucesos, algúns deles tan inofensivos como poden ser un título de propiedade ou unha factura de venda, e outros de natureza máis misteriosa. Nos arquivos en que se gardaba toda a documentación relativa aos procesos por bruxaría, había catro ou cinco alusións inconfundíbeis. Por exemplo, o testemuño que prestou un tal Hepzibah Lawson o día 10 de xullo de 1692 ante o Tribunal de Oyer e Terminen presidido polo xuíz Hawthorne e segundo o cal «corenta bruxas e o Home Negro se reuniran nos bosques situados detrás da casa do señor Hutchinson». Un home chamado Amity How declarou pola súa banda na sesión do 8 de agosto ante o xuíz Gedney que «O señor G. B. (George Burroughs) foi marcado polo diaño a mesma noite que o foron Bridget S., Jonathan A., Simon O., Deliverance W., Joseph C., Susan P., Mehitable C., e Deborah B.». Existía tamén un catálogo da biblioteca de Hutchinson tal como se atopou esta despois da desaparición do seu dono, e un

manuscrito sen terminar, escrito polo propio Hutchinson nunha clave que ninguén puido descifrar. Ward fixo sacar unha copia do manuscrito e empezou a traballar na clave. A partir do mes de agosto a súa tarefa foi cada vez máis intensa e febril e a xulgar pola súa conduta e as súas palabras, pode suporse que logrou descifrala en outubro ou novembro daquel mesmo ano. Con todo, Ward non dixo nunca nada concreto respecto diso. Pero o material de maior e máis inmediato interese era o relativo a Orne. Ward non tivo gran dificultade en demostrar por medio da caligrafía unha cousa que xa dera por suposta despois de ler a carta dirixida a Curwen, é dicir, que Simon Orne e o seu pretendido fillo eran a mesma persoa. Tal como lle dicía Orne ao seu amigo na misiva, consideraba perigoso seguir vivindo en Salem e, daquela, decidiu pasar trinta anos no estranxeiro e volver reclamar as súas propiedades como representante dunha nova xeración da familia. Orne tomou o traballo de destruír a maior parte da súa correspondencia, pero os cidadáns que decidiron pasar á acción en 1771 atoparon e conservaron un feixe de cartas e documentos que espertaron a súa curiosidade. Eran fórmulas crípticas e diagramas escritos por diferentes mans, fórmulas e diagramas que Ward fixo copiar ou fotografar coidadosamente. Achou tamén unha carta sumamente misteriosa que recoñeceu decontado como do puño e letra de Joseph Curwen. Esta carta de Curwen, aínda que sen constancia do ano en que foi escrita, non podía ser evidentemente a que dera lugar á resposta de Orne e que fora caer nas mans de Ezra Weeden. Tras estudala coidadosamente, Ward datouna arredor de 1750. Non estará de máis reproducir aquí o texto completo como mostra do estilo dun home de tan terríbel e misteriosa historia. O destinatario era un tal «Simon», pero o nome aparece sempre riscado (Ward non podía dicir se por obra do seu antepasado ou do mesmo Orne).

Providence,

1 maio

Irmán:

Ao meu honorábel e vello amigo e co debido respecto cara a Aquel que servimos para o seu eterno Poder. Diríxome á súa mercé para informarlle do que debe saber no tocante ao Ultimo Extremo e que facer chegado o momento. Non está no meu ánimo abandonar esta cidade, xa que Providence non xulga coa dureza doutras partes as materias que se saen do común. Atópome atado por naves e mercadorías e non podo obrar por iso como fixo a súa mercé, amais do que a miña granxa de Pawtuxet esconde nas súas entrañas e que non esperaría a miña volta baixo a forma doutro. Pero estou igualmente previsto para o día en que a sorte me abandone e esforceime longo tempo por achar a maneira de regresar logo do Transo. Atopeime onte á noite coas palabras que traen a presenza de YOGGE-SOTHOTHE e vin por primeira vez aquel rostro de que fala Ibn Schacabac no... E dixo que o Salmo III do Liber Damnatus encerra a Clave. Co Sol na V Casa e Saturno na III é mester debuxar o Pentágono de lume e recitar tres veces o Versículo Noveno. E das sementes do Vello nacerá o Novo que mirará cara a atrás sen saber que buscar. Nada disto ocorrerá se non teño Herdeiro e se os Sales ou o método para fabricalos non están dispostos para el. E chegado a este punto, confeso á súa mercé que non dei todos os pasos necesarios nin achei o suficiente. Prolongar o proceso de fabricación fáiseme de día en día máis difícil, e reunir e almacenar os espécimes necesarios para iso, a pesar do moito que me fago traer das Indias. Mostran curiosidade

os meus veciños, aínda que até o momento conseguín contela. Son nisto os cabaleiros peores que os plebeos por ser aqueles máis sosegados nos seus xuízos e máis dignos de crédito. Moito temo que falasen xa Parson e Merritt, emporiso até o momento considérome a salvo. As sustancias químicas necesarias son fáciles de obter por haber na cidade dúas boas boticas, a do doutor Bowen e a de Sam Carew.

Guíome sempre polo que aconsella Borellus e recorro con frecuencia ao Libro VII de Abdul Al-Hazred. O que descubra comunicareillo á súa mercé. Recomendolle que se sirva mentres tanto das Invocacións que lle envío. Se desexa velo, utilice a súa mercé a fórmula que lle envío xunto con esta carta. Recite os seus versos cada Noite de Defuntos e cada Noite de Venres Santo e se os le como é mester, un virá en anos futuros que mire cara a atrás e que se valerá dos Sales que a súa mercé deixara, Xob XIV, XIV.

Moito me alegra saber que se acha a súa mercé outra vez en Salem e espero ter moi pronto o pracer de velo. Teño un bo cabalo de tiro e é moi probábel que compre pronto un coche. Hai un xa en Providence (o do señor Merritt) aínda que os camiños son moi malos. Se se determina a vir, tome a súa mercé a dilixencia de Boston que pasa por Dedham, Wrentham e Attleborough. En todas estas vilas hai boas pousadas.

Recomendolle que durma en Wrentham na pousada do señor Bolcom; as camas son mellores que na pousada do señor Hatch. Así e todo, coma nesta última, porque a cociña é mellor. Se entra en Providence cruzando as fervenzas de Patucket e polo camiño onde se acha a Taberna do señor Sayles, encontrará a miña casa

facilmente. Atópase fronte á pousada do señor Epenetus Olney, en Town Street e na beirarrúa norte de Olney's Court. A distancia desde Boston é duns sesenta quilómetros.

*O seu sincero amigo e Servidor en Almonsin-Mettraton,
JOSEPHUS C.*

Simon Orne

William's Lane

Salem

Aquela carta permitiu a Ward localizar exactamente o fogar de Curwen en Providence, xa que ningún dos documentos que atopara até o momento daba datos tan concretos. O achado resultou aínda máis sorprendente porque aquela casa, que construíra o seu antepasado en 1761 no solar doutra máis antiga, seguía aínda en pé en Olney's Court e xa a coñecía grazas aos seus frecuentes paseos por Stampers Hill. De feito atopábase a moi pouca distancia do seu fogar e estaba habitada por unha familia negra moi apreciada, pois realizaban traballos domésticos tales como lavar a roupa, limpar ou atender os servizos de calefacción. O feito de atopar na afastada Salem datos sobre aquela casa que tanto significara na historia da súa propia familia, impresionou profundamente a Ward, quen decidiu explorala decontado despois do seu regreso a Providence. Os parágrafos máis misteriosos da carta, que interpretou como simbólicos, desconcertárono totalmente aínda que caeu na conta cun arreguizo de curiosidade de que a pasaxe da Biblia que nela se citaba –Xob, 14, 14– era o versículo que di: «Se morre un home, revivirá? Todos os días do meu servizo esperaríaa até que chegase a miña substitución.»

O mozo Ward chegou entón a Providence nun estado de leda excitación e pasou o sábado seguinte dedicado a un prolongado e exhaustivo estudo da casa de Olney Court. O edificio, agora en moi mal estado, non fora nunca unha mansión. Era simplemente un casarón de madeira de dous pisos e de estilo colonial con tellado picudo, ampla cheminea central e soportal adornado con columnas dóricas. No exterior sufrira moi poucas alteracións e Ward, ao miralo, tivo plena conciencia de que contemplaba algo relacionado moi de preto co sinistro obxectivo da súa investigación.

Coñecía a familia que habitaba a casa e foi cortesmente convidado a visitar o interior polo vello Asa e a súa rexa esposa Hannah. Había dentro máis mudanzas das que facía sospeitar o exterior e Ward viu con decepción que os frisos de volutas e os andeis e armarios encaixados desaparecieran, mentres que o revestimento de madeira das paredes estaba marcado, rabuñado, fanado, ou sinxelamente cuberto por papel pintado da máis baixa calidade. Polo xeral a visita non resultou tan produtiva como Ward esperara, pero cando menos sentiu unha grande emoción ao acharse entre aqueles muros ancestrais que aloxaran a Joseph Curwen, home que tanto horror espertara entre os seus concidadáns. Comprobou cun sobresalto de emoción que alguén borrara coidadosamente as iniciais do antigo chamador de bronce.

A partir daquel momento e até que terminou o curso, Ward dedicouse ao estudo da copia do manuscrito de Hutchinson e dos datos relativos a Curwen. A clave do manuscrito resistíasele, pero logrou atopar tantas referencias e tantos indicios sobre onde continuar buscando, que decidiu efectuar unha viaxe a New London e a Nova York para consultar documentos antigos que se conservaban nesas dúas

ciudades. Devandita viaxe foi moi frutífera pois permitiulle localizar as cartas dos Fenner, coa súa terrible descripción do asalto á granxa de Pawtuxet, e a correspondencia Nightingale-Talbot pola cal soubo da existencia do retrato pintado nun panel da biblioteca de Curwen.

O asunto do retrato interesoulle dun xeito especial, pois desexaba saber como fora fisicamente o seu antepasado. Decidiu efectuar, daquela, unha segunda visita á casa de Olney Court, por se lle era posíbel descubrir algo que lle pasara por alto na primeira. Aquela segunda visita tivo lugar a primeiros de agosto. Ward revisou naquela ocasión con sumo coidado as paredes de todos os cuartos que polo seu tamaño puidesen albergar a biblioteca de Curwen. Prestou especial atención aos paneis de madeira que quedaban, na súa maior parte cubertos por sucesivas capas de pintura, e logo dunha hora os seus esforzos víronse recompensados ao descubrir nunha das estancias máis espazosas unha zona de parede máis escura que as outras e, precisamente, situada encima da cheminea. Ao raspala coidadosamente cun coitelo, descubriu que dera cun retrato ao óleo de gran tamaño. Non se atreveu o mozo a seguir raspando por medo a danar o cadro, e decidiu pedir axuda a un experto. Logo de tres días regresou cun artista moi bo coñecedor desas artes, un tal Walter Dwight cuxo estudio se atopa moi preto de College Hill, e decontado deu comezo o restaurador á súa angueira coas sustancias químicas e os métodos apropiados. O vello Asa e a súa esposa estaban moi excitados con todas aquelas idas e vindas, e foron ben recompensados pola invasión que sufrira o seu fogar.

A medida que os traballos de restauración progresaban, Charles Ward foi contemplando con crecente interese as liñas e as sombras paulatinamente desveladas tras o longo esquecemento en que estiveran

sumidas. Dwight empezara pola parte inferior e, dado o tamaño do cadro, o rostro non apareceu até transcorrido algún tempo. Namentres, podía verse que o retratado era un home enxoito e ben formado, vestido con casaca azul mariño, chaleco bordado e medias de seda branca. Estaba sentado nunha cadeira de brazos de madeira tallada e tras el abríase unha xanela cara a un fondo de peiraos e de naves. Cando saíu á luz a cabeza, constataron que levaba unha perruca coidadosamente peiteada. O rostro, delgado e de expresión tranquila, pareceulles vagamente familiar, pero pasaron moitos días antes de que o restaurador e o seu cliente quedasen atónitos ante os detalles daquela cara fraca e pálida e recoñecesen, non sen un toque de espanto, a dramática broma que as leis da herdanza gastaran ao mozo Ward. Porque co derradeiro baño de aceite e o último raspado, saíu á luz finalmente a expresión por tantos anos oculta, e o mozo Charles Dexter Ward, habitante do pasado, recoñeceu os seus propios trazos no aspecto do seu horrendo antepasado.

Levou os seus pais ver a marabilla que descubrira e, nada máis velo, decidiu o señor Ward adquirir o retrato a pesar de estar este pintado sobre un panel de madeira que habería que arrincar. O parecido co raparigo, aínda que os trazos estaban máis formados pola idade, era abraiante. Despois dun século e medio, unha brincadeira das leis xenéticas producira un dobre exacto de Joseph Curwen na persoa de Ward. A nai deste, así e todo, non se parecía ao seu antepasado aínda que si lembraba a algúns parentes que gardaban unha gran semellanza tanto co seu fillo como co malfadado Curwen. Non lle gustou a ela aquel descubrimento e tratou de convencer o seu marido de que sería mellor queimar o cadro. Vía nel algo maligno, non só intrinsecamente, senón tamén no parecido que mostraba co fillo. Pero o señor Ward, que

era fabricante de tecidos de algodón e posuía varios talleres de fiados en Riverpoint, no val de Pawtuxet, era home práctico pouco dado a prestar ouvidos a esa clase de parvadas. O cadro impresionáralo profundamente polo parecido co seu fillo e pensou que o raparigo merecía como agasallo. Resulta innecesario dicir que Charles compartía a opinión do seu pai e uns días despois o señor Ward localizaba o propietario da casa, un home de faccións rateiras e acento gutural, e facíase co panel en cuestión a cambio dunha cantidade que el mesmo fixou para cortar un torrente de untuoso regateo.

Quedaba agora a tarefa de arrincar o panel e trasladalo á casa familiar, onde quedaría instalado no estudio-biblioteca de Charles, situado no terceiro andar. O propio mozo quedou encargado de supervisar o traslado e con tal fin o 28 de agosto acompañou dous empregados da firma Crooker, expertos en decoración, á casa de Olney Court. O panel foi arrincado coidadosamente para ser transportado polo camiión da compañía. Detrás quedou ao descuberto un saínte de cachotaría que sinalaba o curso que seguía a campá da cheminea, e nel descubriu o mozo Ward unha pequena cavidade situada inmediatamente detrás do lugar que ocupara a cabeza do retratado. Examinouna impulsado pola curiosidade e ao mirar no seu interior achou baixo unha grosa capa de po un feixe de papeis amarelados, un grosso libro de notas e uns farrapos de seda que deberan de servir para atar uns e outros. Tras limpálos de po e de cinzas, leu a inscrición que figuraba nas tapas do libro. En caligrafía que aprendera a recoñecer no Instituto Essex, dicía: Diario e notas de Joseph Curwen, Cabaleiro de Providence, natural de Salem.

Profundamente excitado polo seu descubrimento, Ward mostrou o libro aos dous empregados que se achaban ao seu carón. O testemuño

destes sobre a natureza e a autenticidade do achado é decisivo, e o doutor Willett apoiábase nel para construír a súa teoría segundo a cal o mozo non estaba tolo cando empezou a demostrar a súa condición de excéntrico. O resto dos documentos eran así mesmo do puño e letra de Curwen. Un deles parecía especialmente portentoso debido á inscrición que o encabezaba e que dicía así :

«Ao que Virá Despois. Como poderá trasladarse a través do tempo e das esferas». Outro dos documentos estaba escrito en clave e Ward desexou interiormente que fose a mesma do manuscrito de Hutchinson que tantas dores de cabeza estaba a darlle. Un terceiro documento, constatou o mozo con xúbilo, parecía conter a explicación da clave, en tanto que o cuarto e quinto ían dirixidos respectivamente a «Edw. Hutchinson, Fidalgo» e «Jedediah Orne, Cabaleiro», «ou aos seus herdeiros ou herdeiras ou a aqueles que os representen». O sexto e último levaba a inscrición, «Joseph Curwen. A súa vida e as súas Viaxes entre 1678 e 1687. Dos lugares que visitou, do que viu, e do que aprendeu.»

Chegamos ao momento a partir do que a escola máis conservadora de médicos alienistas data a tolemia de Charles Ward. Ao facer o seu descubrimento, o mozo folleou decontado as páxinas do libro e dos manuscritos e, evidentemente, viu algo que lle produciu unha tremenda impresión. De feito, ao mostrar os títulos aos empregados pareceu coidarse moito de que non visen o texto do interior, manifestando un fondo desasosego que a importancia do achado desde o punto de vista da xenealoxía ou a historia non abondaba para explicar. Ao regresar á

súa casa deu conta da nova con certa turbación, como se quixese dar a entender a importancia do descubrimento sen ter que verse obrigado a demostrala. Nin sequera mostrou os títulos aos seus pais. Limitouse a dicirlles que atopara algúns documentos do puño e letra de Joseph Curwen, «a maioría deles en clave», que tería que estudar minuciosamente antes de pronunciarse sobre o seu verdadeiro significado. É moi probábel que tampouco mostrase o seu achado aos obreiros que levantaban o cadro de non ser pola excitación que o alagou nese preciso momento. Unha vez feito, é indubidábel que tratou por todos os medios de ocultar unha curiosidade que puidese contribuír a que o asunto se comentase. Aquela noite Charles Ward non se deitou. Pasou hora tras hora lendo os documentos e o libro acabados de descubrir e cando se fixo de día, continuou lendo. Por petición súa enviáronse as comidas ao seu cuarto e só saíu por uns momentos, cando chegaron os obreiros encargados de instalar no seu estudio o panel co retrato. Á noite seguinte durmiu vestido e só unas poucas horas, nas que interrompeu o seu enfebrecido descifrar do manuscrito. Pola mañá a súa nai viu-no traballando na copia do documento de Hutchinson, que lle mostrara o seu fillo con frecuencia, pero en resposta ás súas preguntas, este limitouse a dicir que a clave de Curwen non servía para descifralo. Esa tarde abandonou a súa angueira para contemplar fascinado os obreiros que viñeran instalar o cadro. Colocaran estes o panel sobre unha cheminea falsa dotada dun lume eléctrico que daba a impresión de ser real, encaixándoo nun marco que facía xogo co revestimento de madeira do cuarto. Serrárano e suxeitárano á parede por medio de bisagras deixando un espazo baleiro detrás a modo de andel. Cando, unha vez terminada a súa tarefa, marcharon os obreiros, o mozo sentou diante do retrato coa metade da

súa atención concentrada no manuscrito e a outra metade no cadro que parecía devolverlle a súa propia imaxe como se dun espello se tratase. Os seus pais, ao lembrar a súa conduta durante aquel período, proporcionan moitos detalles interesantes sobre o segredo co que Charles envolvía os seus estudos. Diante dos criados raramente escondía o manuscrito que estaba a estudar, xa que presumía que a intrincada e arcaica caligrafía de Curwen non podía estar ao seu alcance. Cos seus pais, así e todo, era máis reservado e a menos que o manuscrito en cuestión estivese en clave ou fose sinxelamente unha masa de xeroglíficos descoñecidos (como o titulado «Ao que Virá Despois...») tapábao cun papel até que o visitante marchaba. Pola noite pechaba baixo chave os documentos en cuestión, que gardaba no caixón dunha antiga cómoda, e o mesmo facía cada vez que abandonaba o seu estudio.

Non tardou en volver ao seu horario e hábitos normais, pero os seus longos paseos quedaron interrompidos. A continuación das clases non pareceu ser do seu agrado e frecuentemente declaraba a súa intención de non volver asistir a elas. Tiña, segundo afirmaba, que levar a cabo importantes investigacións, as cales lle proporcionarían máis coñecementos que os que puidese darlle calquera universidade do mundo.

Naturalmente, só alguén que fora sempre máis ou menos estudoso, excéntrico e solitario podía seguir aquel rumbo durante moitos días sen chamar a atención. Ward era por natureza investigador e eremita, por iso é polo que os seus pais quedaron máis preocupados que sorprendidos polo siso e a reclusión en que agora vivía. Ao mesmo tempo, atopaban moi raro que o seu fillo non lles ensinase os tesouros que descubrira, nin lles falase dos datos que descifrara. O mozo xustificaba o seu silencio dicindo que desexaba agardar até poder

anunciarlles algo concreto, pero a medida que transcorrían as semanas foi creándose unha especie de tensión entre os membros da familia, tensión intensificada, no caso da nai, por unha clara aversión a todo o relacionado con Curwen.

No mes de outubro, Ward empezou a visitar de novo bibliotecas, pero xa non buscaba nelas as mesmas cousas que en épocas anteriores. O que agora parecía interesarlle era a bruxaría e a maxia, o ocultismo e a demonoloxía, e cando as fontes de Providence resultaban infrutuosas, tomaba o tren de Boston e revolvía entre os tesouros da gran Biblioteca de Copley Square, da Biblioteca Wiedeher de Harvard, ou do Centro de Investigacións de Brookline, onde poden consultarse obras moi raras sobre temas bíblicos. Compraba moitos libros e tivo que instalar no seu estudio novos andeis onde acomodar as obras recentemente adquiridas. Durante as vacacións de Nadal, efectuou varias viaxes a cidades dos arredores, entre eles un a Salem coa fin de consultar os arquivos do Instituto Essex.

A mediados de xaneiro de 1920, Ward empezou a mostrar unha expresión de triunfo, ao mesmo tempo que deixaba de traballar no manuscrito cifrado de Hutchinson para se dedicar a unha dobre actividade de investigacións químicas e procura en arquivos, instalando para as primeiras un laboratorio no ático da súa casa e acudindo para a segunda a todas as fontes de estatísticas vitais de Providence. Os comerciantes locais especializados en drogas e material de tipo científico, posteriormente interrogados, deron unhas listas ben raras e variadas das sustancias e instrumentos que compraba, pero os empregados do Concello e de diversas bibliotecas coincidiron no relativo ao obxectivo concreto do seu segundo interese, obxectivo que

consistía na procura apaixonada e febril da tumba de Joseph Curwen de cuxa lápida se borrou prudentemente o nome.

Aos poucos, a Familia de Ward foi convencéndose de que algo anormal ocorría. Non era a primeira vez que Charles se amosaba caprichoso e extravagante, pero as súas rarezas actuais resultaban inconcibíbeis, mesmo para se tratar del. As tarefas universitarias deixaran de lle interesar e malia que non lle suspenderon en ningunha materia, era evidente que a súa antiga aplicación se esvaecer por completo. Agora tiña outras preocupacións e cando non se atopaba no seu laboratorio cunha chea de libros antigos, principalmente de alquimia, era porque estaba a pescudar en antigos e poeirentos arquivos, ou ben mergullado na lectura de volumes de ciencias ocultas, no seu estudo, onde o rostro de John Curwen, portentosamente similar ao seu, o ollaba desde unha das paredes.

A últimos de marzo Ward engadiu á súa procura nos arquivos unha fantástica serie de paseos polos diversos cemiterios antigos da cidade. A causa apareceu máis tarde, cando se soubo a través dos empregados do Concello que probablemente atopara unha pista importante. As súas pescudas permitíranlle encontrar por unha coincidencia que a tumba de Joseph Curwen estaba moi próxima á dun tal Naphtali Field. En efecto, ao examinar posteriormente os arquivos que Ward estivera consultando, os investigadores atoparon algo que escapara ao desexo de borrar todo recordo de Curwen: unha anotación fragmentaria na cal se afirmaba que o cadaleito de chumbo fora enterrado «10 pés ao sur e 5 pés ao oeste da tumba de Naphtali Field no...». O feito de que non se especificase o nome do cemiterio dificultaba grandemente a procura e, por outra banda, a tumba de Naphtali Field parecía tan esquiva como a de Curwen, pero no caso de Field non existira ningunha eliminación

sistemática de datos, polo que era presumíbel que a súa sepultura puidese ser localizada. E proba de que Ward o cría así son as frecuentes visitas que efectuaba a cemiterios, excluídos os congregacionistas, xa que pescudara que o único Naphtali Field a quen podía referirse a anotación (un home falecido en 1729), fora baptista.

4

Contra o mes de maio, a petición do señor Ward e provisto de todos os datos relacionados con Curwen que Charles proporcionara á súa familia na súa época «normal», o doutor Willett entrevistouse co mozo. Aquela conversa non lle permitiu ao doutor chegar a ningunha conclusión definitiva, xa que se decatou decontado de que Charles gozaba dunha perfecta saúde mental e se ocupaba de asuntos de verdadeira importancia, pero cando menos obrigou ao reservado mozo a ofrecer unha explicación racional da súa recente conduta. Parecía disposto a falar das súas actividades, aínda que non a revelar cal era o obxectivo das mesmas. Afirmou que os documentos do seu antepasado contiñan algúns notábeis segredos de carácter científico, a maioría deles en clave, e dun alcance só comparábel, polo visto, aos descubrimentos de Bacon e talvez aínda maior. Así e todo, carecían de significado a menos que se relacionasen cun sistema de coñecementos xa obsoleto, de modo que a súa inmediata presentación a un mundo equipado unicamente cos coñecementos da ciencia moderna desposuiríalos de toda espectacularidade e non poría de manifesto o seu dramático significado. Para que ocupasen o lugar que lles correspondía na historia do pensamento humano, tiñan que ser relacionados primeiro coa época á que pertencían, e el dedicábase agora a aquela tarefa. Estaba a estudar

para adquirir o máis rapidamente posíbel o coñecemento das artes antigas que un verdadeiro intérprete dos datos de Curwen debía posuír, e esperaba ao seu debido tempo informar cumpridamente ao xénero humano e ao mundo do pensamento. Nin sequera Einstein, declarou, podía revolucionar dun modo máis radical as teorías científicas do momento.

En canto á procura polos cemiterios, aínda que sen dar detalles dos progresos realizados, dixo que tiña motivos para crer que a mutilada lápida da tumba de Curwen tiña certos símbolos místicos gravados a indicación súa e que deixaran por ignorancia os que tan coidadosamente borrarán o nome. Consideraba eses símbolos absolutamente esenciais para a solución final do sistema cifrado. Na súa opinión, Curwen desexara gardar celosamente o seu segredo e, en consecuencia, distribuía de forma extremadamente curiosa os datos que puidesen levar á solución deste. Cando o doutor Willett quixo ver os documentos que con tanto sigilo gardaba, Ward mostrouse moi misterioso e tratou de saír ao paso ensinándolle a copia do manuscrito de Hutchinson e as fórmulas e diagramas de Orne, pero finalmente permitiulle follear algúns dos documentos de Curwen, o Diario e Notas, e a mensaxe encabezada polas palabras, Ao que Virá Despois... Abriu o Diario por unha páxina coidadosamente elixida en función da súa inocuidade, para que Willett puidese observar a escritura de Curwen. O doutor examinouna con moita atención e da caligrafía e do estilo, que por certo parecían responder máis polo seu arcaísmo ao século XVII que ao XVIII en que estaba datada, deduciu que o manuscrito era auténtico. O texto en si era relativamente anódino e Willett só lembraba del un fragmento:

«Mércores, 16 de outubro, 1754. Arribou a porto no día de hoxe a miña corveta Wahefal. Trouxo XX homes novos recrutados nas Indias españolas de Martinica e holandesas de Surinam. Ouviron os holandeses certos malfadados rumores por esa causa móstranse determinados a desertar. Así e todo coido que poderei convencelos do contrario. Trouxo a corveta tamén por encargo da súa mercé o señor Dexter, 120 pezas de camelote, 100 pezas de camelotine, 20 pezas de silveriana azul, 100 pezas de chalon, 50 pezas de percal e 300 pezas de sarga. Para o señor Green, propietario do Elefante, 50 galóns de cervexa e dez ducias de linguas afumadas. Para o señor Perrigot, un xogo de punzóns. Para o señor Nightingale, 50 resmas de papel de oficio da mellor calidade. Recitei eu cumpridamente o SABAOTH por tres veces sen que Ningún aparecese. Escribir hei ao señor H. de Transilvania, pois paréceme raro en extremo que non me sirva a min o que durante tantos anos lle serviu a el. Paréceme raro tamén non recibir noticias de Simon como de ordinario. Forzoso é que me escriba durante as próximas semanas.»

Ao chegar a este punto o señor Willett volveu a folla, pero Ward interveu rapidamente arrincándolle case o libro das mans. O único que puido ver o doutor da páxina seguinte, foron un par de frases que se gravaron absurdamente e dun modo obsesivo na súa mente. Eran as seguintes:

«Repetín o verso do Libber Damnatus V noites de Venres Santo e IV Noites de Defuntos. Paréceme que haberán de atraer a Aquel que ha de chegar para volver os seus ollos ao pasado, por

todo o cal debo ter dispostas as Sales ou Aquilo con que preparalas».

Willett non viu nada máis, pero aquelas liñas foron dabondo para inspirarlle un novo e vago terror relacionado co home que o contemplaba desde o cadro colgado dunha das paredes do estudio. A partir de entón, tivo a estraña fantasía –a súa profesión impedíalle que pasase de ser tal– de que os ollos do retrato revelaban unha especie de desexo, se non tendencia concreta, a seguir o mozo Ward mentres este se desprazaba pola estancia. Antes de marchar achegouse a examinar o cadro e marabillouse do parecido que as faccións de Curwen tiñan coas de Charles. Gravou na súa memoria os menores detalles do pálido rostro, especialmente un leve cicatriz na cella dereita e decidiu que Cosmo Alexander fora un pintor digno da Escocia que servira de patria a Raeburn e un profesor digno dun mestre como Gilbert Stuart.

Tranquilizados polo doutor no sentido de que a saúde mental de Charles non corría perigo e de que, por outra banda, estaba ocupado nunhas investigacións que podían resultar de suma importancia, os Ward mostráronse máis tolerantes que decotío cando no mes de xuño o mozo se negou rotundamente a volver á Universidade, alegando que debía levar a cabo estudos moito máis importantes e expresando o desexo de facer unha viaxe ao estranxeiro a fin de obter certos datos que non podía conseguir en América. O señor Ward, aínda que se opuxo á viaxe por atopala absurdo no caso dun raparigo que tiña só dezaioito anos de idade, transixiu no concernente aos seus estudos universitarios. De modo que despois de graduarse, non moi brillantemente por certo, na Moses Brown School, pasou Charles tres anos dedicado a absorbentes estudos de ocultismo e a visitar diversos cemiterios. Adquiriu sona de excéntrico e foi deixando aos poucos de relacionarse

con amigos da familia. Vivía pendente do seu traballo, e só de cando en cando se permitía facer unha viaxe a outras cidades para consultar antigos arquivos. En certa ocasión fixo unha visita ao sur para falar cun vello e estraño mulato que vivía nunha braña e sobre o cal un xornal publicara un estraño artigo. Foi tamén a unha pequena aldea das Aironrack para pescudar que había de certo nos relatos arredor das estrañas cerimoniais rituais que alí se practicaban. Pero os seus pais continuaron prohibíndolle a ansiada viaxe a Europa.

En abril de 1923, ao alcanzar a maioría de idade e herdando previamente certa suma do seu avó materno, decidiu satisfacer o desexo que até entón non puidera ver cumprido. Non falou do itinerario; limitouse a dicir que as esixencias dos seus estudos haberían de levarlle a moitos lugares e prometeu escribir aos seus pais dun xeito regular. Ao ver que non podían impedirlo, os Ward deixaron de oporse á viaxe e axudáronlle en todo o que puideron, de modo que no mes de xuño o mozo embarcou para Liverpool coa bendición dos seus pais, que o acompañaron até Boston. A partir da súa chegada a Inglaterra escribiu sobre a viaxe, da súa feliz estancia e do excelente aloxamento que conseguira na Great Russell Street de Londres, onde se propuña permanecer até esgotar os recursos que ofrecía o Museo Británico nun determinado aspecto. Da súa vida cotiá escribía moi pouco, xa que tiña moi pouco que dicir. Os estudos e os experimentos acaparaban todo o seu tempo e nas súas cartas mencionaba un laboratorio que montara nunha das súas habitacións. O feito de que non falase dos seus paseos pola antiga cidade, tan rica en espectáculos atractivos para un afeccionado ás cousas do pasado, acabou de convencer os seus pais de que os novos estudos de Charles absorbían de maneira total a súa atención.

En xuño de 1924 informounos o mozo, por medio dunha breve nota, da súa saída para París, cidade á que fixera xa un par de viaxes rápidas coa fin de reunir determinados materiais na Biblioteca Nacional. Durante os tres meses seguintes, só enviou postais nas que daba unha dirección da rue Saint-Jacques e falaba dunha investigación que levaba a cabo entre os manuscritos dun anónimo coleccionista particular. Fuxía de todos os seus coñecidos e ningún turista puido dicir que o viu en Francia. Logo produciuse un repentino silencio até que en outubro recibiron os Ward unha postal carimbada en Praga e na que Charles os informaba de que se atopaba nunha antiga vila onde fora entrevistarse cun home moi vello que era ao parecer o último ser vivente posuidor de certa información medieval moi curiosa. Daba unha dirección no Neustadt e desde entón non volveu escribir até o mes de xaneiro seguinte, en que enviou varias postais desde Viena falando do seu paso por aquela cidade camiño a unha rexión máis oriental, convidado por un amigo co que mantivera correspondencia e que era tamén afeccionado ás ciencias ocultas.

A seguinte postal procedía de Klausenburg, Transilvania, e nela falaba Ward da viaxe que neses días emprendera. Ía visitar un tal barón Ferenczy, cuxas posesións se atopaban nas montañas situadas ao leste de Rakus. A esta cidade e a nome daquel nobre debían dirixirille a correspondencia. Unha semana máis tarde chegou outra carta procedente de Rakus na que dicía que a carruaxe do seu anfitrión iría recollelo e que partía en dirección ás montañas. Aquelas foron as únicas noticias que os Ward recibiron do seu fillo durante longo tempo. Non contestou este as súas frecuentes cartas até o mes de maio, data en que escribiu para oporse ao plan dos seus pais, que desexaban reunirse con el en Londres, París ou Roma durante o verán, no curso dunha viaxe

que pensaban efectuar a Europa. Decía na súa carta que as súas investigacións non lle permitían abandonar a súa actual residencia e que a situación do castelo do barón de Ferenczy non favorecía moito as visitas. Atopábase en plena zona montañosa e a xente daquelas contornas temía tanto a aquelas posesións que os poucos que chegaban a visitalas atopábanse alí moi a desgusto.

Por outra banda, o barón non era persoa cuxo trato puidese ser do agrado dun matrimonio correcto e conservador da boa sociedade de Nova Inglaterra. O mellor, dicía Charles, era que os seus pais agardasen até o seu regreso a Providence, o cal non tardaría en producirse.

Tal regreso non tivo lugar, con todo, até o mes de maio de 1925, cando, tras unha serie de cartas con carimbo heráldico en que o anunciaba, o mozo chegou a Nova York no *Homeric* e percorreu en autobús a distancia que o separaba de Providence. Absorbeu naquel percorrido ansiosamente coa mirada a beleza dos outeiros verdes e ondulados, dos hortos fragrantos en flor e das vilas de brancas torres da antiga Connecticut. Era o seu primeiro contacto con Nova Inglaterra despois dunha ausencia de case catro anos. Cando o autobús cruzou o Pawcatuck e penetrou en Rhode Island entre a maxia da luz dourada daquela tarde primaveral, o seu corazón rompeu a latexar con rapidez desusada. A entrada en Providence polas amplas avenidas de Reservoir e Elmwood deixouno sen respiración a pesar de que nese momento estaba xa afundido nas profundidades dunha erudición prohibida. Na praza onde conflúen as rúas Broad, Weybosset e Empire viu estenderse ante el á luz do crepúsculo as casas e as cúpulas, as agullas e os campanarios do barrio antigo, esa paisaxe tan bela e que tanto lembraba. Sentiu tamén unha estraña sensación mentres o vehículo avanzaba cara á terminal situada detrás do Biltmore revelando ao seu paso a gran

cúpula e o verdor suave, salpicada de tellados, do vello outeiro situado máis aló do río e a esvelta torre colonial da igrexa baptista, cuxa silueta rosada destacaba á máxica luz do atardecer sobre o verde fresco e primaveral do escarpado fondo. A vella Providence! Aquela cidade e as misteriosas forzas da súa prolongada historia impulsárano a vivir e arrastrárono cara ao pasado, cara a marabillas e secretos cuxas fronteiras non podía fixar ningún profeta. Alí esperaba o arcano, o marabilloso ou o arrepiante, aquilo para o que se preparara durante anos de viaxes e de estudo. Un taxi conduciuno até a súa casa pasando pola Praza do Correo, desde onde puido albiscar o río, o mercado vello e o comezo da baía, e seguiu outeiro arriba por Waterman Street até chegar a Prospect, onde a cúpula resplandecente e as columnas xónicas do templo da Christian Science, iluminadas polo sol poñente, despedían brillos avermellados cara ao norte. Viu logo as mansións que admiraran os seus ollos de neno e as pulcras beirarrúas de tixolo tantas veces percorridas polos seus pés infantís. E á fin o edificio branco da granxa á dereita, e á esquerda o soportal clásico e os miradoiros da casa onde nacera. Escurecía e Charles Dexter Ward chegara a casa.

Unha escola de alienistas algo menos conservadora que a do doutor Lyman, afirma que a orixe da tolemia de Ward coincide coa súa viaxe a Europa. Cren que aínda que estaba san cando partiu, a conduta que manifestou ao seu regreso implicaba un cambio desastroso. Pero o doutor Willett négase a compartir incluso este punto de vista, insistindo en que sobreveu algo máis tarde e atribuíndo as rarezas do mozo durante aquel período á práctica duns rituais aprendidos no estranxeiro, rituais

que eran raros en extremo, certo, pero que non tiñan por que responder necesariamente a unha aberración mental por parte do celebrante. O propio Charles, aínda que visibelmente avellentado e máis duro de carácter, seguía mostrándose cordo nas súas reaccións, e nas varias conversas que mantivo con Willett mostrou sempre un equilibrio que ningún tolo, nin sequera nos primeiros estadios da súa enfermidade, podía ser capaz de finxir dun modo continuado. O que naquel período deu orixe á idea da anormalidade de Ward foron os sons que acotío se ouvían no seu laboratorio do faiado, onde permanecía encerrado a meirande parte do tempo. Eran cánticos, ladaíñas e estrondosos recitados, e aínda que os sons procedían sempre do propio Ward, había algo na calidade da súa voz e no acento con que pronunciaba as palabras daquelas fórmulas que non podía menos que xear o sangue nas veas de todos os que o escoitaban. Observouse tamén que Nig, o vello gato da casa, arqueaba o lombo cos pelos de punta cando se ouvían certas palabras.

Os cheiros que xurdían ás veces do laboratorio eran tamén moi raros. En ocasións ofendían ao olfacto, pero con máis frecuencia eran aromáticos e estaban dotados dun encanto esquivo que parecía ter a virtude de inspirar imaxes fantásticas. Todo o que os percibía mostraba unha tendencia inmediata a albiscar por uns segundos espellismos breves, escenas imaxinadas enmarcadas por estraños outeiros ou avenidas sen fin de esfinxes ou hipogrifos que se estendían até o infinito. Ward non volveu máis aos seus paseos doutras épocas. Dedicábase exclusivamente ao estudo dos misteriosos libros que trouxera de Europa e a levar a cabo experimentos igualmente curiosos no seu laboratorio, explicando que o material que atopara nas bibliotecas europeas ampliara considerabelmente as posibilidades da súa

investigación e prometía grandes revelacións en anos vindeiros. O seu avellentamento prematuro foi a máis, até o limite do inverosímil, así como o seu parecido co retrato de Curwen que colgaba da parede do seu estudio, e o doutor Willett detíñase a miúdo ante o cadro despois de cada visita marabillándose da case perfecta similitude e dicíndose internamente que o único que diferenciaba agora a Charles de Joseph Curwen era a pequena cicatriz da cella dereita. Aquelas visitas de Willett, feitas a petición dos pais do mozo, eran algo moi curioso. Ward non se negaba nunca a responder as preguntas do doutor, pero este decatouse axiña de que nunca podería penetrar na intimidade do mozo. Con frecuencia observaba cousas moi raras ao seu redor: pequenas imaxes de cera ou de grotesco deseño nos andeis ou nas mesas e restos a medio borrar de círculos, triángulos e pentágonos debuxados con xiz ou carbón no centro da ampla estancia. Cada noite resoaban tamén aqueles ritos e invocacións, até que se fixo moi difícil reter na casa os criados ou evitar que a xente comentase furtivamente a tolemia de Charles.

En xaneiro de 1927 ocorreu un estraño incidente. Unha noite, por volta das doce, mentres Charles entoaba un cántico cuxa estraña cadencia resoou de xeito desacougante nos pisos inferiores, soprou de súpeto un refacho de vento xeado procedente da baía á vez que se producía un misterioso e leve tremor de terra que non pasou desapercibido a ningún habitante da veciñanza. O gato deu mostras naquel momento dun terror espantoso e os cans ladraron nun par de quilómetros á redonda. Aquilo non foi máis que o preludio dunha súbita treboada totalmente anormal naquela época do ano. Con ela produciuse tal estrondo nos altos da casa que os pais de Charles creron que un raio alcanzara o edificio. Correron escaleiras arriba para ver se o faiado sufrira algún dano e atopáronse a Charles, que lles saíu ao paso

no relanzo do faiado, pálido, decidido e portentoso, cunha temíbel expresión de triunfo e seriedade no rostro. Aseguroulles que non caera raio ningún e que a treboada non tardaría en amainar. O señor Ward mirou a través dunha xanela e puido comprobar que o seu fillo estaba no certo: os lóstregos escintilaban cada vez máis lonxe en tanto que as árbores volvían inmovilizarse tras vérense sacudidas polo xeado refacho de vento. O resoar do trono converteuse nun murmurio afastado e finalmente apagouse. Saíron as estrelas e o selo de triunfo no rostro de Charles Ward cristalizou nunha expresión moi singular.

Durante un par de meses a partir daquel incidente, Ward recluíuse no seu laboratorio menos do habitual. Mostraba, así e todo, un curioso interese polo tempo e continuamente facía estrañas preguntas arredor da época dos desxeos primaverais. Unha noite de finais de marzo saíu de casa despois das doce e non regresou até o amencer. A súa nai, que estaba esperta, ouviu o ruído do motor dun coche. Distinguiu tamén o son de xuramentos afogados e, cando se levantou e se achegou á xanela, distinguiu catro figuras borrosas que sacaban un caixón alargado dunha camioneta e, seguindo as instrucións de Charles, o introducían na casa por unha porta lateral. A señora Ward ouviu claramente o son da respiración axitada dos homes mentres subían a escaleira e finalmente o ruído seco dun pesado obxecto ao ser depositado no chan do faiado. Logo, os pasos descenderon e os catro homes reapareceron no exterior e partiron na camioneta.

Ao día seguinte, Charles volveu á súa estrita reclusión no faiado, correndo previamente as escuras cortinas das xanelas do seu laboratorio. Estaba a traballar, ao parecer, cunha sustancia metálica. Non abriu a porta a ninguén e negouse mesmo a que lle subisen a comida. Por volta do mediodía ouviuse un berro espantoso e o ruído

dunha caída, pero cando a señora Ward correu alarmada á porta do laboratorio, o seu fillo tranquilizouna desde o interior debilmente dicindo que non pasaba nada, que o fedor espantoso e indescribíbel que enchía a casa era completamente inofensivo e desgraciadamente necesario, que era absolutamente imprescindible que o deixasen só e que logo baixaría cear.

Pola tarde, despois de que resoasen na casa uns sons sibilantes que procedían do laboratorio, Charles apareceu ante os seus pais co rostro branco como a cera. O primeiro que dixo naquela ocasión foi que ninguén debía entrar no seu laboratorio baixo ningún pretexto. Aquilo representou o comezo doutro longo período de impenetrábel silencio, xa que a partir dese día ninguén cruzou o limiar nin do misterioso cuarto de traballo, nin da bufarda adxacente, que Charles limpara, amoblara parcamente e engadira, en calidade de dormitorio, aos seus dominios privados e inviolábeis. Alí viviu, rodeado dos libros que fixo subir da biblioteca do piso inferior, até o día en que comprou a casa de Pawtuxet e se trasladou a ela con todo o seu material científico.

Aquela mesma noite, Charles colleu o xornal antes que ningún outro membro da familia e rompeu unha páxina, polo visto por accidente. Máis tarde o doutor Willett, tras fixar a data daquel acontecemento por medio de varias conversas que mantivo cos pais de Ward e a servidume, consultou un exemplar do xornal dese día nos arquivos do *Journal* e descubriu que na páxina rota figuraba a seguinte noticia:

*ROLDADORES NOCTURNOS SORPRENDIDOS NUN
CEMITERIO*

Robert Hart, vixiante nocturno do Cemiterio Norte, sorprendeu esta madrugada un grupo de varios homes cunha camioneta na parte máis antiga do recinto, pero, ao parecer, a súa presenza asustou os roldadores provocando a súa fuxida antes de que puidesen levar a cabo ningunha falcatruada.

O suceso tivo lugar contra as catro da madrugada, hora en que Hart ouviu o ruído do motor dun vehículo. Cando o vixiante se achegou a investigar a orixe daquel son, as súas pisadas alertaron os descoñecidos, que se deron á fuga tras introducir un caixón alongado na camioneta que esperaba nas proximidades. Dado que non se achou removida ningunha das tumbas crese que os individuos en cuestión se propuñan enterrar devandito caixón.

Ao parecer levaban longo intre traballando antes de ser descubertos, xa que o vixiante atopou posteriormente unha fosa aberta xunto ao camiño de Amasa Field, onde hai xa moito tempo que desapareceron a maioría das lápidas do cemiterio antigo. A fosa estaba baleira e a súa situación non responde a ningunha inhumación das rexistradas nos arquivos do cemiterio.

O sarxento Riley, da policía local, tras visitar o lugar do suceso, manifestou que na súa opinión a fosa foi escavada por contrabandistas de bebidas alcohólicas que se propuñan ocultar nela o seu alixo. Hart declarou máis tarde que cría que o vehículo se afastou en dirección á Avenida Rochambeau, pero que non podía afirmalo con seguridade.

Durante os días seguintes a estes acontecementos, Charles apenas foi visto pola súa familia. Durmía na bufarda e permanecía encerrado no seu laboratorio, todas as horas do día. Ordenou que lle deixasen as

comidas xunto á porta e non saía a recollelas até que a doncela desaparecera.

Resoaban a intervalos na casa o zunido monótono de fórmulas recitadas incansabelmente e cánticos de ritmo extravagante mesturados co tanxer de cristais, o gorgolexo que producían ao ferver os produtos químicos, o rumor da auga corrente ou o ruxir das chamas do gas.

Fedores sen cualificativo, distintos de todos os cheiros coñecidos, flotaban frecuentemente nas proximidades da porta do laboratorio e o ar de extrema tensión que rodeaba o novo recluído sempre que se aventuraba a saír do seu reduto por breves instantes, provocaba as suposicións máis desatinadas. En certa ocasión fixo unha apresurada viaxe ao Ateneo en busca dun libro que necesitaba, e outro día contratou un mensaxeiro para que fose buscar a Boston un volume moi raro. A angustia que provocou tal situación fíxose imposíbel de aturar e nin o doutor Willett nin os pais de Charles souberon que facer nin que pensar sobre tal cousa.

O día 15 de abril tivo lugar un acontecemento moi estraño. Malia que a situación seguía a se manter aparentemente estacionaria, era innegábel que tivera lugar un cambio de grao ao cal atribúe o doutor Willett unha grande importancia. Era o día de Venres Santo, circunstancia que os criados non deixaron de comentar e que outras persoas consideraron simple coincidencia. A última hora da tarde, o mozo Ward comezou a repetir unha fórmula en voz máis alta que de costume á vez que queimaba algunha sustancia cuxo cheiro estrañamente acre se difundiu por toda a casa. A fórmula era até tal punto audíbel no corredor que a

señora Ward acabou por aprendela de memoria mentres escoitaba detrás da porta, e máis tarde puido reproducila por escrito a petición de Willett. Varios expertos na materia dixéronlle despois ao médico que existe outra de características moi semellantes nos escritos místicos de «Eliphaz Levi», aquel ser misterioso que se deslizou a través dunha físgoa pola porta prohibida e puido dexergar o espantoso panorama que ofrece o baleiro do máis aló. Di así:

*Per Adonai Eloim, Adonai Jehova,
Adonai Sabaoth, Metraton On Agla Mathon,
verbum pythonicum, mysterium salamandrae,
conventus sylvorum, antra gnomorum,
daemonia Coeli God, Almonsin, Gibor, Jehosua,
Evam, Zariatnatmik, veni, veni, veni.*

Dúas horas recitou Charles esta fórmula, monotonamente e sen respiro, até que, de súpeto, todos os cans dos arredores iniciaron un espantoso concerto de ouveos. Simultaneamente un fedor insoportábel expandiuse por toda a casa, un fedor que ningún dos seus moradores percibira nunca nin volvería percibir. No medio daquela pestilencia, produciuse un alustro como o dun lóstrego, que resultaría cegador de non xurdir a plena luz do día. Logo ouviuse aquela voz que ningún dos que a ouviron puideron esquecer xa nunca por mor da súa atronadora distancia, a súa incríbel profundidade e a fantástica semellanza que mantiña con respecto á voz de Charles Ward. Fixo estremecer toda a casa e foi ouvida perfectamente por dous veciños cando menos, a pesar do continuo ouvear dos cans. A señora Ward, que seguira á escoita diante da porta pechada do laboratorio do seu fillo, arreguizouse ao recoñecer nela trazos infernais porque Charles faláralle da fama

diabólica de que gozaba en todos os libros negros e explicoulle como resoou, segundo as cartas de Fenner, sobre a granxa maldita de Pawtuxet a noite do aniquilamento de Joseph Curwen. Non podía equivocarse ao xulgala, pois o seu fillo describírala moi vividamente na época en que aínda falaba sen reservas sobre as súas investigacións. A voz clamou nunha lingua arcaica e descoñecida:

*«DIES MIES JESCHET BOENE DOESEF DOUVEMA
ENITEMAUS»*

Inmediatamente despois de que estas palabras resoasen atronadoras en toda a casa, produciuse un momentáneo escurecemento da luz do día, a pesar de que aínda faltaba unha hora para a posta do sol. Logo, un novo bafo pestilente veu unirse ao anterior, distinto en calidade, pero igualmente descoñecido e insoportábel. Charles empezou a recitar de novo e a súa nai distinguiu entre as palabras que pronunciaba varias sílabas que soaban algo así como «Yinash-Yog-Sothot-hei-Iglfi-throdag», finalizando nun «Yah!» cuxa forza maníaca aumentaba nun crescendo enxordecedor. Segundos despois veu anular o impacto de todo o anterior un alarido aterrecedor que estalou con repentino frenesí e se foi transformando aos poucos nun paroxismo de risa diabólica. A señora Ward, mortalmente asustada pero enchida do cego valor que infunde a maternidade, achegouse á porta do laboratorio e chamou repetidamente sen recibir resposta. Insistiu nas súas chamadas, pero interrompeuse nerviosamente ao ouvir un segundo berro, este inconfundibelmente do seu fillo, superposto ás desenfreadas gargalladas doutra voz. De súpeto a señora Ward desmaiouse sen que poida lembrar agora a causa concreta e inmediata do seu desmaio. En ocasións a memoria ten esquecementos misericordiosos.

Ás seis e cuarto o señor Ward volveu da oficina e ao non atopar a súa esposa na planta baixa preguntou aos atemorizados serventes, que o informaron de que probabelmente se achaba no faiado, atenta aos estraños acontecementos que alí se desenvolvían. Subiu ás présas o señor Ward e atopouna caída no chan do corredor que conducía ao laboratorio de Charles. Ao comprobar que se desmaiara, foi en busca dun vaso de auga a unha alcoba próxima e mollou con ela o rostro no que pousara unha enorme palidez. Mentres contemplaba con alivio como abría os ollos espantados, un calafrío percorreu o seu corpo ameazando con reduci-lo ao mesmo estado do que estaba a saír a súa esposa, xa que no laboratorio, aparentemente silencioso, ouviu o murmurio dunha conversa tensa e apagada, unha conversa mantida en ton apenas audíbel pero provista dunhas características profundamente inquietantes para a alma.

O feito de que Charles murmurase algunha fórmula non era novo, pero aquel murmurio era decididamente distinto. Tratábase sen ningunha dúbida dun diálogo ou, cando menos, dunha imitación de diálogo. As inflexións das dúas distintas voces suxerían preguntas e respostas, afirmacións e réplicas. Unha das voces era indiscutibelmente a de Charles, pero a outra caracterizábase por unha profundidade e unha resonancia que o mozo Ward, a pesar dos seus bos dotes de imitador, non podería conseguir xamais. Había algo espantoso, sacrílego e anormal en todo aquilo e, de non ser por un berro da súa esposa que aclarou a súa mente ao espertar con el o seu instinto de protección, non é moi probábel que Theodore Howland Ward puidese seguir gabándose nin un día máis de que nunca se desmaiara. Reaccionando ante aquel berro, colleu a súa esposa en brazos e transportouna á planta baixa para que non puidese ouvir as voces que tanto lles afectarán. Non escapou,

así e todo, coa suficiente presteza como para non ouvir algo que o fixo cambalear perigosamente coa súa carga. Ao parecer, o berro da señora Ward fora escoitado tamén por outros ouvidos e, en resposta a este, chegaran desde detrás da porta as primeiras palabras comprensíbeis do terríbel coloquio. Foron sinxelamente unha nerviosa advertencia articulada por Ward, pero que encheu de espanto o seu pai polo que ese aviso implicaba. O seu fillo limitouse a dicir: «Chist! Escríbalo!»

O señor e a señora Ward faloron longo tempo despois de cear e, como consecuencia daquela conversa, o primeiro decidiu falar seriamente con Charles aquela mesma noite. Por importantes que fosen as súas investigacións non podían tolerarlle semellante conduta por máis tempo, xa que os últimos acontecementos transcendían os límites da cordura e representaban unha ameaza para a orde e para o sistema nervioso de todos os que moraban naquela casa. O mozo tivera que perder a razón, pois só un demente podía proferir aqueles alaridos e finxir que estaba a falar con outra persoa imitando a voz dun interlocutor. Todo aquilo tiña que terminar dunha vez, pois, de non ser así, a señora Ward acabaría caendo enferma. Por outra banda cada vez facíase máis difícil conservar a servidume.

O señor Ward subiu ao laboratorio do seu fillo, pero ao chegar ao terceiro andar detívose intrigado polos sons que xurdían da biblioteca de Charles, agora en desuso. Ao parecer alguén revolvía freneticamente entre libros e papeis. Asomouse á porta entreaberta e viu o mozo que sacaba dos andeis libros de todas as formas e tamaños. O aspecto que ofrecía era o dun mozo cheo de excitación. Ao ouvir a voz do seu pai deu un chouto e deixou caer toda a súa carga. Sentou, obedecendo a orde paterna, e escoitou en silencio unha longa sarta de rifas. Non se defendeu. Ao final admitiu que o seu pai tiña razón e que as súas voces,

invocacións e experimentos químicos representaban unha molestia imperdoábel para os demais habitantes da casa. Prometeu comportarse con máis discreción, aínda que insistiu en prolongar o seu confinamento. A maior parte do seu traballo no futuro, dixo, consistiría na consulta de libros, e en canto aos rituais que tería que levar a cabo en datas posteriores, podería celebralos nun lugar apartado que buscaría para ese efecto. Manifestou o seu pesar polo desmaio da súa nai e explicou que a conversa que ouviran formaba parte dun complicado simbolismo destinado a crear unha atmosfera mental determinada. Utilizou certos termos químicos case inintelixíbeis que desconcertaron o señor Ward, pero a impresión xeral que produciu a este a entrevista foi que o seu fillo estaba indiscutibelmente cordo, malia que era vítima dunha misteriosa tensión de suma gravidade. A conversa, por outra banda, non lle revelou nada novo e, mentres o seu fillo recollía os libros e abandonaba o cuarto, o señor Ward díxose interiormente que continuaba sen saber que pensar de todo aquilo. Era algo tan misterioso como a morte do pobre Nig, cuxo cadáver fora achado unha hora antes no soto, ríxido, cos ollos desorbitados e a boca torcida polo terror.

Impulsado por un vago instinto de detective, o desconcertado pai examinou con curiosidade os andeis baleiros para pescudar que levara o seu fillo á bufarda. A biblioteca do mozo estaba rigorosamente clasificada por materias, de xeito que non resultaba difícil saber que libros, ou cando menos que clase de libros, eran os que faltaban. O señor Ward quedou abraiado ao descubrir que os ocos non correspondían a obras relacionadas coas ciencias ocultas nin con antigos acontecementos, senón a tratados modernos de historia e xeografía, manuais de literatura, obras filosóficas e xornais e revistas contemporáneos. Aquilo representaba un xiro moi curioso nas

afeccións de Charles e o seu pai quedou perplexo ao comprobalo. Unha clara sensación de estrañeza apoderouse del, apertoulle o peito e obrigouno a mirar arredor para descubrir a que respondía.

Algo ocorrera, abofé, algo de transcendencia tanto material como espiritual. Desde que entrara naquela estancia notara unha mudanza, e á fin sabía en que consistía. Na parede norte seguía incólume, sobre a cheminea, o antigo panel de madeira procedente da casa de Olney Court, pero o retrato de Curwen, precariamente restaurado, fora vítima dun desastre terríbel. O tempo e a calefacción fóranos deteriorando e desde a última limpeza daquel cuarto sucedera o peor. A pintura fórase desprendendo e enroscándose aos poucos para caer finalmente de súpeto cunha rapidez maligna e silenciosa. O retrato de Joseph Curwen deixara para sempre de vixiar o mozo a quen tan estrañamente se parecía e xacía agora no chan formando unha fina capa de po gris azulado.



CAPÍTULO IV

UNHA MUTACIÓN E UNHA TOLEMIA

I

Durante a semana que sucedeu a aquel memorábel Venres Santo, Charles Ward foi visto máis a miúdo que decotío. Continuamente transportaba gran cantidade de libros da súa biblioteca ao laboratorio do faiado. Os seus actos eran tranquilos e racionais, pero o aquel furtivo que o rodeaba e a mirada estraña que se reflectía nos seus ollos inquietaron a súa nai. Por outra banda, e a xulgar polos continuos recados que facía chegar á cociñeira, espertara nel un apetito voraz.

O doutor Willett fora informado dos ruídos e acontecementos daquel venres, e o martes seguinte sostivo unha longa conversa co mozo naquela biblioteca onde xa non vixiaban os ollos do retrato de Curwen. A entrevista, como de costume, non deu ningún resultado positivo, pero aínda así Willett xura e perxura que Charles seguía, mesmo naqueles momentos, perfectamente cordo. Prometeu revelar moi pronto o resultado das súas investigacións e falou de montar o seu laboratorio noutra parte. Concedeu moi pouca importancia á perda do retrato, feito que ao doutor non deixou de estrañarlle dado o entusiasmo que lle producira o seu descubrimento. Pola contra, parecía achar algo humorístico naquel súbito desastre.

Á semana seguinte Charles comezou a ausentarse da casa durante longos períodos de tempo e un día en que a vella Hannah acudiu á casa

dos Ward para axudar na limpeza de primavera, falou das frecuentes visitas que facía o mozo á antiga mansión de Olney Court, onde se presentaba cunha gran maleta e en cuxa adega efectuaba estrañas escavacións. Sempre se mostraba moi xeneroso con ela e co vello Asa, pero parecía máis preocupado que de costume, cousa que entristecía a anciá, que o coñecía desde o día en que nacera.

Outros informes sobre as súas andainas chegaron de Pawtuxet, onde varios amigos da familia o vían roldando con moita frecuencia polo embarcadoiro de Rhodes-on-the-Pawtuxet. O doutor Willett investigou a cuestión posteriormente e descubriu que a intención do mozo fora a de achar unha abertura no valado que lle permitise continuar cara ao norte pola ribeira do río. Adoitaba desaparecer nesa dirección e non volver até transcorridas moitas horas.

Un día do mes de maio volveron producirse no faiado sons que respondían á celebración de novos rituais, cousa que provocou unha severa rifa por parte do señor Ward e vagas promesas de emenda por parte de Charles.

O incidente tivo lugar unha mañá e, ao parecer, constituíu unha repetición do imaxinario coloquio que tivera lugar aquel turbulento Venres Santo. O mozo discutía acaloradamente consigo mesmo, como parecía indicar o feito de que de súpeto estoupasen berros en tons diversos que suxerían unha sucesión de preguntas e respostas negativas, todo o cal impulsou a señora Ward a subir ao terceiro andar e aplicar a orella á porta. Só puido ouvir, así e todo, unhas poucas palabras: «Debe permanecer vermello tres meses». Cando chamou cos cotenos na folla de madeira, os sons cesaron decontado. Máis tarde, ao ser interrogado polo seu pai, Charles respondeu que existían certos conflitos entre

diversas esferas da conciencia, conflitos que só podían emendarse cunha grande habilidade e que el trataría de trasladar a outro terreo.

A mediados de xuño ocorreu un estraño incidente nocturno. Á tardiña producíronse unha serie de ruídos no laboratorio da bufarda e a punto estaba o señor Ward de subir investigar que acontecía cando se restabeleceu de súpeto o silencio. A media noite, cando a familia se retirara xa a descansar e o mordomo se dispuña a pechar a porta da rúa, apareceu Charles cargado cunha voluminosa maleta e fixo acenos ao servente de que desexaba saír. O mozo non pronunciou unha soa palabra, pero o mordomo viu a expresión febril que reflectían os seus ollos e quedou profundamente impresionado. Abriu a porta para que saíse o mozo Ward, pero á mañá seguinte presentou a súa renuncia á señora. Dixo que vira un brillo diabólico nos ollos do señorito Charles, que aquela non era forma de mirar a unha persoa honrada, e que non estaba disposto a pasar nin unha soa noite máis naquela casa. A señora Ward deixouno marchar, pero non concedeu crédito ás súas afirmacións.

Imaxinar a Charles fóra de control aquela noite éralle totalmente imposíbel, pois mentres permanecera esperta ouvira ruídos continuos no laboratorio, sons como se alguén saloucase e pasease dun lado ao outro, e suspiros que só falaban dunha gran desesperación. A señora Ward afíxose a espreitar os sons nocturnos, pois o profundo misterio que envolvía a vida do seu fillo non lle permitía xa pensar en nada máis.

Á noite seguinte, e tal como ocorrera noutra ocasión había xa tres meses, Charles apresurouse a coller o xornal e arrincou un anaco dunha páxina, aparentemente de modo accidental. O feito non se lembrou até máis tarde, cando o doutor Willett empezou a atar cabos soltos e a buscar os elos que faltaban aquí e alá. Nos arquivos do *Journal* atopou o

fragmento que faltaba e marcou dúas noticias que podían estar relacionadas co caso. Eran as seguintes:

MÁIS ROLDADORES NO CEMITERIO

Esta mañá, Robert Hart, vixiante nocturno do Cemiterio Norte, descubriu unha nova profanación na parte antiga do camposanto. A tumba de Ezra Weeden, nacido en 1740 e falecido en 1824, segundo se pode ler na lápida salvaxemente mutilada polos responsábeis do feito aparece cavada e saqueada. Os profanadores utilizaron, segundo se cre, unha aixada que subtraeron dun alpendre próximo, onde se gardan toda clase de ferramentas. Calquera que fose o contido da tumba despois de transcorrido un século, desapareceu desde a exhumación. Só se atoparon anacos de madeira podrecida. Non se acharon pegadas de vehículos, pero si rastros de pisadas que corresponden a un só individuo, home de boa posición a xulgar polas botas que calzaba. Hart móstrase moi inclinado a relacionar este incidente co ocorrido o pasado mes de marzo cando el mesmo descubriu e provocou a fuxida dun grupo de homes que chegaran nunha camioneta e cavarán nunha tumba, pero o sarxento Riley non comparte esa teoría e afirma que existen diferenzas esenciais entre os dous sucesos. En marzo, a escavación tivo lugar nunha paraxe na cal non se sinalou a existencia de ningunha tumba, mentres que nesta ocasión saqueouse un enterramento perfectamente sinalado e mantido, cun propósito deliberado e unha violencia que delata a desfeita da lápida, que até o día anterior permanecera intacta. Os membros da familia Weeden, informados do sucedido, expresaron o seu abraio e o seu pesar, e

non acertan a explicarse que motivos pode ter ninguén para profanar de tal maneira a tumba do seu antepasado. Hazard Weeden, domiciliado no 598 de Angel Street, lembra unha lenda familiar segundo a cal Ezra Weeden se vira enredado pouco antes da Revolución nuns estraños sucesos que para nada afectan a honra da familia, pero non ve que relación pode existir entre aqueles feitos e a presente violación da tumba. O caso está a ser investigado polo inspector Cunningham, quen espera resolvelo nun prazo moi breve.

BALBORDO NOCTURNO EN PAWTUXET

Contra as tres da madrugada de hoxe os habitantes de Pawtuxet viron interrompido o seu soño por un balbordo producido polo ouvear enxordecedor duns cans, localizado polo visto na beira do río, concretamente nun punto situado non moi lonxe de Rhodes-on-the-Pawtuxet. Segundo a maioría dos veciños daquela localidade, estes ouveos eran dun volume e unha intensidade sen igual. Fred Lemdin, vixiante nocturno de Rhodes, declarou pola súa banda que ían mesturados con algo que parecían os berros dun home presa dun terror e unha agonía indescritíbeis. Unha repentina tormenta, de breve duración, deu fin á anomalía. Os habitantes da rexión relacionan este suceso con estraños e desagradábeis cheiros probabelmente procedentes dos tanques de petróleo que se atopan na baía e que seguramente contribuíron a excitar os cans da contorna.

Charles mostrouse a partir daquel día máis mirrado e sombrizo que nunca. Lembrando aquel período, todos coinciden en que o mozo debeu de sentir na altura un forte desexo por confesar a algunha persoa o terror que o posuía. A morbosa escoita nocturna da súa nai revelou que Charles efectuaba frecuentes saídas ao abeiro da escuridade, e a maioría dos alienistas da escola conservadora coinciden en atribuír lle os noxentos casos de vampirismo que a prensa divulgou con todo sensacionalismo por eses días sen que nunca chegase a descubrirse o verdadeiro autor. Aqueles casos, demasiado recentes e comentados para que teñamos que lembralos aquí con detalle, tiveron por vítimas persoas de todas as idades e características e ocorreron nos arredores de dous lugares distintos: o outeiro residencial do North End, nas proximidades da casa dos Ward, e os distritos suburbanos do outro lado da liña férrea de Cranston, preto de Pawtuxet. Varias persoas que regresaban tarde aos seus fogares ou durmían coas xanelas abertas foron atacadas por unha estraña criatura que as que sobreviviron describen como un monstro alto, delgado, de ollos ardentes, que cravaba os seus dentes na gorxa ou no ombreiro da súa vítima e chupaba vorazmente o seu sangue.

O doutor Willett, que se nega a fixar a orixe da tolemia de Ward en data tan temperá, móstrase moi cauteloso ao explicar aqueles horrores. Ten, segundo di, as súas propias teorías sobre a cuestión e as súas afirmacións non son na maioría dos casos máis que negacións solapadas. «Resístome a dicir», manifesta, «quen, na miña opinión, perpetrou aqueles ataques e asasinatos, pero declaro que Charles Ward é inocente. Teño motivos para afirmar rotundamente que nunca probou o sabor do sangue e a súa anemia e extrema palidez son proba contundente de que estou no certo. Ward estivo en contacto con cousas terríbeis, pero pagouno moi caro e nunca foi un monstro nin un malvado. En canto ao

presente, prefiro non opinar. Produciuse un cambio, evidentemente, e conténtome con crer que Charles Ward morreu con el, ou cando menos morreu o seu espírito, porque esa carne demente que desapareceu do hospital de Waite tiña unha alma distinta.»

Willett fala con autoridade, xa que a miúdo acudía á casa dos Ward a atender a dona da casa, cuxos nervios empezaran a fraquear por mor dos continuos desgustos. A continua vixilia producira nela alucinacións morbosas que comunicou ao doutor. Willett ridiculizábaas ao falar coa súa paciente, pero meditaba moito sobre elas cando se achaba a soas. Estaban sempre relacionadas cos leves sons que a nai de Charles cría ouvir no laboratorio e na bufarda en que durmía o seu fillo, sons que consistían en suspiros apagados e saloucos que xurdían nos momentos máis inverosímeis. A principios de xullo o doutor Willett prescribiu á súa paciente unha viaxe a Atlantic City onde debía permanecer por tempo indefinido, e advertiu ao señor Ward e ao elusivo Charles que se limitasen a escribirlle cartas agarimosas e alentadoras. É moi probábel que a señora Ward deba a súa vida e a súa saúde mental a aquela viaxe forzada que de tan mala gana tivo que emprender.

Pouco despois da partida da súa nai, Charles Ward iniciou as xestións para adquirir a cabana de Pawtuxet. Tratábase dun pequeno edificio de madeira provisto dun garaxe de formigón e situado na aba do outeiro, preto do río e pouco máis arriba de Rhodes. Por algún motivo del só coñecido, o mozo empeñouse en adquirilo a calquera prezo. Non deixou en paz os axentes inmobiliarios até que un deles conseguiu realizar a compra, por certo a un prezo exorbitante dado que o propietario non

quería vendelo. En canto quedou baleiro, Charles trasladouse a el ao abeiro da escuridade, transportando nun camión pechado todo o contido do laboratorio, incluídos os libros antigos e modernos que sacara da súa biblioteca. Fixo cargar o vehículo entre as sombras das primeiras horas da madrugada e o seu pai aínda lembra vagamente os xuramentos afogados e o ruído das pisadas dos homes que participaron na mudanza. Desde aquela data, o mozo volveu ocupar as súas habitacións do terceiro piso e abandonou definitivamente o seu reduto do faiado.

Charles trasladou á casa de Pawtuxet o misterio que envolvera o seu anterior laboratorio. Aínda que agora había dúas persoas que compartían os seus segredos, un mestizo portugués de aspecto sinistro que facía de criado e un descoñecido delgado, de aspecto intelectual, lentes escuras e barba moi poboada, probabelmente tinguida, a quen Ward, ao parecer, consideraba colega e que como tal era tratado. Os veciños tentaron inutilmente trabar conversa con aqueles dous estraños personaxes. Gomes falaba moi pouco por non saber inglés, e o barbudo, que dicía ser doutor e apelidarse Allen, seguía o seu exemplo por propia elección. Ward, pola súa banda, tratou de mostrarse amábel cos seus veciños pero só conseguiu espertar unha gran curiosidade entre eles coas súas continuas referencias a experimentos químicos. Non tardaron en circular estraños rumores sobre as luces que acotío permanecían acendidas na cabana do outeiro, e máis tarde, cando cesou repentinamente a iluminación nocturna, sobre os pedidos de carne que recibía o carnicero, de xeito evidente desproporcionados, e sobre os berros, declamacións e cánticos que xurdían dalgún lugar subterráneo situado debaixo da construción. Toda a burguesía honrada daqueles arredores miraba con manifesto receo a propiedade de Ward, que máis

dun relacionaba co misterioso vampiro que por aqueles días volvera anovar a súa actividade e, precisamente, arredor de Pawtuxet e as rúas contiguas de Edgewood.

Ward pasaba a maior parte do tempo na nova casa, aínda que de cando en vez durmía na dos seus pais, que continuaba considerando o seu fogar. En dúas ocasións ausentouse da cidade por espazo dunha semana sen que puidese descubrirse aínda o obxecto daquelas viaxes. O seu rostro ofrecía un aspecto máis pálido e demacrado que nunca, e agora, cando repetía ao doutor Willett as súas afirmacións de sempre sobre a importancia das súas investigacións e da inminencia das revelacións, parecía moito menos seguro de si mesmo. Willett interpelábo a miúdo na casa do seu pai, pois o señor Ward estaba profundamente preocupado e perplexo ante o estado do seu fillo e desexaba que o vixiase no posíbel. Insiste o bo médico en que aínda naqueles días Charles Ward estaba totalmente cordo, e aduce como proba desta afirmación referencias a diversas conversas que sostivo con el na altura.

Contra setembro, os casos de vampirismo diminuíron, pero no mes de xaneiro seguinte, Ward estivo a piques de verse seriamente comprometido. Desde había algún tempo comentábase o tránsito nocturno de camións que ían descargar na casiña de Pawtuxet e en certa ocasión por pura coincidencia, descubriuse cal era a mercadoría que transportaba un daqueles vehículos. Nunha paraxe solitaria, próximo a Hope Valley, uns ladróns asaltaron un camiión supondo que levaba bebidas alcohólicas de contrabando. O que non se imaxinaban era que ían resultar eles os prexudicados, pois os caixóns subtraídos contiñan unha mercadoría horrenda, tan horrenda que o incidente foi comentado entre todo o submundo dos delincuentes. Os ladróns precipitáronse a

enterrar os caixóns roubados, pero cando a policía do Estado tivo noticia do ocorrido, levou a cabo unha minuciosa investigación. Un dos autores do feito, logo de asegurarse de que non se tomarían medidas punitivas contra el, consentiu en guiar un grupo de axentes ao lugar onde enterraran a «mercadoría». Resultou esta ser de natureza tan espantosa que se xulgou un atentado ao decoro —tanto nacional como internacional— informar o público do que descubrira aquel arrepiado grupo de representantes da orde, e en consecuencia, mantívose o segredo sobre o caso. Con todo, dado que nin a aqueles policías que estaban moi lonxe de ser cultos se lles escapara o significado do achado, enviáronse inmediatamente varios telegramas a Washington.

Os caixóns ían dirixidos a Charles Ward, á cabana de Pawtuxet, e moi pronto apareceron nese lugar varios representantes do goberno federal e do Estado. Atopárono pálido e preocupado, rodeado dos seus estraños compañeiros, pero recibiron del unha explicación válida e probas de inocencia que xulgaron concluíntes. Ward declarou que necesitara certos exemplares anatómicos para levar a cabo un proxecto de investigación de cuxa profundidade e autenticidade podían responder os que o coñeceran na última década e que, en consecuencia, fixera o oportuno pedido ás axencias que podían fornecérillos, ao seu entender legalmente. Da identidade daqueles exemplares non sabía absolutamente nada e mostrouse moi sorprendido cando aqueles inspectores se referiron ao efecto monstruoso que o coñecemento do asunto podía producir entre o público, coa consecuente deterioración da dignidade nacional. Todas as afirmacións do mozo foron firmemente apoiadas polo seu barbudo colega, o doutor Allen, cuxa voz estrañamente profunda revelaba unha convicción moito meirande que a que transparentaban os tateos nerviosos de Ward. En resumo, que os

inspectores decidiron non tomar ningunha medida e limitáronse a enviar a Nova York os nomes e as direccións que Ward lles facilitou como base para unha investigación que non conduciu a nada. Hai que engadir que os exemplares foron devoltos rapidamente e con gran discreción aos seus lugares de procedencia e que o público non chegou a ter coñecemento nunca dos pormenores do caso.

O 9 de febreiro de 1928, o doutor Willett recibiu unha carta de Charles Ward á cal atribúe unha importancia extraordinaria e que lle valeu máis dunha discusión co doutor Lyman. Considera este último que devandita carta constitúe proba decisiva de que o do mozo Ward é un caso de *dementia praecox*, mentres que o seu colega xúlga a última manifestación da cordura do seu paciente. Aduce como argumento ao seu favor a normalidade da caligrafía, que aínda que revela o nerviosismo da man do autor, é indubidabelmente a de Ward. O texto é o seguinte:

*100 Prospect Street
Providence, Rhode Island
8 marzo, 1928*

Prezado doutor Willett:

Comprendo que á fin chegou o momento de facerlle as revelacións que hai tanto tempo lle anunciei e que vostede tantas veces me esixiu. A paciencia coa que soubo agardar e a confianza que demostrou na miña cordura e integridade son cousas que non esqueceréi nunca. E agora que estou disposto a falar, debo confesar con auténtica humillación que o triunfo con que soñaba xa nunca poderá ser meu. En lugar dese triunfo descubrín o terror, e a miña conversa con vostede non será un alarde de

vitoria, senón unha petición de axuda e de consello para salvarme de min mesmo e salvar o mundo dun horror que excede todo o que poida imaxinar ou prever a mente humana. Lembrará vostede o que as cartas de Fenner dicían da expedición que levou a cabo contra a granxa de Pawtuxet. Hai que repetila agora e o máis axiña que se poida. De nós depende máis do que nunca lograrei expresar con palabras: a civilización, as leis naturais, talvez mesmo a sorte do sistema solar e do universo. Saquei á luz unha anormalidade monstruosa, pero fíxeno en favor do coñecemento humano. Agora, polo ben da vida e da natureza, ten vostede que axudarme a devolvela á escuridade. Abandonei para sempre a cabana de Pawtuxet e debemos destruír todo o alí presente, vivo ou morto. Non volverei pisar ese lugar e se alguén lle di a vostede que estou alí, non o crea. Explicareille a razón destas palabras cando o vexa. Estou na miña casa e desexo que veña vostede visitarme en canto poida dispor de cinco ou seis horas para escoitar o que teño que dicirlle. Será necesario todo ese tempo e créame se lle digo que cumprirá con iso un deber profesional. A miña vida e a miña razón son as cousas menos importantes que están en xogo neste caso.

Non me atrevín a falar co meu pai porque sei que non me entendería, pero díxenlle que estou en perigo e contratou catro detectives para que vixíen a casa. Non sei até que punto será eficaz a súa vixilancia, posto que teñen contra eles unhas forzas cuxo poder é imposíbel de imaxinar. Veña decontado se quere atoparme vivo e saber como pode axudarme a salvar o cosmos do desastre total. Veña en calquera momento, posto que eu non sairei de casa. Non chame por teléfono, xa que non se sabe quen

ou que pode interceptar a súa chamada. E roguemos aos deuses que poidan existir para que nada impida este encontro.

Coa maior solemnidade e desesperación,

CHARLES DEXTER WARD

P. D. Disparen sobre o doutor Allen en canto o vexan e disolvan o seu cadáver en ácido. Non o queimen.

O doutor Willett recibiu a carta arredor das dez e media da mañá, e decontado fixo por quedar libre á primeira hora da tarde. Quería chegar á casa dos Ward arredor das catro, e durante toda a mañá estivo mergullado en especulacións tan desatinadas que a maior parte das súas tarefas realizounas maquinalmente. A carta de Charles Ward parecía a primeira vista produto da mente dun maníaco, pero Willett coñecía o mozo demasiado ben para rexeitala como mera fantasía. Estaba completamente convencido de que algo moi sutil, antigo e horríbel aboiaba sobre eles, e a referencia ao doutor Allen case parecía razoábel en vista dos rumores que corrían por Pawtuxet sobre o estraño colega de Charles Ward. Willett non o vira nunca, pero si ouvira falar do seu aspecto e porte, e preguntábase que clase de ollos se ocultarían tras aquelas comentadísimas lentes afumadas.

Ás catro en punto o doutor Willett presentouse na residencia dos Ward, pero descubriu con gran desgusto que Charles non permanecera fiel á súa decisión de ficar alí. Os detectives si estaban e por eles soubo que o mozo perdera ao parecer parte do seu desánimo anterior. Un deles díxolle que pasara a mañá falando por teléfono, discutindo, protestando iradamente, e contestando a unha voz descoñecida frases como «Estou moi fatigado e teño que descansar unha tempada», «Non podo recibir a ninguén durante algún tempo, terá vostede que desculparme», «Rógolle

que aprace toda decisión definitiva até que poidamos chegar a un compromiso», «Síntoo moito, pero teño que tomar unhas vacacións e non podo ocuparme de nada, xa falarei con vostede máis adiante.» Logo, como se estivese meditando e a reflexión lle infundise valentía, lograra saír da casa tan en silencio que ninguén se decatara do feito nin reparara na súa ausencia até o seu regreso, ocorrido arredor de unha da tarde. Entrou a esa hora na casa sen dicir unha palabra, subiu ao terceiro andar e alí evidentemente volveron reproducirse os seus temores, porque o ouviron berrar arrepiado ao pouco de entrar na súa biblioteca. Con todo, cando o mordomo subiu investigar a causa daquel alarido, Charles asomouse á porta con ar decidido e cun aceno despediu o servente, que quedou profundamente impresionado. Pouco despois volveu saír da casa. Willett preguntou se deixara algún recado, pero a resposta foi negativa. O mordomo parecía moi afectado por algo que vira nos modais e o aspecto de Charles, e preguntou ao doutor amabelmente se había algunha esperanza de curación para aqueles nervios desequilibrados.

Durante case dúas horas, Willett esperou inutilmente na biblioteca de Ward contemplando os andeis poeirentos cos espazos baleiros que ocuparan os libros que o mozo levara e mirando cun aceno sombrío o panel onde un ano atrás estivera o retrato de Joseph Curwen.

Ao pouco as sombras foron pechando filas arredor preludiando a escuridade da noite. Á fin chegou o señor Ward, quen se mostrou furioso e sorprendido ante a ausencia do seu fillo despois de todas as molestias que tomara para velar pola súa seguridade. Ignoraba que Charles concertara unha cita co doutor e prometeu avisar a Willett en canto o mozo regresase. Ao despedirse del fíxoo participe da

preocupación que sentía polo estado do mozo e suplicoulle que fixese o posíbe por devolver a súa mente á normalidade.

Willett alegrouse de fuxir daquela biblioteca sobre a que aboiaba algo maléfico e horríbel, como se o cadro desaparecido deixase tras del unha herdanza de perversidade. Nunca lle gustara aquel retrato e mesmo agora que este desaparecera, e a pesar do ben que tiña os nervios, experimentaba a urxente necesidade de saír ao ar libre canto antes.

Á mañá seguinte, o señor Ward enviou ao doutor Willett unha nota en que lle comunicaba que o seu fillo non regresara. Decía nela tamén que o doutor Allen lle telefonara para dicirlle que Charles permanecería durante algún tempo en Pawtuxet onde ninguén debía molestalo, xa que, por ter que ausentarse o propio Allen durante un período de tempo indefinido, quedaba el só a cargo da investigación en curso, e que Charles lle enviaba os seus mellores desexos e lamentaba calquera molestia que puidese producir aquel repentino cambio de plans. A voz do doutor Allen espertara no señor Ward un recordo vago e esvaído que non puido identificar exactamente e que lle produciu así e todo unha evidente inquietude.

Desconcertado por aquelas noticias contraditorias, o doutor Willett non soubo que facer. Non podía negarse que na carta de Charles había unha ansiedade frenética, pero como interpretar a actitude dun mozo que axiña violaba as súas propias decisións? Na súa carta aseguraba que as súas investigacións eran unha ameaza e un sacrilexio, que elas e o seu colega debían ser eliminados a calquera prezo, e que el

non volvería pisar nunca a cabana de Pawtuxet, pero segundo as últimas noticias esquecera todo e regresara ao centro do misterio. O sentido común aconselláballe deixar en paz ao mozo cos seus caprichos, pero un instinto máis profundo impedíalle esquecer a impresión que deixara nel aquela angustiada carta. Willett leuna outra vez e, a pesar da súa linguaxe algo altisoante e da carencia de datos concretos, non puido xulgala nin absurda nin demente. O terror de Charles era demasiado intenso, demasiado real, e unido ao que o doutor sabía xa do caso, evocaba monstruosidades tales de alén do tempo e o espazo, que ningunha xustificación cínica abondaba para as explicar. O certo é que existían horrores sen nome naquela cabana e, aínda a risco de que a súa intervención resultase inútil, tiña que estar preparado para pasar á acción en calquera momento.

Durante máis dunha semana o doutor Willett reflexionou sobre o dilema que tiña exposto, sentíndose cada vez máis inclinado a visitar a Charles na cabana de Pawtuxet.

Ninguén se aventurou nunca a invadir aquel refuxio e mesmo o seu pai coñecía a casa soamente polas descrições que o propio Charles lle fixera. Pero neste caso o doutor Willett considerou necesario ter unha entrevista directa co seu paciente. O señor Ward estivera recibindo do seu fillo durante eses días noticias moi vagas en breves notas mecanografadas, semellantes ás que recibía a súa muller no seu retiro de Atlantic City e, en vista diso, o doutor decidiuse a actuar. Malia a curiosa sensación que espertaban nel as antigas lendas relativas a Joseph Curwen e as máis recentes revelacións e advertencias de Charles Ward, dirixiuse amodo á cabana, que se levantaba sobre unha rocha moi preto do río. Aínda que nunca entrara na casa, visitara anteriormente os arredores por pura curiosidade e, en consecuencia, sabía perfectamente

que camiño tomar. Aquela tarde de finais de febreiro, mentres conducía o seu pequeno automóbil por Broad Street, pensou no grupo de homes que seguira aquela mesma ruta cento cincuenta anos atrás, nunha expedición terríbel que quedara sumida no misterio máis impenetrábel.

O percorrido a través dos arrabaldes de Providence foi moi curto e pronto se estenderon ante a súa vista os ordenados barrios de Edgewood e a durmida aldea de Pawtuxet. Ao chegar a Lockwood Street dobrou á dereita e seguiu o camiño veciñal até onde lle foi posíbel chegar.

Logo baixou do vehículo e botou a andar en dirección norte. As casas estaban alí moi dispersas e o bungalow, co seu garaxe de formigón, albiscábase claramente illado sobre unha pequena elevación do terreo. Percorreu a bo paso o descoidado camiño de grixo, chamou á porta con man firme e falou en ton decidido ao portugués que a entreabriu con moitas precaucións.

Tiña que ver a Charles Ward decontado, dixo, para un asunto de vital importancia. Non aceptaría ningunha escusa e unha negativa á súa petición serviría unicamente para empurralo a presentar un informe completo da situación ao señor Ward. O mulato dubidou e apoiouse na porta para impedirlle o paso, pero o doutor limitouse a elevar a voz e a repetir a súa demanda. Foi entón cando da escuridade do interior xurdiu un rouco murmurio que inexplicabelmente xeou o sangue nas veas ao visitante.

—Déixalle entrar, Tony —dixo a voz. Se habemos de falar, tan bo é este momento como calquera outro.

Pero por inquietante que resultase aquel murmurio, peor foi o que seguiu. A madeira do chan renxeu e o home que acababa de falar fíxose visíbel. O dono daquela voz estraña e resoante non era outro que

Charles Dexter Ward. A minuciosidade coa que o doutor Willett gravou na súa memoria a conversa daquela tarde débese á importancia que el atribúe a este período en particular, pois na súa opinión efectuouse un cambio vital na mente do mozo Ward que, segundo el, falaba agora a través dun cerebro moi distinto daquel que vira desenvolverse ao longo de vinte e seis anos. A controversia co doutor Lyman obrigáralle a ser moi específico e fixaba o comezo da enfermidade mental de Charles precisamente na época en que os seus pais comezaran a recibir aquelas notas mecanografadas. O certo é que estas non correspondían ao estilo habitual do mozo, nin sequera ao daquela desesperada misiva que escribira ao doutor Willett. Respondían a un estilo raro e arcaico, como se a enfermidade mental do autor dese renda solta a unha serie de tendencias e impresións adquiridas inconscientemente durante o período xuvenil de afección ás antigüidades. Evidenciábase nelas un forte desexo de modernidade, pero o espírito, e ás veces mesmo a linguaxe, pertencían indiscutibelmente ao pasado, ese pasado que se fixera tamén evidente na actitude e os xestos de Ward cando recibiu o doutor naquela sombriza cabana. Inclínouse, sinalou un asento a Willett e empezou a falar bruscamente naquel estraño murmurio en que, ao parecer, se sentía obrigado a explicarse.

—Está a afectarme moito aos pulmóns —comezou—, este relente do río. Terá que desculpar vostede a miña carraspeira. Supoño que o enviou o meu señor pai coa fin de que pescude que me acontece, e espero que non lle diga nada que poida alarmalo.

Willett estudou aquel ton con sumo interese, pero aínda prestou maior atención ao rostro do seu interlocutor. Experimentaba a sensación de que naquela escena había algo de anormal e lembrou o que

a familia de Charles lle contara da impresión que recibira unha noite o mordomo da casa. Prefería que reinase un pouco máis de luz na sala, pero non pediu que descorresen as cortinas. Limitouse a preguntar ao seu interlocutor que o impulsara a enviarlle aquela angustiada carta había a pouco máis dunha semana.

—Precisamente ía falarlle diso —replicou Ward—. Como vostede ben sabe teño os nervios moi alterados e fago e digo cousas que non se me deben ter en conta. Máis dunha vez confíelle que me acho mergullado en investigacións de gran transcendencia e a importancia de tales mesteres chegou a trastornarme en máis dunha ocasión. Calquera home asustaríase do que descubrín, pero eu penso seguir adiante e axiña lograrei o que me propuña. Fun un necio ao volver á miña casa e someterme á vixilancia deses gardiáns. Cheguei moi lonxe e teño que seguir adiante. O meu lugar está aquí. Sei que non gozo de boa reputación entre os meus veciños e, por unha debilidade, case cheguei a crer o que din de min. No que fago, mentres o faga ben, non hai nada de perverso. Teña vostede a bondade de esperar seis meses e mostrarelle algo que recompensará sobradamente a súa paciencia.

»Podo, si, dicirlle que conto cun medio de adquirir coñecementos moito máis seguro que o que representan os libros e deixarei que xulgue por si propio a importancia do que podo achegar á historia, á filosofía e ás artes en virtude das portas que ante min se abriron. O meu antepasado lograra traspasalas cando aqueles estúpidos entremetidos viñeron asasinalo. Pero esta vez non ocorrerá nada semellante. Prégolle que esqueza todo o que lle escribín e que non tema este lugar nin nada do que encerra. O doutor Allen é un home excelente e débolle unha desculpa por todo o que lle dixen sobre el. Oxalá estivese aquí, pero a súa presenza era indispensábel noutra parte. O seu celo é igual ao meu

en todo o que á nosa investigación se refire e a súa axuda resúltame completamente sen prezo.

Ward fixo unha pausa e o doutor apenas soubo que dicir nin que pensar. Sentiu un profundo desacougo ao ouvir o seu interlocutor repudiar con tanta calma a carta que lle dirixira e, con todo, no seu foro interno, estaba convencido de que aínda que as palabras que acababa de escoitar eran estrañas, alleas a quen as pronunciaba e indubidabelmente produto dunha mente exasperada, a misiva en cambio era trágica pola súa autenticidade e a semellanza que gardaba co Charles Ward que el coñecía. Tratou de desviar a conversa cara a outros camiños lembrando ao mozo algúns acontecementos pasados que puidesen restabelecer a atmosfera de familiaridade en que transcorrían sempre os seus encontros, pero os seus intentos obtiveron uns resultados realmente grotescos. O mesmo ocorreu posteriormente a todos os alienistas. Unha parte importante das imaxes mentais de Ward, principalmente as relacionadas cos tempos modernos e a súa propia vida, borrouse totalmente do seu cerebro, en tanto que o coñecemento do pasado que acumulara durante a súa mocidade xurdira en grao sumo profundo do seu subconsciente para devorar todo o contemporáneo e persoal. A información que demostraba posuír o mozo arredor do pretérito era de natureza anormal e francamente estarrecedora e, en consecuencia, facía o posíbel por ocultala. Pero cada vez que Willett mencionaba algún tema favorito da súa época de estudante de tempos pasados, aclaraba o mozo a cuestión cun luxo de detalles inconcibíbel en ningún mortal e que facía ao doutor arreguizarse.

Ward, con todo, non se deixou levar demasiado por aquel camiño. Os temas modernos e persoais rexeitábaos de raíz, en tanto que os referentes ao pasado, aínda sendo máis do seu agrado, parecían

aburrirlle. Evidentemente, o único que desexaba era que o seu visitante quedase o bastante satisfeito como para que marchase sen intención de regresar. A esta fin ofreceuse a ensinarlle a Willett a casa, e decontado acompañouno nun percorrido por todas as estancias, desde a adega até o faiado. Willett, que examinaba todo atentamente, observou que os libros eran demasiado poucos e demasiado vulgares para encher os amplos espazos baleiros da biblioteca da casa de Ward, e que o chamado «laboratorio» non era máis que unha especie de decorado.

Evidentemente, había outra biblioteca e outro laboratorio noutra parte, aínda que era imposible dicir onde. Esencialmente derrotado na procura de algo que non podía precisar, Willett regresou á cidade antes do anoitecer e contou ao señor Ward todo o sucedido. Conviñeron ambos os dous en que o mozo perdera a razón, pero decidiron non tomar polo momento ningunha medida drástica. Por encima de todo, conviña que a señora Ward ignorase aquelas tristes circunstancias, aínda que algo debían facerlle sospeitar as estrañas notas mecanografadas que recibía do seu fillo.

O señor Ward decidiu visitar en persoa o mozo presentándose de improviso na cabana. Unha noite, o doutor Willett acompañouno en automóbil até as inmediacións da casa e esperou pacientemente o seu regreso. A sesión foi longa e o pai volveu dela entristecido e perplexo. A recepción de que foi obxecto foi moi semellante á que achara Willett, coa diferenza de que esta vez Charles tardara un bo tempo en aparecer desde que o visitante se abriera paso até o vestíbulo e despedira o portugués coa súa imperiosa esixencia. No comportamento do seu fillo non houbera o menor trazo de amor filial. Non había apenas luz na estancia en que se celebrou a entrevista, pero o mozo queixouse de que a claridade o molestaba enormemente. Non falou en voz alta en ningún

momento, pretextando que lle doía moito a gorxa, pero no seu rouco murmurio había algo tan inquietante que o señor Ward non logrou recuperarse da impresión que lle causara.

Definitivamente unidos para facer todo o posíbel por devolver o mozo Charles á saúde mental, Ward e o doutor Willett comezaron a reunir datos sobre o caso. O primeiro que estudaron foron os dixomedíxomes que corrían por Pawtuxet, cousa que resultou bastante doada, xa que ambos os dous tiñan bos amigos por aquela contorna. O doutor Willett recolleu a maior parte dos rumores, xa que a xente falaba máis francamente con el que co pai do personaxe en cuestión, e de todo o que ouviu puido colixir que a vida do sucesor de Ward era realmente estraña. Case todos os habitantes de Pawtuxet relacionaban a cabana coa vaga de vampirismo do ano anterior, e as idas e vindas nocturnas dos camións que a ela se dirixían eran obxecto de suspicaces comentarios. Os comerciantes locais falaban con estrañeza dos pedidos que facía o criado portugués, e en especial das grandes cantidades de carne e de sangue fresco que encargaba a dous carniceiros das inmediacións. Para unha casa na que só vivían tres persoas, aqueles pedidos resultaban completamente desproporcionados.

Logo estaba o asunto dos ruídos subterráneos. Os informes sobre os mesmos foron máis difíciles de conseguir, pero unha vez reunidos viuse que todos coincidían en certos detalles básicos. Eran, sen ningunha dúbida, de natureza ritual, sobre todo cando a cabana estaba ás escuras. Desde logo, podían proceder da adega, pero os rumores insistían en que había criptas máis profundas e máis amplas. Lembrando as antigas lendas sobre as catacumbas de Joseph Curwen e dando por certo que o mozo, guiándose por algún dos documentos atopados xunto co cadro elixira a cabana por acharse esta emprazada

exactamente no lugar onde se alzara a granxa do seu antepasado, buscaron afanosamente a porta que se mencionaba nos vellos manuscritos e que, segundo estes, debía acharse moi próxima á beira do río. En canto á opinión xeral sobre os habitantes da cabana, non cabía dúbida de que o portugués era sinxelamente detestado, o barbudo doutor temido, e o mozo erudito profundamente aborrecido. Durante as últimas dúas semanas, Charles cambiara moito, dicían. Renunciara aos seus intentos por mostrarse agradábel e nas poucas ocasións en que se aventuraba a saír ao exterior, falaba unicamente cun murmurio rouco e estrañamente repelente.

Tales foron os cabos e fragmentos de información que lograron reunir por aquí e por alá o señor Ward e o doutor Willett. Baseándose neles mantiveron serias e prolongadas conversas en que se esforzaron ambos os dous por exercitar ao máximo as súas dotes de dedución, indución e inventiva e trataron de relacionar todos os feitos coñecidos da vida do mozo, incluída a angustiada carta que o médico se decidiu a mostrar á fin, coa escasa documentación de que dispuñan sobre Joseph Curwen.

Darían calquera cousa por poder botar unha ollada aos documentos que Charles atopara, pois era evidente que a clave da tolemia do mozo radicaba no que este descubrira sobre o sinistro meigo e as súas actividades.

E, no entanto, o seguinte acontecemento decisivo naquel caso tan singular non aconteceu como consecuencia de ningunha medida adoptada nin polo señor Ward nin polo médico. Un e outro,

desconcertados e confundidos por unha sombra demasiado informe e intanxíbel para poder combatela, permaneceran cos brazos cruzados, como quen di, mentres as notas mecanografadas que o mozo Ward seguía dirixindo aos seus pais se facían cada vez máis raras. Pero chegou o día primeiro de mes, cos seus habituais axustes financeiros, e os empregados de certos bancos comezaron a abanear a cabeza estrañados e a telefonarse uns a outros. Varios deles, que coñecían a Charles Ward só de vista, presentáronse na cabana para preguntarlle por que todos os cheques que recibiran del recentemente presentaban unha basta falsificación da súa sinatura, ao que Ward respondeu que durante as últimas semanas a súa man se vira tan afectada por un shock nervioso que lle resultaba imposible seguir escribindo normalmente, argumento que non logrou tranquilizar os seus interlocutores tanto como el desexara. Dixo tamén poder demostrar a verdade da súa afirmación polo feito de que se vira obrigado a mecanografar todas as cartas, mesmo as que dirixía aos seus pais, como estes poderían confirmar.

O que sorprendeu e intrigou os visitantes non foi aquela explicación, que nin carecía de precedente nin resultaba especialmente sospeitosa, nin tampouco os murmurios que corrían por Pawtuxet e cuxos ecos chegaran aos seus ouvidos.

O que chamou a súa atención foi que o confuso razoamento do mozo revelaba un esquecemento total de importantes transaccións financeiras das que se ocupara en persoa había só un par de meses. Algo moi raro había en todo aquilo, xa que a pesar da aparente coherencia das súas palabras existía un mal disfrazado descoñecemento de detalles de vital importancia. Por outra banda, aínda que ningún daqueles homes coñecía a Ward intimamente, non puideron deixar de observar o cambio que se operou na súa linguaxe e nos seus modais. Ouviran

comentar a súa afección á historia, pero xamais viran un erudito desa clase utilizar a fala e os xestos correspondentes a unha época pretérita.

Aquela combinación de carraspeira, parálise parcial das mans, perda de memoria e alteración da conduta e da fala, só podía significar que o mozo estaba enfermo de gravidade e, en consecuencia, decidiron que se impuña falar con urxencia co pai do infortunado mozo.

O 6 de marzo de 1928 celebrouse unha seria e prolongada reunión na oficina do señor Ward, despois da cal este acudiu abatido para consultar ao doutor Willett.

Examinou o médico as estrañas sinaturas dos cheques e comparounas mentalmente coa caligrafía da última carta que recibira de Charles. Desde logo o cambio era radical e profundo aínda que na nova escritura non deixaba de haber algo sinistramente familiar. Os trazos tiñan unha clara tendencia arcaizante e eran completamente distintos aos que o mozo utilizara sempre. Pero o máis curioso do caso era que o doutor Willett tiña a sensación de que os vira anteriormente. En conxunto, era evidente que Charles estaba tolo e, posto que non se achaba en condicións nin de administrar a súa fortuna nin de manter un trato normal co resto da sociedade, debía tomarse rapidamente algunha medida para o seu internamento e curación posíbel. Foi entón cando se chamou á consulta aos alienistas Peck e Waite, de Providence, e Lyman, de Boston. O señor Ward e o doutor Willett informáronos exhaustivamente do caso e xuntos examinaron todos os libros e documentos que o mozo deixara na súa biblioteca a fin de pescudar cales eran os que levara e deducir diso como evolucionara o seu pensamento. Despois de revisalo todo coidadosamente e de analizar a carta que o mozo escribira ao doutor Willett, conviñeron os alienistas en que os estudos de Charles Ward foran dunha natureza capaz de

trastornar calquera intelecto normal. Quererían examinar os volumes e documentos que tiña entón o mozo na súa posesión, pero sabían que iso só poderían conseguilo tras unha escena terríbel e nin así estaban seguros de poder logralo. Willett entregouse ao estudo do caso con febril enerxía. Foi entón cando obtivo a declaración dos obreiros que presenciaron o achado dos documentos tras o retrato de Curwen e cando pescudou o verdadeiro significado da mutilación dos xornais levada a cabo polo mozo, pois acudiu aos arquivos do Journal e alí puido pescudar cal era o contido dos artigos en cuestión.

O xoves oito de marzo os doutores Willett, Peck, Lyman e Waite, acompañados polo señor Ward, visitaron o mozo sen ocultarlle o propósito da súa visita e someteron o que xa consideraban o seu paciente a un minucioso interrogatorio. Charles, malia que tardou bastante tempo en acudir á súa presenza e cando o fixo chegou coas roupas enchoupadas nos fétidos cheirumes do seu laboratorio, non se mostrou de ningún xeito esquivo. Admitiu sen reservas que a súa memoria e o seu equilibrio nervioso se viran afectados pola súa apaixonada dedicación a estudos moi complexos. Non ofreceu resistencia cando os visitantes insistiron en que debía cambiar de aloxamento e, á parte da perda da memoria, manifestou un alto grao de intelixencia. O seu comportamento enganaría por completo os alienistas de non ser pola tendencia arcaizante da súa linguaxe e polo feito de que as ideas antigas substituíran no seu cerebro as modernas, o cal indicaba sen dúbida unha flagrante anormalidade mental. Do seu traballo non dixo máis que o que dixerá anteriormente á súa familia e ao doutor Willett, e en canto á estraña carta que escribira había un mes, atribuíuna aos nervios e á histeria. Insistiu en que non había na súa escura cabana máis laboratorio nin biblioteca que o que se vía e negouse

a explicar a ausencia na casa dos cheiros que enchoupaban a súa roupa. Os murmuros da veciñanza atribuíunos á imaxinación colectiva impulsada por unha curiosidade frustrada. En canto ao paradoiro do doutor Allen, dixo non ter liberdade para afirmar nada concreto, pero asegurou aos seus visitantes que o barbudo estranxeiro de lentes escuras regresaría cando fose necesario.

Ao despedir o estólido portugués, que resistiu sen pestanexar o interrogatorio dos visitantes, e ao pechar a cabana que parecía gardar escuros segredos, Ward non manifestou o menor nerviosismo alén dunha tendencia apenas perceptíbel a deterse a escoitar, como se tratase de percibir algún son moi feble. Animáboo ao parecer unha tranquila resignación filosófica, como se xulgase aquel traslado un incidente sen importancia decisiva. Era evidente que confiaba en saír con ben da proba á que ía ser sometido. Decidiuse non informar a súa nai do ocorrido. O señor Ward seguiría enviándolle notas mecanografadas en nome do seu fillo. Ward ingresou na apracíbel clínica particular do doutor Waite, situada nun pintoresco lugar da illa de Conanicut, en plena baía, onde foi sometido a rigorosa observación e foi interrogado por todos os médicos relacionados co caso. Foi entón cando se descubriron as anomalías físicas que presentaba: a lentitude do seu metabolismo, a curiosa estrutura molecular da súa epiderme e a desproporción das súas reaccións nerviosas. O doutor Willett foi o máis desconcertado de todos os que o examinaron, xa que por asistir a Ward desde que este viñera ao mundo podía apreciar mellor que os seus colegas o alcance daquel proceso de alteración física. Mesmo a marca de nacemento que tivera sempre na cadeira desaparecera, ao mesmo tempo que se formou no seu peito unha especie de verruga ou mancha alargada negra que levou a Willett a preguntarse se asistiría o mozo a algunha

daquelas cerimoniais que, segundo se dicía, celebraban as bruxas en paraxes agrestes e solitarios e nas cales se marcaba os asistentes. Á mente do doutor acudiu de xeito inevitábel o recordo de certo fragmento da transcripción dun xuízo celebrado en Salem, fragmento que Charles lle amosara na época anterior á súa demencia e que dicía: «O señor G. B. impuxo aquela noite a Marca do Diaño a Bridget S., Jonathan A., Simon O., Deliverance W., Joseph C., Susan P., Mehitable C. e Deborah B.» Tamén o rostro de Charles lle causaba unha terríbel inquietude, até que por fin descubriu a causa daquela impresión. Sobre o ollo dereito do mozo había unha marca que até entón nunca vira alí: unha pequena cicatriz exactamente igual á que vira un día no retrato de Joseph Curwen e que talvez fose resultado dalgunha espantosa inoculación ritualista á que se someteran ambos os dous nunha etapa determinada das súas investigacións no campo do ocultismo.

Mentres Willett intrigaba desta maneira todos os médicos do hospital, seguíase mantendo unha estreita vixilancia sobre a correspondencia dirixida ao paciente ou ao doutor Allen, correspondencia que se entregaba relixiosamente ao señor Ward. Willett predixera que aquela vixilancia resultaría inútil, porque o máis probábel era que calquera información vital que alguén quixese transmitir a calquera dos dous habería de chegar por medio dun mensaxeiro, pero o certo é que a finais de marzo chegou unha carta de Praga dirixida ao doutor Allen que deu moito que pensar ao doutor e ao pai de Charles. A caligrafía era moi arcaica e aínda que evidentemente a misiva non fora escrita por un estranxeiro, non estaba tampouco redactada en inglés moderno.

Dicía:

Kleinstrasse, II

Alstadt, Praga

II, febreiro de 1928

Irmán en Almousin-Metraron:

Neste día recibo noticia do que se elevou dos sales que enviei á súa mercé. Non era ese o resultado que esperaba, do cal se deduce que as lápidas foran cambiadas cando Barnabus enviou o Espécime. Ocorre isto a miúdo, como saberá a súa mercé polo ocorrido co achado na Capela Real en 1769 e no Cemiterio Vello en 1690. Cousa moi semellante sucedume en Exipto hai 75 anos, do cal me veu a cicatriz que viu o Raparigo en 1924.

Insisto de novo á súa mercé sobre o que lle aconsellei tempo hai: que exercite gran cautela e non chame á súa presenza, nin a partir dos sales nin de máis alá das Esferas, a ninguén que non poida facer desaparecer. Teña sempre a súa mercé preparada a Invocación necesaria para iso e nunca confíe até estar ben seguro de Quen requiriu á súa presenza. Cambiadas adoitan estar as lápidas en nove de cada dez tumbas e conveniente é desconfiar até que se empezou a interrogar.

Igualmente no día de hoxe recibín noticia de H. quen se viu en grandes dificultades cos soldados. Laméntase de que Transilvania pasase a mans de Romanía e trasladaríase a outro lugar se non abundase tanto o seu Castelo no que xa sabemos. Non tardará en recibir noticias súas. Envío á súa mercé algo atopado nunha Tumba de Oriente e que haberá compracelo en gran maneira, e reitero o meu desexo de dispor de B. F. se pode procurarmo.

Coñece a G. en Filadelfia mellor ca min. Utilíceo primeiro se así o desexa, pero non até tal punto que provoque o seu enfado, pois finalmente, haberei de interrogalo eu tamén.

Yog-Sothoth Neblod Zin Simon O.

*Para o señor J. C.,
de Providence.*

O señor Ward e o doutor Willett quedaron profundamente desconcertados ante a incríbel mostra de tolemia que constituía aquela carta. Só aos poucos conseguiron asimilar o seu significado posíbel. De modo que fora o doutor Allen e non Charles o cerebro dominante en Pawtuxet? Iso podería explicar a angustiada referencia a Allen na última carta que escribira o mozo. Pero, que pensar en canto ao feito de que a carta fose dirixida a J. C.? Só cabía facer unha dedución, pero até as monstruosidades teñen un límite. Quen sería Simon O.? O ancián a quen Charles visitara en Praga catro anos antes? Talvez, pero evidentemente existira séculos antes outro Simon O., Simon Orne, tamén con outro nome: Jedediah de Salem, desaparecido en 1771 e cuxa peculiar caligrafía acababa de recoñecer na misiva o doutor Willett grazas ás copias das fórmulas de Orne que Charles lle amosara en certa ocasión. Que horrores e misterios, que contradicións e violacións das leis da natureza volveran despois de século e medio para turbar a paz da antiga Providence durmida entre torres e campaaños?

O pai e o ancián médico, sen saber que facer nin que pensar, foron visitar a Charles ao hospital e interrogárono coa maior delicadeza posíbel sobre o doutor Allen, sobre a súa viaxe a Praga e sobre o que sabía de Simon ou Jedediah Orne, de Salem. O mozo respondeu cortesmente a todas as súas preguntas sen comprometerse, limitándose

a dicir cun rouco murmurio que descubrira que o doutor Allen posuía extraordinarias habilidades para se pór en contacto cos espíritos do pasado e que supuña que calquera que fose o seu correspondente de Praga debía de posuír as mesmas habilidades. Ao saír da clínica, o doutor Willett e o señor Ward caeron na conta de que os interrogados fora eles en realidade, xa que sen revelar nada especial sobre si mesmo, o mozo sacáralles habilmente o contido da carta procedente de Praga.

Os doutores Peck, Waite e Lyman, pola súa banda, mostráronse moi pouco inclinados a conceder importancia á estraña correspondencia que mantiña o compañeiro do mozo Ward. Sabían da tendencia propia de excéntricos e monomaníacos a relacionarse entre eles e creron simplemente que Charles ou Allen fixeran amizade con algún tolo expatriado, un individuo que probabelmente tivera ocasión de ver a caligrafía de Orne e que a imitaba coa fin de facerse pasar por reencarnación daquel misterioso personaxe. Talvez o doutor Allen fose un caso similar e lograse convencer o mozo de que se reencarnara nel o espírito do seu antepasado Joseph Curwen. Non era a primeira vez que ocorrían cousas semellantes e, baseándose neses antecedentes, descartaron os teimudos doutores a crecente inquietude do doutor Willett con respecto á escritura do seu paciente, pois cría o bo médico que encontrara á fin a explicación da estraña familiaridade que atopaba naquela escritura e que non se debía a outra cousa que á semellanza que gardaba coa caligrafía do propio Curwen. Consideraron os alienistas aquela semellanza como propia dunha fase imitativa característica do tipo de teima que padecía o mozo, e negáronse a concederlle importancia, nin en sentido positivo nin afirmativo. Ante a prosaica actitude dos seus colegas, Willett aconsellou ao señor Ward que non lles mostrase a carta que chegara de Rakus, Transilvania, o día 2 de abril,

dirixida ao doutor Allen, e que mostraba unha caligrafía tan semellante á do volume en clave de Hutchinson que pai e médico se detiveron un intre arrepiados antes de abrir o sobre. Decía a carta:

Castelo de Ferenczy

7 de marzo de 1928

Prezado C.:

Subiu no día de hoxe un escuadrón de 20 soldados coa fin de interrogarme arredor do que se murmura de min no lugar. Debo daquela cavar máis e obrar con maior sigilo. Son estes romaneses xente difícil, moi distinta daqueles húngaros a quen se podía comprar con alimentos e bo viño. Envioume M. haberá un mes o sarcófago das Cinco Esfinxes da Acrópole e por tres veces falei con Quen nel estaba inhumado. En canto acabe enviareino a Praga, a S. O., quen o remitirá á súa mercé. Mostrouse testán, pero xa sabemos como tratar os que tal natureza manifestan. Xulgo prudente en extremo a súa decisión de non conservar tantos Custodios que poidan ser achados en caso de Dificultade, como ben lembrará a súa mercé por experiencia propia. Poderá así trasladarse a outro emprazamento con máis facilidade, aínda que fago votos porque non se vexa en tal necesidade. Moito me alegra que non trafique tanto a súa mercé cos do Exterior, pois hai niso Perigo de morte e non esquecemos o que ocorreu cando pediu protección a quen non quixo darlla. Moito me felicito así mesmo de que perfeccionase a fórmula até o punto de que Outro poida recitala cos debidos resultados. Xa Borellus anunciaba que así había ocorrer se se pronunciaban as palabras exactas e acaídas. Usa a miúdo delas o Raparigo? Nunca me gustou que

manifestase tantos escrúpulos, como xa me temín cando o tiven aquí na miña compañía, pero confío en que a súa mercé saberá aplacalo, se non con Invocacións, que só serven para reducir a Aqueles que dos Sales se elevan, se con man forte, coitelo e pistola. Non son difíciles de cavar as tumbas, nin de preparar os ácidos apropiados. Informado estou de que O. prometeu o envío de B. F. e moito lle encarezo que mo envíe a min despois. B. Vaino visitar pronto e é posíbel que lle proporcione o Obxecto Escuro achado baixo a cidade de Memphis.

Recoméndolle que poña o maior coidado nas súas Invocacións e desconfíe do Raparigo. Non pasará un ano antes de que poidamos convocar as Lexións Inferiores e entón noso poder non terá límite. Rógolle que deposite en min a súa confianza e lembre que O. e mais eu dispuxemos de 150 anos máis que a súa mercé para estudar estas materias.

Nephreu-Ka nai Hadoth

Para J. Curwen, Esq.

Providence.

Pero se Willett e Ward se abstiveron de mostrar aquela carta aos alienistas, non por iso deixaron de actuar pola súa conta. Nin o máis sabio e erudito dos mortais podía negar que o barbudo doutor Allen, que describira Charles na súa frenética carta como unha monstruosa ameaza, estaba en estreito contacto con dous seres inexplicábeis aos que visitara Ward no curso das súas viaxes e que dicían ser antigos colegas de Curwen en Salem ou reencarnacións deles, que o doutor Allen se consideraba a reencarnación do propio Joseph Curwen, e que albergaba sinistros propósitos con respecto a un «raparigo» que non podía ser

outro que Charles Ward. Aquilo era un pesadelo coidadosamente planeado e, á marxe de quen fose o responsábel do mesmo, o certo era que Allen levaba agora a batuta. En consecuencia, e tras dar grazas ao Ceo polo feito de que Charles se encontrase a salvo na clínica, o señor Ward apresurouse a contratar uns novos detectives para que pescudasen todo o que puidesen sobre do barbudo doutor, en especial cal era a súa procedencia, que se sabía del en Pawtuxet e, se era posíbel, o seu actual paradoiro. Entregoulles a chave da cabana que Charles lle dera ao ingresar na clínica e encargoulles que rexistrasen polo miúdo o cuarto de Allen, que lle sinalou o seu fillo cando foron recoller os seus obxectos persoais. Foi na antiga biblioteca de Charles onde falou o señor Ward cos detectives contratados, quen experimentaron unha estraña sensación de acougo ao saír da estancia, pois parecía flotar nela unha vaga aura diabólica. Talvez a súa impresión se debese ao que ouviran dicir sobre o maligno personaxe cuxo retrato colgaba nunha das paredes da biblioteca, talvez a outra razón distinta e infundada, pero o caso é que todos creron detectar unha especie de miasma intanxíbel que ás veces alcanzaba a intensidade dunha emanación material.



CAPÍTULO V

UN PESADELO E UN CATACLISMO

I

Moi pouco tempo despois de acontecer os feitos mencionados tivo lugar a espantosa experiencia que deixou unha pegada indelébel na alma de Marinus Bicknell Willett e que engadiu unha década á idade que aparentaba aquel home cuxa mocidade quedara xa moi atrás. Willett conversara moito con Ward e ambos chegaran a un acordo sobre diversos puntos que sen dúbida os alienistas xulgarían ridículos. Admitiron que existía no mundo unha asociación terríbel, cuxa conexión directa cunha nigromancia máis antiga mesmo que a bruxaría de Salem non podía pórse en dúbida. Que cando menos dous homes —e outro no que nin se atrevían a pensar— estaban en absoluta posesión de mentes ou persoas que existían xa en 1690 ou mesmo antes, era algo así mesmo indiscutibelmente demostrado, a pesar de todas as leis naturais coñecidas. O que aquelas espantosas criaturas —ademais de Charles Ward— estaban a facer ou se propuñan facer quedaba bastante claro a xulgar polas súas cartas e por todos os datos relativos ao pasado e ao presente que se coñecían sobre o caso. Estaban a saquear tumbas de todas as épocas, incluídas as dos homes máis sabios e eminentes da historia, coa esperanza de extraer das súas cinzas vestixios da conciencia e erudición que un día as animara.

Un espantoso comercio tiña lugar entre aqueles seres de pesadelo que adquirirían ósos ilustres co frío cálculo do estudante que compra un

libro de texto e que crían que aquel po centenario había proporcionarlles un poder e unha sabedoría moi superiores ás que o mundo vira nunca concretadas nun home ou nun grupo. Descubriran medios sacrílegos para manter vivos os seus cerebros, ben nos seus mesmos cadáveres ou en cadáveres distintos, e era evidente que descubriran o método de reavivar e absorber a conciencia dos mortos. Polo visto había algo de certo no que escribira aquel mítico Borellus sobre a preparación, mesmo a base de restos moi antigos, de certos «Sales Esenciais» capaces de reavivar a sombra de seres mortos había moito tempo. Existía unha fórmula para evocar a sombra en cuestión e outra para facela desaparecer de novo, e ambas as dúas perfeccionáranas de tal xeito que agora podían ensinar a outros a recitalas con éxito. Mais, polo visto, era preciso andar con coidado nas invocacións, pois as lápidas estaban en moitos casos cambiadas.

Willett e o señor Ward arreguizábanse ao pasar de conclusión en conclusión. Había métodos tamén, polo visto, para atraer presenzas e voces de lugares descoñecidos o mesmo que das tumbas, proceso sobre o que había que exercer tamén moita cautela. Joseph Curwen evocara sen dúbida moitas cousas prohibidas, e en canto a Charles... que podían pensar del? Que forzas procedentes da época de Curwen ou de «máis aló das esferas» o alcanzaran para trastornar a súa mente? Estaba claro que fora impulsado a achar certas instrucións que logo utilizara. Falara con certo home en Praga e permanecera longo tempo con el nas montañas de Transilvania.

E, finalmente, debía atopar a tumba de Joseph Curwen. Aquel artigo do xornal e os ruídos que a súa nai ouvira durante a noite eran demasiado significativos para pasalos por alto. Charles invocara a presenza de alguén, e ese alguén atendera a súa chamada. Aquela

poderosa voz que resoara na casa o Venres Santo e aqueles tons distintos que se ouviran no laboratorio fechado do faiado... non constituían unha espantosa prefiguración do temido doutor Allen e o seu murmuro espectral? Si, aquilo era xustamente o que o señor Ward intuía con vago horror na conversa que mantivera con aquel home —se era tal— por teléfono.

Que diabólica voz ou conciencia, que morbosa presenza ou sombra espectral acudira en resposta aos ritos secretos que executaba Charles Ward tras esa porta pechada? Aquela discusión en que se distinguiron claramente as palabras «debe permanecer vermello tres meses». Santo Ceo: Non fora na aquela altura cando estoupara a vaga de vampirismo, cando se profanara a tumba de Ezra Weeden, cando se ouviran berros terribes en Pawtuxet? Que mente planeara a vinganza e volvera descubrir a sede abandonada de antigas blasfemias? E logo a cabana e o forasteiro barbudo, e as murmuracións e o medo. Nin o señor Ward nin Willett podían explicarse a tolemia final de Charles, pero estaban convencidos de que a mente de Joseph Curwen regresara á Terra e continuaba o seu sinistro labor. Era realmente unha posibilidade a posesión demoníaca? Allen, sen dúbida, tiña que ver con todo aquel asunto e os detectives tiñan que pescudar algo máis sobre aquel home cuxa existencia ameazaba a vida do mozo. Namentres, posto que a existencia dunha vasta cripta baixo a cabana estaba virtualmente demostrada, debían tentar atopala e con tal fin Willett e o doutor Ward, conscientes da actitude escéptica dos alienistas, decidiron levar a cabo unha exploración minuciosa e sen precedentes da cabana, para o que acordaron atoparse alí á mañá seguinte provistos de ferramentas e accesorios apropiados para a angueira que pensaban levar a cabo.

A mañá do seis de abril amenceu clara e os dous exploradores atopáronse ás dez en punto no lugar acordado. Abriron coa chave do señor Ward e efectuaron un rexistro superficial do edificio. Da desorde que reinaba no cuarto do doutor Allen, deduciron que os detectives xa fixeran acto de presenza alí, e o señor Ward manifestou a súa esperanza de que atopasen algunha pista valiosa. Desde logo, o máis interesante era a adega, de modo que os exploradores descenderon a ela sen mais demora, percorrendo o mesmo camiño que cada un deles seguira por separado en compañía de Charles.

O chan de terra e as paredes de pedra da adega tiñan un aspecto tan macizo e inocente que a idea de que alí puidese haber unha abertura resultaba case absurda. Willett reflexionou sobre o feito de que a adega actual fora escavada na ignorancia de que por baixo dela existisen unhas catacumbas e que, por tanto, o pasadizo que comunicase con elas, se é que o había, tiña que ser obra do mozo Ward e os seus compañeiros. O doutor tratou de pórse no lugar de Charles coa fin de pescudar cal podería xulgar este o lugar máis propicio para dar comezo ás escavacións, pero o método non achegou ningunha inspiración. Decidiuse despois polo sistema de eliminación e examinou polo miúdo toda a superficie do subterráneo en sentido vertical e horizontal, centímetro a centímetro. As posibilidades quedaron así reducidas a unha pequena plataforma que había diante dos lavadoiros, que xa tratara de levantar anteriormente. Agora, probando en todos os sentidos e exercendo dobre presión, acabou por descubrir que a plataforma viraba e se desprazaba horizontalmente sobre un eixo situado nunha esquina. Debaixo da mesma apareceu unha superficie de formigón e o que parecía ser unha boca de acceso a niveis inferiores cuberta por unha trapela de ferro cara á cal se lanzou decontado o señor Ward con

excitado celo. Non lle custou moito alzala, e apenas o fixo cando o doutor Willett reparou no estraño aspecto que mostraba o seu acompañante. Bambeábase e cabeceaba como presa dun forte mareo provocado, como axiña descubriu o doutor, pola corrente de ar fétido que xurdía daquel buraco, Un momento despois caera ao chan desvanecido e o doutor Willett trataba de reanimalo botándolle ao rostro auga fría. O señor Ward reaccionou debilmente, pero era indubidábel que o ar pestilente da cripta lle afectara con severidade. Willett, que non desexaba correr ningún risco inútil, dirixiuse axiña a Broad Street en busca dun taxi, no cal enviou á casa o seu compañeiro sen prestar ouvidos ás súas febles protestas. Logo sacou unha lanterna eléctrica, tapou a boca e o nariz cunha venda de gasa esterilizada e dispúxose a baixar ás profundidades recentemente descubertas. A fetidez que emanaba daquel buraco parecía que disminuía un pouco, e así puido proxectar o feixe de luz da lanterna ao interior. Tratábase, viu, dun pozo cilíndrico de paredes de cemento e escada de ferro que ía terminar nun tramo de vellos banzos de pedra, que deberan emerxer orixinalmente á superficie un pouco máis ao sur do actual edificio.

Willett admite francamente que, durante uns momentos, o recordo do que ouvira sobre Curwen impediulle descender a aquel maldito pozo. Non puido evitar pensar por uns segundos no que Luke Fenner escribira sobre aquela monstruosa noite. Logo, o sentido do deber impúxose ao seu medo e baixou levando unha gran maleta na que pensaba gardar os papeis que puidese atopar. A modo, como correspondía a un home da súa idade, baixou as escadas de ferro e

chegou aos esvaradíos banzos do fondo. A lanterna reveloulle que a cachotaría era moi antiga e sobre as paredes que zumegaban humidade viu o insalubre mofo acumulado durante séculos. Os banzos profundaban nas entrañas da terra, non en espiral, senón en tres bruscos xiros, e entre tales estreiteces que apenas había espazo naquel pasadizo para dous homes. Levaba contados uns trinta banzos cando chegou aos seus ouvidos un leve son. A partir dese momento, xa non puido contar máis.

Era un son impío, unha desas terríbeis aldraxes á natureza que non teñen razón de ser. Cualificalo de queixume opaco, de laio dun condenado, ou de ouveo desesperanzado en que se xuntaban a angustia e a dor dunha carne sen mente, non abundaría para describir a súa calidade esencial de repugnante nin para explicar o espanto que espertaba no espírito. Era aquilo o que Ward se detivera a escoitar o día que o levaran da cabana? Era o son máis impresionante que Willett ouvira na súa vida. Procedía dalgún lugar indeterminado e seguiu ouvíndoo mentres chegaba ao pé da escaleira e proxectaba a luz da lanterna sobre as paredes dun pasadizo cuberto de cúpulas ciclópeas e tradeado por numerosos arcos negros. O vestíbulo no que se achaba agora tiña uns catro metros de altura e uns tres ou catro de largura. O lastrado era de laxas bastamente talladas e as paredes e o teito de cachotaría encintada. Era imposíbel calcular a súa lonxitude, pois prolongábase para adiante afundíndose na escuridade. Algúns dos arcos tiñan unha porta de tipo colonial mentres que outros carecían dela.

Sobrepóndose ao medo que espertaban nel o fedor e os estraños laios, Willett comezou a explorar aqueles arcos un por un, achando tras eles estancias de regulares dimensións e bóveda de pedra, estancias aparentemente dedicadas aos máis estraños usos. A maioría delas tiñan

chimeneas cuxo deseño podería ser obxecto dun interesante estudo de enxeñaría.

Willett non vira nunca instrumentos ou indicios de instrumentos, como os que alí xurdían a cada paso entre o po e as arañeiras acumulados durante un século e medio, en moitos casos evidentemente esnaquizados polos antigos asaltantes da granxa. A maioría das estancias non parecían pisadas por pés modernos e debían de corresponderse ás fases máis primitivas dos experimentos de Joseph Curwen. Finalmente chegou a unha sala máis moderna, ou cando menos de recente ocupación. Había nela estufas de petróleo, andeis de libros, mesas, cadeiras, armarios e un escritorio no que se amoreaban revistas e libros, tanto vellos como novos. Había en varios lugares candelabros e lámpadas de aceite e Willett, logo de atopar unha caixa de fósforos, acendeu as que estaban preparadas para o seu uso.

A luz revelou, sen dúbida, que aquela estancia era nada menos que o estudio ou biblioteca de Charles Ward. Boa parte dos libros e mobles que atopou alí o doutor procedían da mansión de Prospect Street. A sensación de familiaridade que recibiu foi tan intensa que case esqueceu o fedor e os estraños sons, os cales eran alí máis intensos que ao pé da escaleira. A súa primeira tarefa, tal como proxectara, consistiu en buscar e recoller todos os documentos que parecían de vital importancia e dun modo especial os que Charles descubrira detrás do retrato de Joseph Curwen na casa de Olney Court. Mentres remexía entre papeis e documentos, alcanzou a albiscar as proporcións da tarefa que ía representar clasificar e descifrar todo aquel material, pois arquivo tras arquivo estaban todos ateigados de papeis que mostraban curiosos debuxos e caligrafías cuxo estudo esixiría meses ou anos de traballo. Nun momento dado atopou varios paquetes de cartas con carimbos de

Praga e de Rakus e que mostraban a escritura característica de Orne e de Hutchinson, así que deixounos a un lado para os levar con el despois na maleta.

Á fin, nun armariño de caoba que noutros tempos adornara o fogar dos Ward, descubriu Willett os documentos de Curwen, que recoñeceu porque Charles llos amosara nunha ocasión moi brevemente. O mozo conserváraos xuntos tal e como estaban cando os atopou, pois alí estaban todos os títulos que lembraban os obreiros que presenciaron o achado, agás os documentos dirixidos a Orne e a Hutchinson e a clave para descifralos. Willett meteuno todo na maleta e continuou a procura. Dado que o máis importante era o estado actual do mozo Ward, centrou a súa investigación no material máis novo e foi entón cando descubriu un feito curioso: que os manuscritos máis recentes do puño e letra de Charles se remontaban a dous meses atrás. Había, en troques, resmas e resmas de follas cubertas de símbolos e fórmulas, notas históricas e comentarios filosóficos escritos cunha caligrafía absolutamente idéntica á que mostraban os antigos escritos de Joseph Curwen, aínda que eran evidentemente modernas. Estaba claro que en datas recentes Charles se dedicara a imitar a caligrafía do seu antepasado alcanzando niso unha marabillosa perfección. Dunha terceira man, que podía ser a de Allen, non había o menor rastro. Se é que era o cerebro reitor, debeu obrigar ao mozo a que actuase como amanuense seu.

Entre aquel material novo, unha fórmula mística ou, mellor dito, un par de fórmulas, aparecían con tanta frecuencia que Willett xa as aprendeu de memoria antes de dar por terminada a súa procura. Consistían en dúas columnas paralelas, a da esquerda encabezada polo símbolo arcaico coñecido co nome de «Cabeza de Dragón» e utilizado en almanaques para sinalar o nodo ascendente, e precedida a da dereita

polo signo correspondente á «Cola de Dragón» ou nodo descendente. De forma case inconsciente caeu na conta o doutor de que os símbolos da segunda columna eran os da primeira pero escritos ao revés, exceptuando os monosílabos finais e o estraño nome de Yog-Sothoth, que aprendera a distinguir do resto das fórmulas relacionadas con aquel asunto horríbel. De que eran estas exactamente as que aquí se reproducen, responde o doutor Willett, en cuxa memoria espertou a primeira un eco estrañamente desagradábel que identificou despois cando lembrou os acontecementos do arrepiante Venres Santo do ano anterior.

Ω

Y'AI 'NG'NGAH,
YOG-SOTHOTH
H'EE—L'GEB
F'AI THRODOG
UAAAH

ℰ

OGTHROD AI'F
GEB'L—EE'H
YOG-SOTHOTH
'NGAH'NG AI'Y
ZHRO

Con tanta frecuencia se repetían as fórmulas que sen se decatar o doutor comezou a recitalas en voz baixa. Á fin creu atopar todos os documentos que necesitaba polo momento e decidiu non examinar ningún máis até que puidese traer a todos os escépticos alienistas en

masa e levar a cabo con eles unha investigación máis ampla e sistemática. Tiña que atopar aínda o laboratorio oculto, de modo que, deixando a súa maleta na estancia iluminada, volveu internarse no escuro pasadizo en cuxas bóvedas seguían resoando sen cesar aqueles apagados e espantosos queixumes.

As estancias contiguas estaban abandonadas ou cheas de caixóns rotos e cadaleitos de chumbo de aspecto ominoso, pero non puido menos que impresionarlle a magnitude da tarefa que alí levara a cabo Curwen. Pensou nos escravos e mariñeiros que desapareceran, nas tumbas profanadas en todas partes do mundo, e no que debiera de ser aquela expedición final contra a granxa, e decidiu que era mellor non lembrar máis aquilo. De súpeto atopouse ante unha gran escaleira de pedra que, segundo deduciu, debía conducir a un dos edificios contiguos á granxa, talvez a aquel famoso edificio de pedra dotado de estreitas troneiras no canto de xanelas. O fedor e os estraños queixumes aumentaron de intensidade. Willett comprobou que chegara a un amplo espazo aberto, tan grande que a luz da súa lanterna non bastaba para iluminalo, e mentres avanzaba tropezou cunhas rexas columnas que sostían os arcos do teito.

Pouco despois chegou a un círculo de columnas agrupadas como os monólitos de Stonehenge, cun gran altar colocado no centro sobre unha base de tres banzos. As figuras talladas naquel altar eran tan estrañas que Willett achegouse a estudalas coa súa lanterna, pero cando viu o que eran, recuou cun arreguizo e non quixo deterse a investigar as manchas escuras que salpicaban a superficie superior e caían polos lados a modo de regos. Seguiu adiante e atopou a parede oposta perforada por uns poucos arcos e furada por un milleiro de pequenas celas con enreixados de ferro, no interior das cales colgaban dos muros cadeas de

ferro rematadas por argolas de diversos tamaños. Aquelas celas estaban baleiras e, con todo, o fedor terríbel e os lúgubres queixumes continuaban asediando o doutor con máis insistencia que nunca.

Non puido Willett apartar a atención por máis tempo daquel fedor noxento e daqueles pavorosos sons que chegaban a aquel gran salón de columnas dun xeito máis claro e horríbel que a calquera outro lugar do subterráneo, e que parecían proceder de rexións aínda máis profundas. Antes de inspeccionar un por un todos os arcos en busca dunha escaleira que puidese conducir até elas, o doutor percorreu co feixe de luz da súa lanterna o lousado. A intervalos regulares, había laxas tradeadas por pequenos buracos distribuídos a eito, mentres que nunha esquina encontrou unha escaleira de man da que parecía desprenderse gran parte daquel cheirume que o enchía todo. Mentres avanzaba amodo, Willett creu observar que os sons e a fetidez eran moito máis intensos encima das laxas perforadas, como se estas últimas fosen bastos trapelos que conducisen a unha rexión do horror afundida nas entrañas da terra. Axeonllouse xunto a unha delas e tentou levantala.

Apenas comezara a tentalo cando os queixumes subiron de ton, e só loitando con forza contra os seus tremores logrou o doutor Willett porfiar no seu intento. Un fedor inaturábel escoábase a través daqueles buracos e a cabeza comezou a darlle voltas cando á fin, tras apartar a laxa, proxectou a luz da súa lanterna cara ao escuro oco que quedara ao descuberto. Se esperaba atopar un tramo de banzos que descendesen cara a unha sima de abominación, Willett quedou decepcionado, xa que o único que puido ver foi a parede de tixolo dun pozo cilíndrico dun

metro e medio de diámetro aproximado, desprovista de todo medio de descenso. Mentres a luz buscaba no fondo daquel pozo, os queixumes transformáronse en arrepiantes ouveos. Willett tremeu, incapaz por un momento de enfrontarse co espanto que podía asexar naquel abismo, pero reaxiu decontado e, sacando forzas de fraqueza, reuniu o valor necesario para asomarse ao pozo e introducir a lanterna no interior, até onde lle alcanzaba o brazo, para ver o que había no fondo. Durante uns segundos non puido distinguir máis que a sucia parede de tixolo cuberta de mofo que se afundía indefinidamente naquela miasma medio tanxíbel de fedor e angustiada frenesí. Logo viu que algo saltaba de xeito zoupón e furioso no fondo do estreito pozo, duns seis ou oito metros de profundidade. A lanterna tremeu na súa man, pero mirou de novo para ver que clase de ser vivente podía morar na escuridade daquel pozo artificial, unha criatura viva abandonada alí polo mozo Ward cando os médicos o levaran ao hospital e, evidentemente, unha das moitas prisioneiras nos numerosos pozos cavados na ampla caverna abovedada. Fosen o que fosen, non podían deitarse nun espazo tan reducido. Aquelas espantosas semanas desde que o seu dono as abandonara deberan de pasalas acazapados, saltando, xemendo e agardando.

Pero Marinus Bicknell Willett lamentou toda a súa vida mirar de novo, porque a pesar da súa longa experiencia como cirurxián e da súa experiencia nas salas de disección, desde entón non volveu a ser o mesmo. Resulta difícil explicar como a visión dun obxecto tanxíbel e de dimensións obxectivas puido cambiar un home até tal punto. O único que podemos dicir é que arredor de certos perfís e entidades aboia un poder de simbolismo e suxestión que actúa sobre as perspectivas dun pensador sensíbel e murmura terríbeis alusións ás escuras relacións

cósmicas e a realidades indescribíbeis que existen máis aló da ilusión protectora que supón a visión normal. E foi un daqueles perfís ou entidades o que viu Willett ao mirar por segunda vez, e por uns instantes perdeu a razón tanto como calquera dos pacientes do hospital do doutor Waite. A súa man, desprovista de súpeto de forza muscular e coordinación nerviosa, deixou caer a lanterna, pero os seus ouídos non chegaron a percibir o espantoso son dun roer de moas que delataba o destino que esta atopara no fondo do pozo.

Gritou e gritou e o pánico transformou o seu ton habitual nunha voz de falsete que nin os seus amigos máis íntimos recoñecerían. Ao ver que non podía pórse en pé, rodou desesperadamente sobre o húmido lastrado ao que se abrían ducias de pozos infernais que guindaban á superficie, en resposta aos seus berros demenciais, exhaustos laios e horrendos ouveos. Esfolou as mans sobre as ásperas laxas e bateu coa cabeza contra as numerosas columnas, pero seguiu avanzando. Lentamente foi recuperando o dominio de si mesmo. Estaba enchoupado en suor, mergullado nun abismo de negrura e de horror, sen nada con que iluminarse e atormentado por unha imaxe que xa nunca podería desterrar da súa memoria. Baixo os seus pés, ducias daqueles seres continuaban vivos e agora un dos foxos estaba aberto. Sabía que o que vira non podía rubir por aqueles muros esvaradíos, pero arreguizouse ante a posibilidade de que existise algunha escada que lle ocultara a escuridade.

Non sabería dicir que era aquel ser. Tiña un aquel coas figuras talladas no altar diabólico, mais estaba vivo. A natureza non puidera darlle aquela forma, pois tratábase sen dúbida dunha criatura inacabada. As deficiencias eran do tipo máis sorprendente e as anormalidades de proporción facían imposíbel toda descrición. Willett só se atreve a dicir

que debía de representar as identidades que Ward invocara a partir de sales imperfectos e que mantiña para fins servís ou ritualistas. De non ter un significado concreto, a súa imaxe non aparecería tallada naquel altar maldito. Certo que non era aquilo o peor que se representaba na ara, pero tampouco Willett abrira o resto dos pozos.

Naquel momento a primeira idea que lle veu á cabeza foi un parágrafo dun dos documentos relativos a Curwen e que dixerira había xa tempo, unha frase daquela portentosa carta escrita por Simon ou Jedediah Orne, confiscada polos cidadáns de Providence, e dirixida ao desaparecido bruxo. Dicían aquelas liñas: «Certamente foi moi grande o espanto que provocou nel a Forma que invocou, a partir daquilo do que puido conseguir só unha parte .»

Logo, sen desprazar esta imaxe, senón máis ben superpóndose a ela, acudiu á súa memoria o recordo dos rumores que correron arredor daquel ser queimado e retorto achado en pleno campo unha semana despois da expedición contra a granxa de Curwen. Charles Ward díxeralle en certa ocasión que segundo o testemuño do vello Slocum, aquela criatura non era nin completamente humana nin semellante a ningún animal coñecido polos habitantes de Pawtuxet. Aquelas palabras zoaron na mente do doutor mentres se arrastraba polo húmido chan de pedra. Tratou de rexeitalas e con tal fin murmurou unha oración en voz baixa, que dexenerou nun borboriño semellante á poesía moderna d'*A terra baldía* de Eliot e acabou coa continua repetición da dobre fórmula que atopara na biblioteca subterránea de Ward: «*Y'ai 'ng'ngah, Yog-Sothoth*» até o «*Zhro*» final. Aquilo pareceu tranquilizalo e logo duns intres púxose en pé cambaleándose, lamentando amargamente a perda da lanterna e mirando desesperado arredor na procura dun raio de luz que abrise a negrura impenetrábel que o

rodeaba. Decidira non pensar, pero aguzaba a vista mirando en todas as direccións, tratando de localizar algún tenue brillo da intensa iluminación que deixara na biblioteca. Pasado un intre creu percibir unha tenue claridade infinitamente lonxe, e cara a ela arrastrouse de xeonllos no medio do fedor espantoso e os horrendos queixumes, tropezando a cada pouco con algunha columna e temendo caer no pozo abominábel que deixara descuberto.

Nun momento determinado, os seus dedos trémulos toparon co que imaxinou debía ser un dos banzos que conducían ao diabólico altar, e retrocedeu con espanto. Máis tarde tropezou coa laxa que levantara e o seu horror non foi para ser descrito. Pero o que había no pozo nin se moveu nin emitiu o menor son. Polo visto a lanterna non lle sentara moi ben. Cada vez que Willett tocaba unha das laxas perforadas, estremecía-se. O seu paso sobre elas provocaba en ocasións un aumento na intensidade dos queixumes que resoaban debaixo, pero polo xeral non producían ningún efecto, pois movíase co maior sixilo. En varias ocasións, durante o seu avance, reparou en que a leve claridade cara á cal se dirixía disminuía de xeito perceptíbel e comprendeu que as candeas e lámpadas que deixara acesas debían de estar a morrer unha por unha. A idea de atoparse perdido no medio da máis completa escuridade, sen un só fósforo e naquel mundo subterráneo de labirintos de pesadelo acirrouno para se pór en pé e botar a correr, o cal podía facer impunemente agora que pasara xa xunto ao pozo aberto. Sabía que se todas as luces chegaban a apagarse, a súa única esperanza de supervivencia residía na expedición que o señor Ward puidese enviar para o rescatar ao ver que transcorría o tempo sen ter novas súas.

De súpeto atopouse o doutor de novo no angosto pasadizo que ía desembocar na ampla caverna e puido constatar que a claridade

procedía dunha porta que se atopaba á súa dereita. Logo duns instantes traspasaba o limiar daquela porta e, tremendo de alivio, entraba unha vez máis na biblioteca secreta do mozo Ward e contemplaba o alumbrar da lámpada que o guiara até o porto de salvación.

4

Momentos despois, encheu ás prásas de petróleo as lámpadas apagadas e, apenas volveu estar a estancia brillantemente iluminada, mirou arredor na procura dunha lanterna coa que continuar as súas exploracións. Malia a impresión de horror que lle apertaba o corazón, estaba firmemente decidido a non deixar pedra sen levantar na súa investigación dos espantosos feitos que provocaran a tolemia de Ward. Ao non atopar unha lanterna, escolleu a máis pequena das lámpadas, encheu os petos de candeas e fósforos e colleu tamén unha lata de petróleo para utilizala se chegaba a atopar o laboratorio oculto máis aló do terríbel vestíbulo co seu blasfemo altar e os seus pozos arrepiantes.

Cruzar de novo aquel espazo esixía unha gran fortaleza de ánimo, pero Willett sabía que tiña que facelo. Por fortuna, nin a ara diabólica nin o pozo aberto estaban preto da parede furada con celas que rodeaba a caverna e cuxos negros e misteriosos arcos constituirían o primeiro obxectivo dunha investigación lóxica.

De xeito que Willett regresou a aquel vestíbulo alagado de fetidez e de angustiados queixumes e baixou a mecha da lámpada para evitar ver sequera na distancia o diabólico altar ou o pozo descuberto. A maioría dos arcos conducían a cámaras pequenas, unhas completamente baleiras e outras que evidentemente se utilizaban como almacéns. En varias destas últimas viu unha acumulación moi curiosa dos obxectos máis

dispares. Unha estaba chea de pezas de vestir podres e cubertas de po, e non foi pequeno o horror do doutor Willett cando comprobou que aquelas pezas eran de había un século e medio. Noutra achou roupas de época máis recente que parecían ser almacenadas alí para equipar un gran número de homes. Pero o que máis o repugnou foron unhas enormes cubas de cobre con sinistras incrustacións que atopou espaxadas por varias das cámaras. Inquietáronlle aínda máis que as cuncas de chumbo cheas de estraños residuos e que despedían un fedor repugnante, perceptíbel mesmo no medio da fetidez xeral da cripta. Cando rexistrou case palmo a palmo a metade daquel muro circular, Willett descubriu outro pasadizo semellante ao que daba entrada á cripta e no cal se abrían numerosas portas. Despois de penetrar en tres estancias de tamaño mediano e contido variado, chegou a unha ampla e de forma oblonga, chea de cubetas, crisois, instrumental químico moderno e numerosos libros. Os muros estaban forrados de andeis ocupados por recipientes e botellas de todos os tamaños. Aquel era, sen dúbida, o laboratorio de Charles Ward e o que utilizara tamén Curwen había un século e medio.

Logo de acender o tres lámpadas que atopou cheas e preparadas, o doutor Willett examinou o lugar e todo o que contiña co maior interese, observando que, a xulgar polos numerosos reactivos que figuraban nos andeis, as investigacións do mozo Ward estiveran relacionadas con algunha rama da química orgánica. Moi pouco era o que podía deducirse dos aparellos que alí se atopaban e entre os cales se achaba unha mesa de disección que ocupaba o centro da estancia, de modo que neste sentido o laboratorio constituíu para o doutor Willett unha gran decepción. Atopou entre os libros un exemplar moi sobado da obra de Borellus e non foi pequena a sorpresa do médico ao observar que Ward

subliñara precisamente aquel mesmo parágrafo que tanto impresionara cento cincuenta anos antes ao bo do señor Merritt na granxa de Pawtuxet. Non era aquel, así e todo, o exemplar antigo, pois este fora destruído durante o asalto ao laboratorio de Curwen. Nas paredes da estancia abríanse tres arcos que o doutor examinou un tras do outro. Dous deles conducían a senllos almacéns ateigados de cadaleitos en diversos estados de conservación, provistos todos eles de placas de identificación, dúas ou tres das cales se detivo Willett a descifrar experimentando un arreguizo ante o significado daquelas inscricións. Había tamén varios caixóns novos e coidadosamente cravados que non se detivo a examinar, talvez o máis interesante fosen algunhas pezas soltas, moi estragadas e que segundo Willett deberan de formar parte dos aparellos do antigo laboratorio de Curwen. A pesar dos danos que sufriran durante o asalto á granxa, aínda podía recoñecerse neles os trebellos químicos do período xeorxiano.

O terceiro arco conducía a unha estancia algo maior cuxas paredes estaban cheas de andeis e en cuxo centro había unha mesa sobre a que repousaban dúas lámpadas. Willett acendeunas e á súa luz estudou os interminábeis andeis de arredor. Algúns deles estaban completamente baleiros, pero a maioría aparecían ocupados por pequenos recipientes de chumbo de dúas formas distintas: uns altos e sen asas, semellantes a un *lekythos* grego, e outro cunha soa asa, do tipo *phaleron*. Todos estaban provistos de tapas de metal e cubertos por estraños símbolos gravados en baixorrelevo. Logo duns instantes o médico caeu na conta de que aqueles recipientes estaban clasificados coidadosamente. Todos os *lekythos* estaban a carón do cuarto baixo un gran cartel de madeira en que se lía a palabra «Custodios», e todos os *phaleron* ao outro, baixo un rótulo similar que dicía «Materia». Cada un dos recipientes levaba unha

etiqueta cun número que, ao parecer, facía referencia a un catálogo, que Willett se propuxo comezar a procurar. De momento, así e todo, interesáballo máis pescudar cal era o contido daqueles recipientes. Abriu varios deles elixidos o azar con resultado invariábel. Todos contiñan unha pequena cantidade dunha soa clase de sustancia: un po finísimo de moi leve peso e de cor neutra aínda que con diversos matices. Era evidente que a ordenación dos recipientes non respondía a esta tenue variación de ton, pois un po gris azulado podía estar á beira doutro rosado, e o po contido nun *phaleron* podía ter un duplicado exacto nun *lekythos*. A característica máis marcada daquel po, era a súa total falta de adherencia. Willett podía vertelo na palma da man, e devolveo despois ao recipiente sen que quedase entre os seus dedos o menor residuo.

O significado dos dous letreiros intrigoulle e preguntouse por que motivo estarían aquelas sustancias químicas tan radicalmente separadas das que vira noutros recipientes no laboratorio propiamente dito, e de súpeto veulle á memoria onde vira a palabra «custodios» en relación con este espantoso misterio. Fora, naturalmente, na carta dirixida recentemente ao doutor Allen e que parecía ser de puño e letra de Edward Hutchinson, e as liñas en cuestión dicían: «Xulgo prudente en extremo a súa decisión de non conservar tantos Custodios que poidan ser achados en caso de Dificultade, como ben lembrará a súa mercé por propia experiencia.» Que significarían estas palabras? Non ouvira algunha vez unha palabra semellante en relación con todo aquel asunto? Como non lle vira á memoria ao ler a carta de Hutchinson? Nos días en que Ward aínda lle falaba das súas investigacións, díxeralle que no diario de Eleazar Smith se mencionaban fragmentos de conversas que

tiveran lugar no interior da granxa, diálogos terribéis nos que interviñan Curwen, varios cativos, e os gardiáns daqueles cativos.

De modo que aquilo era o que contiñan os *lekythos*: o froito monstruoso de sacrílegos ritos, os «sales» aos que aludía Borellus. Willett arreguizouse ao pensar no que tivera entre as súas mans e por un momento invadiuno a tentación de fuxir daquela caverna inzada de andeis en cuxos nichos xacían innumerábeis sentinelas silenciosas e talvez vixiantes. Logo pensou na «Materia», no infinito número de recipientes do tipo *phaleron* que había alén da estancia. Sales, tamén... pero se non eran sales de «custodios», que outra clase de sales podían ser? Por Deus! Sería posíbel que se achasen alí as reliquias mortais da metade dos grandes pensadores de todas as épocas, arrincadas por mans impías das tumbas onde o mundo as cría seguras, e suxeitas á chamada e o interrogatorio duns tolos que pretendían asimilar os seus coñecementos guiados por algún propósito que, como dicía o pobre Charles na súa carta, podía afectar «á civilización, ás leis naturais, talvez mesmo á sorte do sistema solar e todo o universo»? E el, Marinus Bicknell Willett, tivera aquel po entre as súas mans!

Reparou despois nunha pequena porta que había ao fondo da estancia e acougou o suficiente como para achegarse a ela e examinar a basta figura gravada sobre o lintel. Era só un símbolo, pero ao velo o doutor arreguizouse lembrando o día en que un amigo seu lle debuxara aquela mesma figura nun papel e lle explicara o que significaba nos escuros abismos do soño. Era o signo de Koth, aquel que ven os soñadores sobre o arco de entrada de certa torre negra que se ergue solitaria no medio da penumbra... e a Willett non lle gustou o que o seu amigo Randolph Carter lle dixera sobre os seus poderes. Pero pronto esqueceu aquel símbolo ao percibir un novo fedor no ar. Tratábase dun

cheiro de orixe química e non animal e procedía da estancia situada alén da porta. Aquela era sen dúbida o mesmo que enchoupaba as roupas de Charles Ward o día en que o levaran os médicos. De modo que era alí onde se achaba cando recibira a visita dos alienistas? Mostrouse moito máis prudente que Joseph Curwen, xa que non ofrecera a menor resistencia. Willett, decidido a investigar todos os horrores e pesadelos que o sinistro subterráneo puidese depararlle, empuñou a pequena lámpada e cruzou o limiar. Unha onda de terror indescribíbel rodeouno, pero loitou con forza por non gritar e sobreporse a ela. A fin de contas, alí non había nada vivo que puidese causarlle dano e, por outra banda, estaba disposto ao que fose con tal de descifrar o misterio que envolvía o seu paciente.

A estancia na que acababa de entrar era de tamaño mediano e carecía de mobles, fóra dunha mesa, unha cadeira e dous grupos de estrañas máquinas con abrazadeiras e rodas que Willett recoñeceu como instrumentos medievais de tortura. A carón da porta había unha chea de látigos e xunto a eles uns andeis nos que se aliñaban varios recipientes de chumbo semellantes aos *lekythos* gregos. Ao outro había unha mesa e sobre ela unha potente lámpada de Argand, un bloc de notas, un lapis e dous dos *lekythos* do andel da outra sala. Willett acendeu a lámpada e examinou minuciosamente o bloc para ver que notas estaba a tomar Charles cando fora interrompido polos alienistas, pero non puido entender máis que unas poucas palabras escritas coa estraña caligrafía de Curwen e que non botaban luz ningunha sobre o caso en conxunto. Dician o seguinte: «B. non falou. Puido escapar a través dos muros e achou o lugar profundo.» «Vin o vello V. recitar o Sabaoth e aprendín a Maneira.» «Invoquei por tres veces a presenza de

Yog-Sothoth e ao terceiro día cedeu.» «Necesario é que F. confese o que sabe sobre o modo de invocar os do Exterior.»

A potente lámpada de Argand iluminaba toda a estancia e así foi como o doutor puido ver na parede situada fronte á porta, no espazo que quedaba entre os dous grupos de instrumentos de tortura, unha serie de perchas das que pendían túnicas dun branco amarelado. Pero moito máis interesantes lle resultaron as dúas paredes laterais, que estaban cubertas de símbolos místicos e de fórmulas torpemente talladas na pedra. Había tamén símbolos gravados no chan, entre os cales destacaba un enorme pentágono que ocupaba o centro exacto da estancia, e senllos círculos dun metro de diámetro situados nun punto equidistante de cada unha das catro esquinas do cuarto e o pentágono central. Nun daqueles catro círculos, moi preto do lugar onde viu Willett caída no chan unha túnica amarelada, había un recipiente *kylyk* como os que se aliñaban no andel colocado xunto aos látegos, e fóra do círculo, aínda que moi próximo a el, un dos recipientes *phaleron* da sala contigua cunha etiqueta que levaba o número 118. Este último recipiente estaba destapado e Willett comprobou que non contiña nada no seu interior. Pero comprobou tamén cun arreguizo que o outro non estaba baleiro, senón que contiña unha pequena cantidade de pos dunha cor averdada. Un calafrío percorreu o corpo do médico mentres relacionaba mentalmente os elementos e antecedentes relacionados con aquela escena. Os látegos e os instrumentos de tortura, os sales dos recipientes que correspondían a «materia», os dous *lekythos* dos andeis aliñados baixo a palabra «Custodios», as túnicas, as fórmulas gravadas nas paredes, as notas do bloc, as sospeitas que espertaran as cartas e lendas, e os milleiros de dúbidas e suposicións que atormentaran os amigos e os pais de Charles Ward... todo aquilo envolveu o doutor como unha onda

de horror mentres contemplaba o po averdado que contiña o recipiente de chumbo.

Porén, cun enorme esforzo conseguiu dominarse e empezou a estudar as fórmulas gravadas nas paredes. Era evidente que foran talladas na época de Joseph Curwen e o texto non podía máis que resultar familiar a un home que tanto lera sobre tal personaxe e que estaba familiarizado coa historia da maxia. Nunha delas recoñeceu o doutor inmediatamente a fórmula que a señora Ward ouvira cantaruxar ao seu fillo aquel malfadado Venres Santo do ano anterior e que unha autoridade na materia lle describira como terríbel invocación dirixida aos deuses secretos que moran máis aló da esfera da normalidade. Non figuraba alí exactamente tal e como a señora Ward repetira, nin sequera como aparecía na versión que aquel experto na materia se lle amosara nas páxinas prohibidas de «Eliphaz Levi», pero era indiscutibelmente a mesma e Willett arreguizouse de horror ao recoñecer nela palabras tales como Sabaoth, Metraton, Almonsin e Zariatnamik.

A fórmula en cuestión estaba gravada no muro situado á esquerda da entrada. O da dereita estaba igualmente cuberto de invocacións que Willett recoñeceu grazas ás notas que atopara na biblioteca. Eran de feito case idénticas a estas e ían igualmente encabezadas polos antigos símbolos de «Cabeza de dragón» e « Cola de dragón», como nas notas de Ward, pero a ortografía variaba moito da versión moderna, como se o vello Curwen tivese un modo distinto de representar os sons ou como se estudos posteriores desen como resultado variantes máis perfectas e eficaces. O doutor tratou de reconciliar a fórmula tallada na pedra coa que resoaba con persistencia na súa cabeza, e tras grandes traballos logrou conseguilo. A que el sabía xa de memoria comezaba «*Y'ai 'ng'ngah, Yog-Sothoth*», mentres que a que se lía no muro empezaba: «*Aye,*

engengah, Yogge-Sothotha» o cal significababa unha marcada alteración da segunda palabra.

Aquela discrepancia desconcertouno e ao pouco comezaba a recitar en voz alta a primeira das fórmulas tratando de reconciliar os sons que el lembraba coas letras que vía esculpidas na pedra. A súa voz alzouse estrañada e ameazadora naquel abismo de misterios como sinistro contrapunto aos inhumanos queixumes que chegaban até el a través do fedor do ar e da escuridade.

*Y'AI 'NG'NGAH,
YOG-SOTHOTH
H'EE—L'GEB
F'AI THRODOG
UAAAH!*

Pero, que era aquel vento frío que se levantara ao son da súa invocación? As lámpadas tremeluciron como se fosen a apagarse e por uns intres a escuridade fíxose tan mesta que as palabras esculpidas na pedra dos muros case se borraron da súa vista. A estancia encheuse de fume e dun cheiro acre que afogou por completo o fedor procedente dos pozos. Era un cheiro parecido ao que Willett percibira con anterioridade, pero moito máis intenso e penetrante. Volveuse de costas ás inscricións para enfrontarse coa estancia e o seu estraño contido, e descubriu entón que do recipiente que estaba no chan e que contiña o ominoso po de cor verdosa, xurdía unha nube de vapor compacto, entre verde e negro, e dunha opacidade e unha densidade abraiantes.

Deus do ceo! Aquel po correspondía aos andeis dedicados a «Materia»! Que estaba a ocorrer e que provocara aquel acontecemento? A fórmula que estivera recitando, a primeira das dúas, a que

correspondía á cabeza de Dragón, ao nodo ascendente... Deus bendito! Podería ser...?

A cabeza deulle voltas e polo seu cerebro cruzaron en vertixinosa sucesión as imaxes dispersas de todo canto vira, ouvira e lera en relación co espantoso caso de Joseph Curwen e Charles Dexter Ward. «Prégolle non chame á súa presenza a ninguén que non poida facer desaparecer... Teña sempre a súa mercé preparada a Invocación necesaria para iso e nunca confíe até estar ben seguro de Quen requiriu á súa presenza... Por tres veces falei co que nel estaba inhumado...» Deus do Ceo! Que era aquela forma que se elevaba entre o fume?

5

Marinus Bicknell Willett non espera que crean a súa historia máis que uns poucos amigos íntimos e, en consecuencia, só a eles tentóullela contar. As poucas persoas alleas a ese círculo que a escoitaron dos seus beizos limitáronse a sorrir e a comentar que o doutor empeza a facerse vello. Aconselláronlle unhas longas vacacións e que no futuro non volva intervenir en casos de desequilibrio mental. Pero o señor Ward sabe que o que di o médico non é máis que a terríbel verdade. Seica non viu el cos seus propios ollos a fedorenta abertura practicada no chan da adega da cabana? Ou o doutor Willett non o enviou á súa casa, trastornado e enfermo, contra as once daquela maldita mañá? Ou non telefonou ao doutor inutilmente aquela noite e non se dirixiu á cabana na mañá seguinte, atopando o seu amigo inconsciente, aínda que ileso, deitado na cama dun dos dormitorios? Respiraba traballosamente e cando o señor Ward lle fixo beber un pouco de coñac, entreabriu lentamente as pálpebras, arreguizouse e gritou: «Esa barba! Eses ollos!

Meu deus! Quen é vostede?» palabras bastante estrañas tendo en conta que as dirixía a un home perfectamente rasurado e de ollos azuis, un home que coñecía desde a súa infancia.

Á brillante claridade do mediodía a cabana non mudara no máis mínimo desde a mañá anterior. As roupas de Willett parecían en perfecto estado alén dunhas leves rozaduras nos cúbados e nos xeonllos, e só un leve cheiro acre lembrou ao señor Ward o fedor que despedía o traxe do seu fillo o día que o trasladaron ao hospital. Faltaba a lanterna do médico, pero a súa maleta seguía alí tan baleira como a trouxera. Antes de dar ningunha explicación e facendo, evidentemente, un grande esforzo, Willett descendeu cambaleándose á adega e tratou de correr a plataforma situada ante os lavadoiros. Non se moveu. Achegándose ao lugar onde o día anterior deixara o seu saquiño de ferramentas, Willett colleu un cicel e tratou de facer panca. Adiviñábase baixo ela a capa de formigón, pero nada indicaba que houbera alí xamais unha abertura. Desta volta, o abraiado pai de Charles Ward, que seguira ao seu amigo, non tivo ocasión de enfermarse coas emanacións do burato infernal: nin pozo fétido, nin mundo de horrores subterráneos, nin biblioteca secreta, nin documentos de Curwen, nin laboratorio, nin andeis, nin fórmulas gravadas. Nada. O doutor Willett palideceu e apoiouse no brazo do seu compañeiro.

—Onte —murmurou— vostede viu e cheirouno, verdade?

E cando o señor Ward, abraiado e atordado, reuniu as forzas suficientes para asentir cun xesto, o médico suspirou e asentiu á súa vez.

—Entón vullou contar todo —dixo.

Por espazo dunha hora, na estancia máis asollada que puideron atopar, o médico murmurou a súa fantástica historia a aquel pai abraiado. Non soubo continuar unha vez que narrou a aparición

daquela estraña forma e describiu como do recipiente de chumbo se elevaba un vapor verde denegrado e, por outra banda, estaba demasiado canso para preguntarse que acontecera.

Cando acabou o seu relato, o señor Ward suxeriu timidamente:

—Cre que unha escavación serviría de algo?

O doutor gardou silencio. Non lle parecía propio responder a esa pregunta cando unhas forzas procedentes de esferas descoñecidas invadiran esta beira do Gran Abismo. Os dous homes abanearon a cabeza e o señor Ward preguntou:

—Pero, onde puido meterse? É indubidábel que alguén o trouxo aquí e que logo, dalgún xeito, selou a abertura...

Willett deixou de novo que o silencio respondese por el.

Pero non foi aquilo todo. Antes de abandonar a cabana, ao introducir o doutor unha man no peto para sacar o pano, os seus dedos tropezaron cun papel que non estaba alí antes da expedición ao subterráneo e que acompañaba os fósforos e as candeas que collera na desaparecida biblioteca. Era unha folla corrente, arrincada sen dúbida do bloc de notas que Willett vira naquela estancia, e os trazos foran trazados con lapis, probabelmente o mesmo que vira xunto ao bloc. O texto resultoulles incomprensíbel aos dous homes malia que recoñeceron nel certos símbolos que lles pareceron vagamente familiares.

Aquela breve mensaxe e o misterio que entrañaba intrigou excesivamente os dous amigos, que subiron decontado ao coche de Ward e deron instrucións ao chofer para que os conducise primeiro a cear a un sitio tranquilo e logo á Biblioteca John Hay situada no outeiro. Non lles foi difícil achar alí bos manuais de paleografía, que estudaron detidamente até que as luces brillaron na grande araña. Á fin atoparon o

que buscaban. Aquela caligrafía non constituía unha invención fantástica, senón que fora a normal nun período moi escuro. Correspondía ás minúsculas saxoas do século VIII e IX e traía con ela recordos dun tempo inculto en que baixo a fresca corrente do cristianismo rebulían aínda furtivamente crenzas antigas e vellos ritos, un tempo en que a pálida lúa de Britania era testemuña ás veces de estraños ritos celebrados entre as ruínas romanas de Caerleon e Hexhaus e xunto ás torres derrubadas do muro de Hadriano. A lingua era o latín daquelas idades bárbaras e o texto era o seguinte:

Corwinus mecandus est.
Cadaver aqua forti dissolvendum
nec aliquid retinendum.
Tace ut potes.

*(Corwinus mecandus est.
Cadaver aqua forti dissolvendum,
nec aliquid retinendum.
Tace ut potes),*

Traducido, significaba: «Curwen debe morrer. O cadáver debe ser disolto en auga forte sen que quede residuo ningún. Garda o maior silencio posíbel.»

Willett e o señor Ward quedaron mudos e desconcertados. Enfrontáranse co descoñecido e agora descubrían que carecían das emocións que ao seu xuízo debían experimentar. En Willett

especialmente, a capacidade de recibir novas impresións parecía totalmente esgotada, e así os dous homes permaneceron sentados en silencio até que chegou a hora en que se pechou a biblioteca. Desde alí dirixíronse á mansión de Prospect Street. O doutor quedou nela a pasar a noite e alí seguía o domingo cando chamaron por teléfono os detectives encargados da vixilancia do doutor Allen. O señor Ward, que nese momento paseaba nerviosamente polo cuarto vestido cun batín, respondeu persoalmente a chamada e, ao saber que o informe que solicitara estaba case listo, citou os detectives para primeira hora da mañá do día seguinte. Tanto Willett como el estaban desexosos de que o asunto chegase á súa fin, xa que calquera que fose a orixe da estraña mensaxe que o doutor atopara no seu peto, unha cousa parecía certa: o Curwen que debía ser destruído non podía ser outro que o barbudo descoñecido de lentes escuras. Charles temía aquel home e na carta que dirixira ao médico pedira que o matase e disolvese o seu cadáver en ácido. Ademais, Allen estivera carteándose con estraños personaxes de Europa baixo o nome de Curwen e era evidente que se consideraba unha reencarnación do desaparecido nigromante. Agora, de fonte nova e descoñecida, chegaba unha mensaxe en que se afirmaba que Curwen debía morrer e que había que disolver o seu corpo en ácido.

A relación entre todos aqueles sucesos era demasiado evidente e non podía ser ignorada. Por outra banda, non era que Allen planeaba asasinar o mozo Ward seguindo o consello dese individuo chamado Hutchinson? Desde logo que a carta que eles viran non chegara xamais a mans do barbudo colega de Charles, pero do seu texto deduciábase que Allen trazara xa plans para desfacerse do mozo no momento en que este mostrase demasiados «escrúpulos». En consecuencia había que deter a Allen e, aínda no caso de que non se adoptasen contra el medidas máis

drásticas, habería que encerralo nun lugar desde o que non puidese inflixir ningún dano ao mozo Ward.

Aquela tarde, coa infundada esperanza de extraer algunha información arredor daquel misterio da única persoa capaz de proporcionala, o señor Ward e o doutor Willett foron visitar a Charles á clínica. O doutor informou ao mozo de todo o que descubrira e observou a palidez que ía cubrindo o seu rostro a medida que as súas descrições garantían a verdade dos seus descubrimentos. O médico utilizou en grao máximo os efectos dramáticos e espíou o rostro do seu paciente coa esperanza de sorprendelo aínda que fose un pestanexo cando se referiu aos pozos e aos indescritíbeis híbridos que vivían no seu interior. Pero Charles non pestanexou. Willett fixo unha pausa e cando volveu falar a súa voz adquiriu un ton de indignación ao referirse a aqueles seres que morrían de fame. Acusou o mozo de crueldade e estremeceuse ao ouvir as irónicas gargalladas con que este respondeu ás súas palabras. Parecía renunciar a seguir sostendo que a cripta non existía, pero agora vía algo sinistramente cómico en todo aquel asunto e ríase con gargalladas roucas de algo que, evidentemente, lle facía moita graza. Logo murmurou cun ton dobremente aterrecedor por mor do cascado da voz:

—Malditos sexan! Comen, pero non deberían comer! Iso é o máis estraño do caso. Un mes sen comer, di vostede? Queda vostede moi curto, meu señor. Bo chasco levaría de sabelo o vello Whippe, o moi mexericas! Matalo todo quería! Pero estaba tan xordo polo ruído de fóra que non chegou a ouvir o que saía da terra. Nin soñou que puidese haber alí seres vivos! E se eu lle dixese que esas malditas criaturas están ouveando neses pozos desde que Curwen desapareceu hai xa cento cincuenta anos?

Pero aquilo foi o único que Willett puido sacarlle. Arrepiado, aínda que case convencido contra a súa vontade, continuou a súa historia coa esperanza de que algún incidente puidese sobresaltar o seu interlocutor e tiralo da demencial postura que mantiña. Ao contemplar o rostro do novo non puido evitar que un arreguizo de horror o sacudise ante os cambios que se produciran nel durante os últimos meses. Cando mencionou a sala das fórmulas e o po verduoso, Charles comezou a demostrar certa curiosidade. Unha mirada de desprezo asomou nos seus ollos ao ouvir o que Willett lera no bloc, e aventurou a explicación de que aquelas anotacións eran moi antigas e tiñan que escapar forzosamente ao entendemento de todos aqueles que non estivesen moi versados na historia da maxia.

—Se soubese vostede —engadiu— a fórmula para dar vida aos sales que había no recipiente, non estaría aquí para contalo. Era o número 118. Que sorpresa levaría de chegar a consultar o catálogo que gardo na outra sala! Propúñame chamalo á miña presenza o día en que me sacaron de alí.

Logo, Willett faloulle da fórmula que recitara e do fume verde denegrado que se levantou. E mentres o facía observou que o terror desfiguraba por vez primeira o rostro de Charles Ward.

—Presentouse e está vostede vivo!

Mentres Ward marmexaba estas palabras, a súa voz pareceu liberarse de certas trabas misteriosas e afundirse nun abismo cavernoso de estrañas resonancias. Willett, asaltado por unha repentina inspiración, retrucou lembrando unha carta que lera:

—O número 118, dis? Pero non esquezas que nove de cada dez lápidas dos cemiterios están cambiadas...

E logo, sen previo aviso, colocou ante os ollos do seu paciente a misteriosa mensaxe. A reacción do mozo superou todas as súas esperanzas, pois caeu no chan desvanecido.

Toda aquela conversa levouse a cabo, naturalmente, no máis absoluto segredo coa fin de que os alienistas da clínica non puidesen acusar nin ao pai nin ao médico de alentar a un tolo nas súas fantasías. Sen pedir axuda a ninguén, o doutor Willett e o señor Ward colleron en brazos o mozo e deitárono na cama. Ao volver en si, o paciente murmurou repetidas veces que debía escribir decontado a Orne e a Hutchinson para que o informasen de certa invocación e, en consecuencia, unha vez que recuperou totalmente o sentido, o doutor comunicoulle que cando menos un daqueles estraños personaxes era inimigo mortal seu e aconsellara ao doutor Allen que o asasinase. Aquela revelación non produciu ningún efecto visíbel, pero antes de que se formulase, no rostro do mozo aparecera xa a expresión dun home acosado. A partir daquel momento non quixo falar máis e o señor Ward e o seu acompañante non tardaron en abandonar a estancia, non sen antes previr o paciente contra o barbudo doutor Allen, ao cal se limitou a responder o mozo que aquel individuo non estaba xa en condicións de facer dano a ninguén. Acompañou aquelas palabras cunha risa diabólica que causou unha dolorosa impresión nos visitantes. En canto á comunicación que Charles puidese tratar de establecer cos seus dous monstruosos correspondentes de Europa, nin ao doutor nin ao señor Ward lles preocupaba tal cuestión, pois sabían que o director do hospital censuraba con moito tino toda a correspondencia e non permitiría que chegase a mans do paciente ningunha misiva cuxo contido lle parecese anormal.

O caso de Orne e Hutchinson, se é que eran eles os misteriosos exiliados, tivo unha estraña secuela. Impulsado por un vago presentimento que o asaltou no medio dos horrores daquel período, Willett acudiu a unha axencia internacional de información para que lle facilitasen a maior cantidade de datos posíbeis sobre os sucesos máis notábeis acontecidos en Praga e Transilvania oriental, e despois de seis meses de investigación creu atopar entre os numerosos artigos que recibira e traducira dous datos significativos. Un dos artigos en cuestión referíase á completa destrución durante a noite dunha casa do barrio máis antigo de Praga, e á desaparición dun ancián de moi mala sona chamado Joseph Nadeh, que vivira alí só desde tempos inmemoriais. O outro falaba dunha tremenda explosión ocorrida nas montañas de Transilvania, ao leste de Rakus, que tivera como consecuencia a desaparición do castelo de Ferenczy con todos os seus moradores. O castelo tiña pésima reputación na comarca e o seu propietario era temido e odiado polos campesiños dos arredores. Precisamente por aquelas datas tiña que presentarse ante as autoridades de Bucarest, que querían sometelo a un serio interrogatorio, pero a explosión viñera cortar o que, ao dicir das xentes, fora unha vida dedicada ao mal e que se remontaba a épocas moi remotas.

Willett sostén que a man que escribiu aquela mensaxe en caligrafía saxoa era capaz de empuñar armas máis fortes que a pluma e que asumira a responsabilidade de acabar con Hutchinson e Orne, deixándolle a el a tarefa de terminar con Curwen. O doutor négase a pensar sequera cal puido ser o destino final daqueles dous estraños personaxes.

Á mañá seguinte, o doutor Willett acudiu moi cedo á mansión dos Ward, a fin de estar presente cando chegasen os detectives. Consideraba que a destrución ou reclusión de Allen —ou de Curwen se se daba como válida a posibilidade dunha reencarnación— era unha necesidade imperiosa que había que satisfacer a calquera prezo, e así llo manifestou ao señor Ward mentres esperaban a chegada dos visitantes. Atopábanse na planta baixa, xa que os andares superiores da casa empezaban a ser aborrecidos por mor da fetidez que se respiraba neles, fetidez que os criados máis antigos relacionaban con algunha maldición relacionada co desaparecido retrato de Joseph Curwen.

Ás nove presentáronse os tres detectives, que decontado deron comezo á lectura do informe. Por desgraza non puideran localizar o portugués Tony Gomes nin podían dar noticia de cal fora o lugar de procedencia do doutor Allen nin do seu actual paradoiro. Pero reuniran un considerábel número de datos e de información xeral arredor do silencioso personaxe. Os veciños de Pawtuxet considerábano un ser vagamente sobrenatural e crían que a súa barba era tinguida ou postiza, crenza que resultou ser certa, pois achouse na cabana, xunto a un par de lentes afumadas, unha barba postiza. Un tendeiro declarara que a súa caligrafía era moi estraña e enguedellada, dato que confirmaron as notas escritas a lapis atopadas no seu cuarto e identificadas polo comerciante.

En relación co vampirismo do verán anterior, a maioría cría que o verdadeiro vampiro era Allen e non Ward. Tamén figuraban no informe as declaracións dos oficiais que visitaran a cabana a raíz do incidente do asalto ao camión. Non viron nada particularmente sinistro no doutor Allen, pero xulgábano a figura dominante na sombriza vivenda. A estancia en que tivera lugar a entrevista achábase na penumbra, pero estaban seguros de poder identificalo se volvían velo. Notaran algo

estraño na súa barba e pareceulles ver que tiña unha pequena cicatriz encima do ollo dereito. En canto ao rexistro do cuarto de Allen, non achegara ningún dato concreto á investigación, agás polo achado da barba e as lentes e de varias notas escritas descoidadamente e cuxa caligrafía era idéntica á dos antigos manuscritos de Curwen e ás recentes anotacións do mozo Ward encontradas na desaparecida cripta.

O doutor Willett e o señor Ward sentíronse invadidos por un profundo terror cósmico, sutil e insidioso, ao ouvir a relación daqueles achados, e case tremeron cando unha idea vaga e desatinada os asaltou aos dous ao mesmo tempo. A barba postiza, as lentes, a enguedellada caligrafía de Curwen, o antigo retrato e a diminuta cicatriz, o mozo transformado e cunha cicatriz semellante, a voz profunda e cavernosa que soara alén do fío telefónico... Non era esa voz a que lle recordaba agora ao señor Ward a do seu fillo? Quen vira a Charles e a Allen xuntos? Si, os policías víranos xuntos na cabana, pero, e despois? Non coincidira a desaparición de Allen cos temores de Charles e a súa definitiva instalación na cabana? Curwen, Allen, Ward... En que sacrílega e abominábel fusión caeran dúas épocas e dúas persoas? Aquela semellanza noxenta entre o personaxe do cadro e o mozo Ward, aqueles ollos do lenzo que parecían seguir a Charles por todo o cuarto... Por que Allen e Charles imitaban a caligrafía de Joseph Curwen mesmo cando estaban sós? E logo a espantosa tarefa que levaran a cabo aqueles homes, a desaparecida cripta chea de horrores que fixera avellentar ao médico nunha noite, os monstros famentos encerrados nos pozos fétidos, aquela fórmula terríbel que tan indescritíbeis resultados producira, a mensaxe que Willett atopara no seu peto, os documentos, as cartas, todas as alusións a tumbas, a misteriosos «sales», a descubrimentos... Onde conducía todo aquilo?

Finalmente, o señor Ward tomou a decisión máis prudente. Evitando pensar no que facía, entregou aos detectives unha fotografía para que a mostrasen a todos os comerciantes de Pawtuxet que viran ao misterioso doutor Allen. Era unha instantánea do seu fillo co engadido dunha barba e unhas lentes escuras, como as que utilizara o doutor Allen, debuxadas a pluma.

Durante dúas horas, o señor Ward esperou en compañía do médico naquela casa opresiva. Os detectives regresaron. Si, a fotografía retocada gardaba unha semellanza notábel co doutor Allen. O señor Ward palideceu e Willett secou a fronte húmida co pano. Allen, Ward, Curwen... Que presenza invocara o raparigo e con que resultados para el? Que ocorrera a fin de contas? Quen era aquel Allen que proxectaba asasinar a Charles e por que escribira a súa vítima na postdata daquela angustiada carta que o seu cadáver debía ser disolto en ácido? Por que a mensaxe que Willett atopara no peto dicía exactamente o mesmo? Que proceso de transformación tivera lugar e en que momento se producira a fase final? O día en que o doutor recibira a súa carta, Charles estivera moi nervioso toda a mañá. Logo ocorrera algún cambio. Charles saíra da casa sen ser visto escapando á vixilancia dos homes encargados de protexelo. Foi entón cando debeu suceder o cambio, mentres estivo fóra. Pero non... Seica non gritara de terror ao volver entrar na súa biblioteca? Que atopara alí? Ou, que o atopou a el? Esa figura que tan ousadamente entrara na casa sen que se lle vira abandonar a mansión, non sería unha sombra estraña, un horror disposto a lanzarse sobre un home trémulo que non saíra do seu cuarto? Non ouvira o mordomo uns estraños ruídos?

Willett foi en busca do servente e fíxolle unhas poucas preguntas en voz baixa. Desde logo, fora un asunto moi desagradábel. Si, ouvira

uns ruídos: un berro, un laio e unha serie de estraños renxidos. E o señorito Charles non volvera ser o mesmo desde o momento en que saíra aquel día da biblioteca sen dicir unha soa palabra. O mordomo arreguzábase ao falar do cheiro do ar que chegaba desde o piso de arriba, arrastrado por unha corrente creada por algunha xanela aberta. O terror instalárase definitivamente na mansión. Incluso os detectives estaban inquietos, xa que o caso presentaba algúns aspectos que non lles gustaban no máis mínimo. O doutor Willett pensaba e os seus pensamentos eran terríbeis. De cando en vez case rompía nun murmuro mentres estudaba mentalmente esta nova cadea de acontecementos de pesadelo.

O señor Ward deu por terminada a conferencia e os detectives marcharon. O doutor e o dono da casa quedaron sós no cuarto. Era xa mediodía, pero a mansión parecía envolvida en sombras, como se se achegase a noite. Willett comezou a falar moi seriamente co seu anfitrión, insistindo en que deixase nas súas mans as futuras investigacións. Aínda habían descubrirse, predixo, certos feitos que un amigo podería soportar con maior facilidade que o pai do principal protagonista do caso. Na súa calidade de médico da familia debía dispor dunha absoluta liberdade de movementos e o primeiro que esixía era encerrarse na biblioteca abandonada onde, arredor do panel de madeira que albergara o cadro, se respiraba agora unha aura de terror moito máis intensa que cando estivese alí o retrato de Curwen. Só pedía que non o molestasen.

O señor Ward, aparvado pola crecente complexidade do caso, asentiu de boa gana e media hora despois o doutor estaba encerrado na antiga biblioteca de Charles. O pai deste, que escoitaba desde fóra, ouviu uns raros sons no interior da estancia, seguidos dun chío, como se

acabase de abrirse a porta mal engraxada dun armario. A continuación resoou un berro apagado e a porta que acababa de abrirse pechouse rapidamente. Pouco despois apareceu Willett no corredor, pálido e descomposto. Quería, dixo, un pouco de leña para acender un lume, pois o da estufa non lle abundaba e o aparello eléctrico que había na cheminea non tiña ningún uso práctico. Sen atreverse a formular ningunha pregunta, o señor Ward deu as oportunas ordes a un criado, que subiu ao pouco tempo cunhas pólas de piñeiro, estremecéndose ao entrar no cuarto e substituír pola leña o aparello eléctrico.

Namentres, Willett subira ao laboratorio, de onde baixou ao pouco cargado cunha cesta cuberta por un lenzo e na que colocara unha serie de aparellos e obxectos diversos abandonados alí na mudanza do mes de xullo daquel mesmo ano. Volveu encerrarse o médico na biblioteca e polas nubes de fume que empezaron a elevarse da cheminea, sóubose que acendera o lume. Máis tarde, ouviuse un renxer de papeis de xornal e outro renxido da misteriosa porta, seguido dun golpe que deu moito que pensar aos que escoitaban desde o corredor. Willett proferiu de súpeto un par de berros afogados e a continuación produciuse un chispear que resoou sinistramente no medio do profundo silencio que enchía a mansión. Finalmente comezou a saír pola cheminea un fume espeso e moi acre. Os criados reuníronse nun recuncho, aterrorizados ante aquelas nocivas emanacións, mentres que o señor Ward tremía.

Tras unha longuísima espera, os vapores pareceron aclararse e detrás da porta pechada volveron ouvirse estraños sons, como se o doutor rascase algo e logo varrese o fogar. Por fin, despois de pechar de novo a porta do interior, fose cal fose, Willett fixo a súa aparición, grave, pálido e entristecido, levando a cesta que baixara do laboratorio aínda cuberta cun pano.

Deixara a xanela aberta, e na sinistra estancia entraba agora a embute o ar puro que se mesturaba cun curioso cheiro a desinfectante. O antigo panel de madeira seguía alí, pero parecera perder o seu ar de malignidade e mostrábase sereno e maxestoso como se nunca albergase o retrato de Joseph Curwen. Caían as primeiras sombras da noite, pero esta vez non as acompañaba un terror latente. Máis ben traían con elas unha suave melancolía. O doutor non falou do que fixera. Limitouse a dicir ao señor Ward:

—Non podo contestar a ningunha pregunta. Só direi que existen distintos tipos de maxia. Levei a cabo unha gran purga. A partir de agora, os moradores desta casa poderán durmir moito mellor.

7

A «purga» debeu de ser para o doutor Willett unha proba tan espantosa como o seu percorrido nocturno na arrepiante cripta, a xulgar polo pesar que provocou no ancián médico. Por espazo de tres días non saíu do seu dormitorio, aínda que segundo dixeron logo os criados, a noite do mércores, pouco despois das doce, ouviuse abrirse en silencio a porta da rúa, que volveu pechase despois co mesmo segredo. Por fortuna, a imaxinación dos criados adoita ser limitada, pois doutro xeito poderían relacionar o feito cunha noticia que apareceu no *Evening Bulletin* do xoves e que dicía así:

OS PROFANADORES DE TUMBAS ATACAN DE NOVO

Tras un período de dez meses a partir do último acto de vandalismo rexistrado no Cemiterio Norte, do que fóra obxecto a tumba de Weeden, o vixiante nocturno dese mesmo cemiterio,

Robert Hart, sorprendeu outro roldador. Contra as dúas da madrugada viu brillar unha lanterna na parte norte do camposanto e ao achegarse ao lugar en cuestión viu destacarse claramente contra a luz dun farol próximo a figura dun home que empuñaba unha pa. Lanzouse na súa persecución, pero antes de que puidese darlle alcance, o intruso correra cara á entrada principal perdéndose entre as sombras.

Do mesmo xeito que o primeiro dos profanadores de tumbas sorprendido o ano pasado, este non chegou a causar, polo visto, ningún dano. Nun lugar determinado do terreo que posúe alí a familia Ward, a terra apareceu remexida, pero non pode asegurarse que o descoñecido tratase de cavar unha tumba.

Todo o que pode dicir Hart sobre o intruso é que se trataba dun home de baixa estatura e probabelmente barbudo. En opinión do vixiante os tres actos débense a unha mesma persoa. Non opina do mesmo xeito a policía, baseándose no salvaxismo do segundo incidente, no curso do cal foi roubado un antigo cadaleito e esnaquizada a lápida correspondente.

O primeiro dos incidentes, ao parecer unha tentativa frustrada de enterrar algunha cousa, ocorreu no mes de marzo do ano pasado e atribuíuse entón a contrabandistas de licor na procura dun agocho para o seu alixo. É moi posíbel, afirma o Sarxento Riley, que este terceiro caso sexa de natureza similar. A policía está a despreparar un grande operativo con vistas a identificar os responsábeis destes acontecementos.

Durante todo o xoves, o doutor Willett descansou como se se estivese a recuperar dun esforzo esgotador ou se preparase para unha gran proba.

Pola noite escribiu unha carta ao señor Ward, que chegou a mans deste á mañá seguinte e que o sumiu en profundas meditacións. Non puidera Ward recuperarse da impresión que lle causara o informe dos detectives e a sinistra «purga» da biblioteca, pero aquela misiva, a pesar da desgraza que anunciaba e do misterio que a rodeaba, tróuxolle algo da calma que tanto necesitaba.

10 Barnes St.

Providence, R.I.

12 abril, 1928

Querido Theodore:

Considérome obrigado a avisarte antes de levar a cabo o que vou facer mañá, que porá punto final ao terríbel asunto do que nos viñemos ocupando, pois teño a impresión de que ningunha aixada poderá chegar xamais a ese monstruoso lugar que os dous coñecemos. Sei que a túa mente non achará repouso a menos que che asegure que o que me propoño facer representará o final definitivo de todo este misterio. Coñécesme desde que eras neno, de xeito que me crerás se che digo que hai cousas que é mellor non investigar a fondo. É preferíbel que non volvas pensar no caso de Charles e tamén é indispensábel que non lle digas á súa nai máis do que ela sospeita. Cando eu vaia a visitarte mañá, Charles fuxirá da clínica. Iso é o que todos deben crer. Estaba tolo e escapou. E iso é o que debes dicir aos poucos á súa nai cando deixes de mandarlle as notas mecanografadas que escribías en nome de Charles. Aconsélloche que vaías reunirte con ela en Atlantic City e tomes unhas vacacións. Deus sabe canto as necesitas despois das impresións recibidas, e canto as

necesito eu tamén. Pola miña banda, propóñome pasar unha tempada no sur para acougar e repor forzas. De modo que non me fagas ningunha pregunta cando vaia visitarte. É posíbel que algo saia mal, pero se é así non deixarei de avisarte. Espero que non teña que facelo. A partir de mañá non haberá xa motivo de preocupación, pois Charles estará perfectamente a salvo. Xa o está, máis do que imaxinas. Non debes temer nada con respecto a Allen ou quen queira que sexa. Pertence ao pasado, como o retrato de Joseph Curwen, e cando mañá chame á túa porta podes ter a completa seguridade de que xa non existirá tal persoa. O que escribiu a misteriosa nota tampouco volverá molestarte.

Pero debes prepararte para algo moi triste e preparar tamén a túa esposa. A fuxida de Charles non significa que vaiades recuperalo. Viuse afectado por unha terríbel enfermidade, como tiveches ocasión de apreciar polos cambios físicos e mentais que experimentou, e tes que resignarte a non volver velo. Quédache o consolo de saber que non foi nin un malvado nin un tolo, senón unicamente un raparigo afeccionado ao estudo e excesivamente curioso respecto de materias que encerraban un gran perigo. Descubriu cousas que ningún mortal debe saber e esa foi a súa desgraza.

E agora debo falarche do asunto máis difícil e que esixe que deposites en min toda a túa confianza. Dentro dun ano, se así o desexas, podes dar a todos a versión que prefiras de como morreu Charles, porque el non volverá. Podes tamén facer colocar unha lápida no Cemiterio do Norte, a tres metros de distancia, en dirección oeste, da do teu pai, para sinalar o lugar en que

descansan os restos do teu fillo. As cinzas alí enterradas serán as de Charles Dexter Ward, o que viches crecer, o verdadeiro Charles coa marca olivácea na cadeira e sen o lunar negro no peito nin a cicatriz na cella dereita. O Charles que nunca fixo ningún dano e que pagaría coa súa vida unha curiosidade morbosa. Isto é todo. Charles fuxiu da clínica e dentro dun ano poderás colocar unha lápida sobre o lugar onde repousan as súas cinzas. Non me fagas ningunha pregunta. E ten a seguridade de que a honra da túa familia segue incólume.

Acompáñote no teu sentimento e deséxoches que atopas a fortaleza, a calma e a resignación necesarias para soportar esta desgraza.

O teu sincero amigo

Marinus B. Willett

O venres 13 de abril de 1928, Marinus Bicknell Willett visitou a Charles Dexter Ward no seu cuarto da clínica do doutor Waite, situada na illa de Conanicut. O mozo, aínda que non tratou de rexeitar o visitante, estaba dun humor sombrizo e non se mostrou disposto a falar do tema que Willett desexaba tratar. O descubrimento da cripta facía imposible a normalidade da súa relación e ambos os dous calaron un bo intre despois de intercambiar os saúdos habituais. A tensión aumentou ao descubrir o mozo Ward tras o rostro impassible do doutor unha nova firmeza. O paciente amedrentouse, consciente de que desde o seu último encontro o que fora médico solícito transformárase en vingador implacábel.

Finalmente Willett decidiuse a prender o lume:

—Descubrín algo máis, Charles —dixo—. Algo moi grave.

—Outros animalíños medio mortos de fame? —foi a irónica resposta. Era evidente que o mozo quería mostrarse insolente até o final.

—Non —retrucou Willett lentamente—. Esta vez trátase de algo distinto. Encargamos a uns detectives que fixesen investigacións sobre o doutor Allen e atoparon na cabana unha barba postiza e unhas lentes afumadas.

—Estupendo —dixo o seu interlocutor facendo un esforzo por mostrarse enxeñoso—. Espero que fosen máis favorecedoras que as de vostede.

—A ti sentaríanche moi ben —replicou o doutor—. Mellor dito, todo parece indicar que che sentaban moi ben.

Mentres Willett dicía estas palabras, e aínda que non houbo cambio algún na luz que se reflectía no chan, unha nube pareceu ocultar momentaneamente o sol. Logo Charles falou.

—E por que dá vostede tanta importancia a iso? É que non pode un home disfrazarse se lle resulta útil?

—Desde logo que pode facelo —asentiu o doutor— sempre que teña dereito a existir e sempre que non destrúa a quen lle fixo vir desde máis aló das esferas.

Ward sobresaltouse violentamente.

—Ben, que é o que atopou e que quere de min?

O doutor deixou que transcorresen uns segundos antes de contestar, como se elixise mentalmente as palabras que puidesen constituír unha resposta máis eficaz.

—Atopei —dixo finalmente—, algo oculto tras un panel antigo que servía de marco a un retrato. Queimeino e enterrei as cinzas no lugar onde estará a tumba de Charles Dexter Ward.

O tolo levantouse dun salto da cadeira de brazos en que estaba sentado.

—Non é posíbel! —exclamou— Non é posíbel! Quen llo dixo? E quen cre que vai crelo a vostede se me estiveron vendo durante estes dous meses?

O doutor Willett, aínda que de baixa estatura, adquiriu o porte maxestoso do maxistrado ao acougar o seu paciente cun aceno.

—Non llo dixen a ninguén. Non é este un caso corrente. É dunha tolemia tan inconcibíbel e dun horror tan alleo á nosa realidade que ningún alienista nin xuíz da terra podería crelo. Grazas a Deus aínda me queda unha faísca de imaxinación que me permitiu adiviñar a verdade do sucedido. A min non pode enganarme, Joseph Curwen, porque sei que a súa maxia é auténtica! Sei como preparou o feitizo que perdurou a través dos anos e foi actuar sobre o seu dobre e descendente. Sei como o arrastrou vostede ao pasado e conseguiu que o sacase da súa tumba abominábel. Sei como permaneceu oculto no seu laboratorio mentres se dedicaba ao estudo do saber contemporáneo e saía polas noites ás agachadas. Sei que é vostede o vampiro de que tanto se falou. Sei que máis tarde utilizou a barba e as lentes para que ninguén se abraiase do sorprendente parecido que gardaba co seu descendente. Sei o que decidiu facer cando Charles comezou a reprocharlle o seu monstruoso saqueo de tumbas de todo o mundo, sei que foi o que planeou e sei como levou a cabo os seus plans.

»Desposuíuse da barba e das lentes e enganou os detectives que vixiaban a casa. Creron que o que saía e entraba era el cando en realidade vostede estrangulouno e ocultouno tras o panel de madeira da biblioteca. Pero non se decatou de que non hai dúas mentes iguais. Foi un estúpido, Curwen, ao imaxinar que un simple parecido físico sería

dabondo. Por que non pensou vostede na forma de falar, na voz e na caligrafía? Ao final fracasou. Vostede sabe mellor ca min quen escribiu a mensaxe que atopei no peto, pero debo advertirille que non foi escrito en balde. Hai sacrilexios e abominacións que non poden ser tolerados, e creo que quen escribiu aquelas palabras acabará con Orne e Hutchinson. Un dos dous escribiulle a vostede en certa ocasión: «Non chame á súa presenza a ninguén a quen non poida dominar». Tiña moita razón, Curwen. Non se pode xogar coa natureza a partir de certos límites. Todos os horrores que invocou volveranse contra vostede...

O doutor interrompeuse ante o berro que proferiu o ser que tiña diante. Indefenso, sen armas, e consciente de que calquera acto de violencia atraería a un exército de enfermeiros, Joseph Curwen decidira recorrer ao seu vello aliado. Iniciou unha serie de movementos cabalísticos cos dedos, mentres ouveaba con voz cavernosa as palabras dunha invocación terríbel:

*«PER ADONAI ELOIM, ADONAI JEHOVA, ADONAI
SABAOOTH, METRATON...»*

Pero Willett foi máis rápido ca el. Á vez que os cans da veciñanza comezaban a ouvear e un vento xeado se desataba de súpeto sobre a baía, empezou a recitar a invocación que desde un principio se propuxera utilizar. Ollo por ollo, maxia por maxia. Que o resultado dela demostrase se aprendera as leccións do abismo! Así foi como Marinus Bicknell Willett comezou a recitar a segunda das dúas fórmulas, a oposta a aquela que atraera á súa presenza a figura do autor da misteriosa nota, a críptica invocación encabezada pola Cola de Dragón, signo do nodo descendente:

*«OGTHROD AI'F
GEB'L—EE'H
YOG-SOTHOTH
'NGAH'NG AI'Y
ZHRO!»*

Non ben xurdiu a primeira palabra da boca de Willett, o seu paciente interrompeuse en seco. Incapaz de falar, axitou salvaxemente os brazos até que o abandonaron as forzas. Pero cando comezou o espantoso cambio foi cando resoou no cuarto a palabra Yog-Sothoth. Non foi simplemente unha disolución, senón máis ben unha transformación, unha recapitulación, e o doutor tivo que pechar os ollos para non desmaiarse antes de dar fin á invocación.

Pero Willett non se desmaiou e aquel home de pasado impío e posuidor de segredos prohibidos non volveu xamais turbar o mundo. Aquela tolemia xurdida dun tempo pretérito terminara. O caso de Charles Dexter Ward fechábase. Abriu os ollos Willett antes de abandonar cambaleándose aquel cuarto e puido ver que a memoria non lle traizoara. Tal como predixera, non fora necesario ningún ácido. Porque do mesmo xeito que o seu abominábel retrato un ano antes, Joseph Curwen xacía agora no chan baixo a forma dunha delgada capa de po gris azulado.



Título orixinal:
The Case of Charles Dexter Ward.

Licenza do texto orixinal:
Dominio Público
Licenza da tradución:
CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:
Tomás González Ahola
Revisión:
Urco Editora
Deseño de cuberta:
Denís Fernández Cabrera
Maquetación:
Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2013
1ª edición en ebook: 2020

Edita:
Urco Editora
R/do Avío II, baixo
15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de [Urco Editora](http://www.urcoeditora.com).

Formato eBook diagramado pola [Sacauntos Cooperativa Gráfica](http://www.sacauntos.com) utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. *A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*
2. *O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade*
3. *Nas montañas da loucura*
4. *A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade*
5. *A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo*
6. *Fungos de Yuggoth. Poemas impíos*
7. *Contos do Ciclo do Soño*
8. *A procura soñada de Kadath a Descoñecida*
9. *O terror sobrenatural na literatura*
10. *Alén do muro do soño e outros contos macabros*
11. *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes*
12. *As ratas nas paredes e outras historias de medo*
13. *A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais*
14. *O caso de Charles Dexter Ward*
15. *De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica*



